

# Índice



# ÍNDICE

## PÁXINA

|        |  |     |
|--------|--|-----|
| I.     | INTRODUCCIÓN .....   | 5   |
| II.    | CONTAS ANUAIS A FISCALIZAR .....   | 15  |
| III.   | OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS DA FISCALIZACIÓN .....                       | 21  |
| IV.    | COMPROBACIÓN DA CONTA XERAL DA ADMINISTRACIÓN .....                            | 25  |
| V.     | OBSERVACIÓNS ÁS ÁREAS .....  | 29  |
|        | <i>V.1. Modificacións presupostarias</i>                                       |     |
|        | <i>V.2. Ingresos</i>   |     |
|        | <i>V.3. Gastos:</i>  |     |
|        | V.3.1. Persoal   |     |
|        | V.3.2. En bens correntes e servicios   |     |
|        | V.3.3. Transferencias correntes  |     |
|        | V.3.4. Investimentos reais   |     |
|        | V.3.5. Transferencias de capital   |     |
|        | V.3.6. Endebedamento e gastos financeiros                                      |     |
|        | <i>V.4. Tesourería</i>   |     |
|        | <i>V.5. Operacións extrapresupostarias</i>                                     |     |
|        | <i>V.6. Presupostos pechados</i>   |     |
|        | <i>V.7. Patrimonio</i>   |     |
|        | <i>V.8. Garantías: avais</i>   |     |
|        | <i>V.9. Exercicios futuros</i>   |     |
|        | <i>V.10. Resultado do exercicio</i>  |     |
| VI.    | CONCLUSIÓNS .....  | 153 |
| VII.   | CONSIDERACIÓN FINAL .....  | 159 |
| VIII.  | RECOMENDACIÓNS .....   | 163 |
| IX.    | SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO<br>CONSELLO DE CONTAS .....     | 167 |
| X.     | GLOSARIO .....   | 171 |
| XI.    | ALEGACIÓNS Ó ANTEPROXECTO DE INFORME .....                                     | 175 |
| XII.   | CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS .....   | 423 |
| ANEXOS | .....  | 445 |
|        | <i>A.1. Liquidación do presuposto de gastos por capítulos e seccións</i> ..... | 447 |
|        | <i>A.2. Liquidación do presupuesto de ingresos por capítulos</i> .....         | 451 |
|        | <i>A.3. Contas anuais</i> .....  | 455 |



# **I. Introducción**



## I. INTRODUCCIÓN

A fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 1997, contéplase no programa anual aprobado polo Pleno do Consello de Contas.

De acordo co artigo 4 da Lei 6/85, do 24 de xuño, do Consello de Contas, o ámbito de fiscalización abarca as actividades, programas ou contas que competen á Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

A actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma está sometida ó réxime de presuposto anual e ós principios de control interno, de contabilidade e de unidade de caixa contidos na Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia, Lei 11/92, do 7 de outubro. A regulación dos presupostos do exercicio da Comunidade efectuouse a través da Lei 11/96, do 30 de decembro.

Durante o exercicio fiscalizado realízanse as seguintes transferencias de competencias por parte do Estado:

- Real Decreto 1375/97, do 29 de agosto, do Instituto Nacional de Emprego: traspaso da xestión no ámbito do traballo, o emprego e a formación.
- Real Decreto 1376/97, do 29 de agosto, do Fondo Español de Garantía Agraria: ampliación de medios adscritos ós servizos do Estado traspasados polo Real Decreto do 26 de xaneiro de 1996.
- Real Decreto 1377/97, do 29 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado en materia de buceo.
- Real Decreto 1378/97, do 29 de agosto, ampliación de funcións e servizos traspasados polo Real Decreto do 2 de outubro de 1987, sobre formación profesional náutico-pesqueira.
- Real Decreto 1379/97, do 29 de agosto, traspaso de funcións e servizos do Estado en materia de execución da lexislación sobre produtos de especialidades farmacéuticas.

- Real Decreto 1380/97, do 29 de agosto, traspaso de funcións da Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

A Comunidade Autónoma asumiu e asignou os servizos traspasados mediante os seguintes Decretos:

- Decreto 286/97, do 9 de outubro, de asunción e asignación do traspaso complementario en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.
- Decreto 287/97, do 9 de outubro, asunción e asignación de funcións e servizos traspasados do Estado en materia de buceo e formación profesional náutico-pesqueira.
- Decreto 288/97, do 9 de outubro, asunción e asignación de funcións e servizos traspasados do Estado en materia de execución da lexislación sobre produtos farmacéuticos.
- Decreto 289/97, do 9 de outubro, asunción e asignación do traspaso en materia de xestión no ámbito do traballo, o emprego e a formación.
- Decreto 290/97, do 9 de outubro, asunción e asignación dos servizos traspasados polo Real Decreto do 29 de agosto de 1997, sobre ampliación de medios adscritos ós servizos do Estado traspasados polo Real Decreto do 26 de xaneiro de 1996, do Fondo Español de Garantía Agraria.

A contabilidade da Administración réxese pola Orde do 1 de decembro de 1989, que estableceu o sistema de información contable da Xunta de Galicia denominado Xumco.

Para a fiscalización da Conta Xeral aplicáronse os criterios que recollen os principios e normas de fiscalización do sector Público.

### **I.1. NOVIDADES DA LEI 11/1996, DE PRESUPUESTOS XERAIS**

Segundo a exposición de motivos da Lei, os presupostos para 1997 sitúanse nun período que marcará

de forma crucial o desenvolvemento futuro da Comunidade Autónoma de Galicia. Os retos plantexados en relación coas expectativas de incorporación ás sucesivas fases da Unión Europea conlevan especiais requirimentos de superación dos desequilibrios que afectan á modernización da nosa economía, ós que habería que dar resposta para que poidamos situarnos nas mellores condicións de integración cos países que máis alá dos espazos económicos de nova creación participan desde tempo atrás da nosa identidade cultural máis profunda.

Como instrumento ó servizo da consecución deses obxectivos o presuposto de 1997 pon o seu acento no incentivo da política investidora así como na redución do déficit; obxectivos unicamente conciliables mediante unha orientación restrictiva do gasto corrente, que esixiu sacrificios evidentes, como sen dúbida resulta ser a inalterabilidade das retribucións do persoal, e unha maior racionalización do uso dos recursos públicos.

De acordo con eses criterios, que en todo caso tiveron que respetar o mantemento dos actuais niveis de gastos destinados ás políticas de educación e de protección social, os presupostos xerais da Comunidade Autónoma incorporan nos seus estados de gastos as modificacións que instrumentalizan a consecución dos obxectivos e prioridades propostos.

Á súa vez, o texto articulado da lei introduce diversas novidades, entre as que poden ser destacadas as seguintes:

No título I, “Da aprobación dos presupostos e as súas modificacións”, e coa finalidade de acentuar as esixencias de rigor na execución dos gastos presupostarios, suspéndese durante o ano 1997 a condición de ampliables que de acordo co disposto na Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia se atribúe ós créditos destinados ó pago de produtos farmacéuticos procedentes de recetas médicas. Igualmente amplíase a relación dos supostos ós que se aplica un maior grado de desagregación no referente á vinculación de créditos presupostarios.

Adecuación de créditos, co fin de garanti-lo equilibrio económico-financeiro na execución do presuposto para 1997, os créditos incluídos nos estados de gastos experimentarán os axustes necesarios para acomoda-lo seu importe ó dos recursos, na medida

que estes últimos difiran dos inicialmente previstos no presuposto de ingresos da Comunidade Autónoma.

O Consello da Xunta adoptará, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, os acordos que sexan precisos para dar cumprimento ó previsto no parágrafo anterior.

As modificacións que poidesen efectuarse en virtude do disposto neste artigo serán comunicadas á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos dentro do prazo de 30 días desde a súa autorización.

No título II, “Dos gastos de persoal”, determínase que as retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma, tanto o que presta servizos na Administración xeral como o que o fai nos distintos órganos estatutarios e sociedades públicas, non experimentarán incremento respecto ás do ano 1996. Por outra parte, consígnanse de forma expresa as retribucións que corresponden ós membros do Consello Consultivo, que iniciou as súas actividades ó longo do exercicio anterior, e que tampouco experimentan variación en 1997.

Dentro do título III, “Das operacións financeiras”, amplíase o importe máximo dos avais que poden ser concedidos polo Igape (Instituto Galego de Promoción Económica) durante o ano 1997 como parte das súas actuacións de apoio ás empresas, e determínase o importe dos que a Xunta de Galicia poderá conceder ás sociedades públicas que expresamente se mencionan no artigo 25.

Artigo 25.- Avais.

Con carácter xeral e de conformidade co disposto no artigo 41 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, o importe máximo dos avais que poderán ser concedidos pola Xunta de Galicia durante o ano 1997 será de 2.000 millóns de pesetas.

Con independencia desa cantidade, o Igape poderá conceder avais en contía que non supere en ningún momento un saldo efectivo vixente de 23.000 millóns de pesetas.

Non obstante, por acordo da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos, poderá



autorizarse a ampliación da cantidade fixada para o Igape ata un importe igual ó non utilizado pola Xunta, sen que en ningún caso o saldo efectivo vi-xente do conxunto dos avais que por este artigo se autorizan poida superar a cifra de 25.000 millóns de pesetas.

Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia poderá conceder tamén avais a Sogama (Sociedade galega de medio ambiente) ata un importe máximo de 6.000 millóns de pesetas. Igualmente, con destino á sociedade pública prevista na disposición adicional duodécima, poderán concederse avais ata un importe máximo de 4.000 millóns de pesetas. En ámbolos dous casos poderá converterse a renuncia ó beneficio de excusión previsto no artigo 1.830 do Código Civil.

#### Artigo 26.- Información ó Parlamento.

O Goberno remitirá trimestralmente ó Parlamento a información necesaria para coñecer a lista de avais amortizados, a lista de pagos efectuados por fallidos, a lista de importes recuperados e o risco acumulado. Esta información darase para tódolos avais que se dean ou se teñan dado desde a Administración da Xunta de Galicia ou dos seus organismos autónomos e entes públicos.

#### Artigo 27.- Operacións de crédito.

Un.- De acordo co previsto no artigo 32 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, a variación da posición neta debedora da Comunidade Autónoma ó final do exercicio de 1997 non poderá exceder de 27.600 millóns de pesetas.

Dous.- Autorízase ó Instituto Galego da Vivenda e Solo a concertar con entidades financeiras préstamos hipotecarios subrogables con destino á financiación de actuacións en materia de vivenda e solo, non podendo establecerse ningún tipo de cláusula da que se derive responsabilidade por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo unha vez realizada a subrogación.

O importe dos créditos hipotecarios vivos en 1997 non poderá superar en ningún caso os 4.000 millóns de pesetas.

Para a súa instrumentación será preciso informe favorable da Consellería de Economía e Facenda.

Tres.- Trimestralmente informarase á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos das operacións realizadas dentro do programa de endebedamento da Xunta para o exercicio.

#### Artigo 28.- Débeda da Tesourería.

O Consello da Xunta, a proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de tesourería, durante o exercicio de 1997, de acordo co disposto no artigo 31 da Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia, ata un importe que non supere o 15% da consignación que figura nos presupostos como ingresos correntes incondicionados.

#### Artigo 29.- Endebedamento dos organismos autónomos e sociedades públicas.

Un.- Durante o exercicio de 1997 os organismos autónomos e sociedades públicas da Comunidade Autónoma poderán concertar operacións para atender necesidades transitorias de tesourería, con prazo de reembolso inferior a un ano, cun límite máximo do 10% da súa previsión inicial de ingresos correntes ou de explotación. A superación deste límite deberá ser autorizada polo conselleiro de Economía e Facenda.

Dos.- En ningún caso poderán concertarse sen autorización previa do conselleiro de Economía e Facenda operacións que impliquen a superación da variación de pasivos establecida nos presupostos iniciais dos organismos autónomos e sociedades públicas da Comunidade Autónoma.

Destas autorizacións darase conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

Tres.- En todo caso as disposicións das operacións financeiras previstas neste artigo deberán ser comunicadas á Consellería de Economía e Facenda no prazo máximo de un mes.

No título IV, "Normas tributarias", elévanse os tipos das taxas de contía fixa e modifícanse diversos artigos do Decreto legislativo 1/1992, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das ba-

ses contidas no capítulo III do título II da lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre esas modificacións inclúense as necesarias para levar a cabo a adaptación ás directivas comunitarias en materia de taxas a percibir polas inspeccións e controis sanitarios de carnes frescas, entre outras.

No título V, “Da xestión presupostaria”, introdúcese a posibilidade de que a Administración autonómica acorde a compensación de débedas coas corporacións locais. Asimesmo, e como mecanismo de control financeiro, establécese para as sociedades públicas a obriga de remitir á Consellería de Economía e Facenda a información económico-financieira derivada da súa actividade.

Introdúcese un novo título VI, “Da xestión recadatoria”, para regular a xestión que nesa materia corresponde á Facenda pública da Comunidade Autónoma, así como os órganos ós que se encomenda e o persoal que deberá realizala.

Entre as disposicións adicionais destaca a que autoriza ó Consello da Xunta para constituir unha sociedade pública das previstas no artigo 12.1.a) da Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia, coa finalidade de proxectar, construír, conservar e explotar toda clase de infraestruturas promovidas pola Administración autonómica. Noutras disposicións aparecen recollidas modificacións que afectan ó artigo 52 da Lei da función pública de Galicia, fixando un novo suposto de pase á situación de servizos especiais, e á Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma.

## **I.2. PRESUPOSTOS EN CIFRAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

Os gastos consolidados dos presupostos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, distribúense en:

U.M.: Miles de pesetas

| <b>ORGANISMO</b>                             | <b>CAP. I-VII GASTOS<br/>NON FINANCEIROS</b> | <b>CAP. VIII ACTIVOS<br/>FINANCEIROS</b> | <b>CAP. IX PASIVOS<br/>FINANCEIROS</b> | <b>TOTAL</b>       |
|--|--|--|--|--------------------|
| Admón. Xral. da C.A.                         | 541.209.835                                  | 3.974.070                                | 20.404.809                             | 565.588.714        |
| OO.AA. Administrativos                       | 286.037.345                                  | 165.000                                  |  | 286.202.345        |
| OO.AA. Comerciais, Industriais e financeiros | 17.867.053                                   | 393.000                                  |  | 18.260.053         |
| <b>TOTAL</b>                                 | <b>845.114.233</b>                           | <b>4.532.070</b>                         | <b>20.404.809</b>                      | <b>870.051.112</b> |

As transferencias internas entre os presupostos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, desglósanse en:

U.M.: Miles de pesetas

| <b>DESTINO:</b>                              |                                |                                   |   |                   |
|--|--------------------------------|-----------------------------------|---|-------------------|
| <b>ORGANISMO</b>                             | <b>COMUNIDADE<br/>AUTÓNOMA</b> | <b>OO.AA.<br/>ADMINISTRATIVOS</b> | <b>OO.AA. COMERCIAIS,<br/>INDUSTRIAIS<br/>E FINANCEIROS</b> | <b>TOTAL</b>      |
| Admón. Xral. da C.A.                         |                                | 20.173.521                        | 8.329.419   | <b>28.502.940</b> |
| OO.AA. Administrativos                       |                                |                                   |   |                   |
| OO.AA. Comerciais, Industriais e financeiros |                                |                                   |   |                   |
| <b>TOTAL</b>                                 |                                | <b>20.173.521</b>                 | <b>8.329.419</b>  | <b>28.502.940</b> |

Os créditos por funcións quedaron establecidos da seguinte maneira:

U.M.: Miles de pesetas

| FUNCIONES  | IMPORTE            |
|--|--------------------|
| 11 Alta dirección da Comunidade Autónoma                   | 3.481.143          |
| 12 Administración xeral                                    | 12.961.239         |
| 21 Seguridade Social e protección social                   | 37.193.068         |
| 22 Promoción social  | 21.727.876         |
| 23 Protección civil e seguridade                           | 1.751.998          |
| 31 Sanidade  | 277.629.206        |
| 32 Educación   | 190.746.978        |
| 33 Vivenda e urbanismo                                     | 20.045.055         |
| 34 Benestar comunitario                                    | 11.291.453         |
| 35 Cultura   | 15.918.598         |
| 36 Outros servicios comunitarios e sociais                 | 11.124.716         |
| 41 Infraestrutura básica e do transporte                   | 33.232.154         |
| 42 Outras infraestructuras                                 | 14.130.283         |
| 43 Investigación científica, técnica e aplicada            | 4.054.679          |
| 44 Información estatística básica                          | 583.059            |
| 51 Actuacións económicas xerais                            | 2.470.407          |
| 52 Comercio  | 1.939.826          |
| 53 Actividades financeiras                                 | 5.299.576          |
| 61 Agricultura, gandería e pesca                           | 35.076.563         |
| 62 Industria   | 1.399.723          |
| 63 Enerxía   | 4.907.750          |
| 64 Minería   | 80.000             |
| 65 Turismo   | 3.025.752          |
| 71 Industrialización e reordenación industrial             | 15.938.513         |
| 72 Desenvolvemento empresarial                             | 1.075.635          |
| 73 Mellora da competitividade en grupos de interese galego | 8.009.625          |
| 81 Transferencias a entidades locais                       | 78.467.908         |
| 91 Débeda pública  | 56.488.309         |
| <b>TOTAL</b>   | <b>870.051.112</b> |

A clasificación orgánica e económica do presuposto consolidado foi como segue:

U.M.: Miles de pesetas

| SECCIÓN                                 | CAP. I             | CAP. II            | CAP. III          | CAP. IV            | CAP. VI            | CAP. VII          | CAP. VIII        | CAP. IX           | TOTAL              |
|---|--------------------|--------------------|-------------------|--------------------|--------------------|-------------------|------------------|-------------------|--------------------|
| Parlamento                              | 1.010.675          | 502.800            |                   | 168.000            | 92.000             | 12.000            | 13.500           |                   | 1.798.975          |
| Consello de Contas                      | 462.671            | 119.325            |                   | 600                | 34.000             | 5.000             | 5.000            |                   | 626.596            |
| Consello da Cultura Galega              | 37.000             | 169.122            |                   | 15.000             | 3.500              |                   |                  |                   | 224.622            |
| Presidencia e Admón. Pública            | 3.912.304          | 2.040.293          |                   | 2.628.219          | 4.276.271          | 1.736.529         |                  |                   | 14.593.616         |
| Economía e Facenda                      | 3.025.018          | 586.721            |                   | 1.252.059          | 1.695.154          | 11.840.305        | 50.000           |                   | 18.449.257         |
| Polít. Terr., O.P. e Vivenda            | 2.986.446          | 287.602            |                   | 1.773.252          | 21.381.000         | 23.026.000        | 900.000          |                   | 50.354.300         |
| Educación e Ord. Universitaria          | 126.697.434        | 15.344.648         |                   | 48.119.765         | 12.030.450         | 3.236.500         | 4.000            |                   | 205.432.797        |
| Industria e Comercio                    | 1.302.977          | 223.443            |                   | 743.003            | 546.760            | 11.348.368        | 954.890          |                   | 15.119.441         |
| Agricultura, Gandería e Montes          | 9.833.204          | 894.874            |                   | 469.306            | 15.594.437         | 21.860.131        | 686.680          |                   | 49.338.632         |
| Cultura e Comunicación Social           | 2.359.988          | 1.026.343          |                   | 10.020.131         | 4.246.000          | 3.340.000         | 610.000          |                   | 21.602.462         |
| Sanidade e Servicios Sociais            | 7.469.848          | 4.250.795          |                   | 23.311.452         | 3.864.520          | 878.480           |                  |                   | 39.775.095         |
| Pesca, Marisqueo e Acuicultura          | 2.920.654          | 577.661            |                   | 247.443            | 3.349.252          | 10.463.595        |                  |                   | 17.558.605         |
| Xustiza, Interior e Rel. Laborais       | 2.146.952          | 1.525.120          |                   | 1.526.689          | 1.269.000          | 817.000           |                  |                   | 7.284.761          |
| Familia, Muller e Xuventude             | 4.671.021          | 3.128.490          |                   | 9.975.553          | 742.000            | 395.000           |                  |                   | 18.912.064         |
| Consello Consultivo de Galicia          | 155.642            | 26.950             |                   |                    | 46.440             |                   |                  |                   | 229.032            |
| Transferencias a CC.LL.                 |                    |                    |                   | 74.061.000         |                    |                   |                  |                   | 74.061.000         |
| Débeda Pública                          |                    |                    | 36.083.500        |                    |                    |                   |                  | 20.404.809        | 56.488.309         |
| Gastos diversas consellerías            | 926.000            | 566.090            |                   |                    |                    |                   | 750.000          |                   | 2.242.090          |
| <b>TOTAL ADMÓN. XERAL</b>               | <b>169.917.834</b> | <b>31.270.277</b>  | <b>36.083.500</b> | <b>174.311.472</b> | <b>69.170.784</b>  | <b>88.958.908</b> | <b>3.974.070</b> | <b>20.404.809</b> | <b>594.091.654</b> |
| Escola Galega Admón. Pública            | 112.919            | 272.861            |                   | 21.480             | 7.000              |                   |                  |                   | 414.260            |
| Instituto Galego de Estatística         | 282.051            | 33.608             |                   | 3.400              | 264.000            |                   |                  |                   | 583.059            |
| Augas de Galicia                        | 592.466            | 130.000            |                   |                    | 9.613.000          | 366.000           |                  |                   | 10.701.466         |
| Instituto Galego de Consumo             | 406.163            | 34.576             |                   | 66.864             | 154.000            |                   |                  |                   | 661.603            |
| Servicio Galego de Saúde                | 127.287.229        | 68.687.846         |                   | 60.594.300         | 16.243.729         | 150.000           | 165.000          |                   | 273.128.104        |
| Academia Galega de Seguridade Segapihom | 41.595             | 110.687            |                   |                    |                    |                   |                  |                   | 152.282            |
| Segapihom                               | 85.772             | 47.614             |                   | 428.185            |                    |                   |                  |                   | 561.571            |
| Inst. Galego de Vivenda e Solo          | 901.946            | 315.988            | 10.000            |                    | 8.386.066          | 7.330.968         | 393.000          |                   | 17.337.968         |
| Inst. Lácteo e Gandeiro de Galicia      | 117.912            | 36.721             |                   |                    | 104.400            |                   |                  |                   | 259.033            |
| Inst. Gal. Artes Esc. e Musicais        | 181.350            | 95.630             |                   | 100.000            | 286.072            |                   |                  |                   | 663.052            |
| <b>TOTAL OO.AA.</b>                     | <b>130.009.403</b> | <b>69.765.531</b>  | <b>10.000</b>     | <b>61.214.229</b>  | <b>35.058.267</b>  | <b>7.846.968</b>  | <b>558.000</b>   |                   | <b>304.462.398</b> |
| <b>TOTAL PTO. BRUTO</b>                 | <b>299.927.237</b> | <b>101.035.808</b> | <b>36.093.500</b> | <b>235.525.701</b> | <b>104.229.051</b> | <b>96.805.876</b> | <b>4.532.070</b> | <b>20.404.809</b> | <b>898.554.052</b> |
| <b>TOTAL TRANSF. INTER.</b>             | <b>299.927.237</b> | <b>101.035.808</b> | <b>36.093.500</b> | <b>11.532.968</b>  | <b>104.229.051</b> | <b>16.969.972</b> | <b>4.532.070</b> | <b>20.404.809</b> | <b>28.502.940</b>  |
| <b>TOTAL PTO. CONSOLIDADO</b>           |                    |                    |                   | <b>223.992.733</b> |                    | <b>79.835.904</b> |                  |                   | <b>870.051.112</b> |

Os estados de ingresos dos presupostos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e os dos seus organismos autónomos recollen as

estimacións dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio, distribuídos da seguinte forma:

U.M.: Miles de pesetas

| ORGANISMO                                    | CAP. I-VII INGRESOS<br>NON FINANCEIROS | CAP. VIII ACTIVOS<br>FINANCEIROS | CAP. IX PASIVOS<br>FINANCEIROS | TOTAL              |
|--|--|----------------------------------|--------------------------------|--------------------|
| Comunidadee Autónoma                         | 517.581.905                            | 2.000                            | 48.004.809                     | 565.588.714        |
| OO.AA. Administrativos                       | 286.202.345                            |                                  |                                | 286.202.345        |
| OO.AA. Comerciais, industriais e financeiros | 18.250.053                             | 10.000                           |                                | 18.260.053         |
| <b>TOTAL</b>                                 | <b>822.034.303</b>                     | <b>12.000</b>                    | <b>48.004.809</b>              | <b>870.051.112</b> |

Os presupostos das sociedades mercantís, dotacións concedidas e recursos estimados desglánsanse:

U.M.: Miles de pesetas

| <b>SOCIEDADES MERCANTÍS</b>                               | <b>DOTACIÓNS</b>      | <b>RECURSOS</b>       |
|---|-----------------------|-----------------------|
| Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.                  | 7.610.000.000         | 7.610.000.000         |
| Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. | 1.377.000.000         | 1.377.000.000         |
| Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.                     | 5.446.000.000         | 5.446.000.000         |
| Xestión Urbanística de Lugo, S.A.                         | 404.000.000           | 404.000.000           |
| Xestión Urbanística de Ourense, S.A.                      | 609.000.000           | 609.000.000           |
| Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.                   | 344.000.000           | 344.000.000           |
| S.A. de Xestión do Plan Xacobeo                           | 1.205.000.000         | 1.205.000.000         |
| S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia  | 411.000.000           | 411.000.000           |
| Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia      | 383.000.000           | 383.000.000           |
| Galiol, S.A.  | 136.000.000           | 136.000.000           |
| Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.                | 2.213.000.000         | 2.213.000.000         |
| Galicia Calidade, S.A.                                    | 51.000.000            | 51.000.000            |
| S.A. para o Desenvolvemento Industrial de Galicia         | 1.611.000.000         | 1.611.000.000         |
| Xestión Enerxética de Galicia, S.A.                       | 228.000.000           | 228.000.000           |
| Centro Europeo de Empresas e Innovacións de Galicia, S.A. | 104.000.000           | 104.000.000           |
| <b>TOTAL</b>  | <b>22.132.000.000</b> | <b>22.132.000.000</b> |

Os estados de gastos e ingresos dos restantes entes públicos, quedan establecidos como segue:

U.M.: Miles de pesetas

| <b>ENTIDADES PÚBLICAS</b>                            | <b>INGRESOS</b>       | <b>GASTOS</b>         |
|--|-----------------------|-----------------------|
| Compañía de Radio-Televisión de Galicia e sociedades | 14.360.000.000        | 14.360.000.000        |
| Instituto Galego de Promoción Económica              | 9.532.000.000         | 9.532.000.000         |
| Fundación Pública Hospital de Verín                  | 1.358.000.000         | 1.358.000.000         |
| Portos de Galicia                                    | 4.149.000.000         | 4.149.000.000         |
| Obras e Servicios Hidráulicos                        | 220.000.000           | 220.000.000           |
| Consello Económico e Social                          | 132.000.000           | 132.000.000           |
| Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía           | 216.000.000           | 216.000.000           |
| <b>TOTAL</b>   | <b>29.967.000.000</b> | <b>29.967.000.000</b> |

### **I.3. TRABALLO REALIZADO E METODOLOXÍA APLICADA:**

Para a fiscalización da Conta Xeral da Administración do exercicio 1997 aplicáronse os criterios que recollen os principios e normas de fiscalización do sector público.

O traballo levouse a cabo mediante a aplicación das técnicas e procedementos habituais de fiscalización e consistiu, polo tanto, na realización de probas mostrais, revisión dos procedementos administrativos, de control interno e exame dos documentos, dos rexistros e dos antecedentes que se consideraron necesarios en cada caso, de acordo coa planificación presentada no seu momento ó Parlamento de Galicia, na que se recollen os obxectivos a alcanzar.

Os feitos, conclusións e recomendacións que se describen no presente informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración baseanse nas evidencias obtidas mediante o exame da documentación, rendida pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia ó Consello de Contas, así como daquela outra complementaria xustificativa que se considerou necesaria para pronunciarse sobre a xestión realizada pola Administración de conformidade coa programación.

Co obxecto de facilita-la súa análise, as cifras que se expresan no informe redondeáronse en xeral en millóns de pesetas, por este motivo poden producirse desviacións, positivas ou negativas respecto ás cifras recollidas na liquidación presupostaria expresada en pesetas.



## **II. Contas anuais a fiscalizar**





## II. CONTAS ANUAIS A FISCALIZAR

### a) Criterios de presentación:

A presentación da Conta Xeral da C.A. para 1997, realizouse dentro do prazo establecido polo artigo 121 da lei 11/92, con idénticos criterios que as inmediatas anteriores.

A correspondente á Administración Xeral, baixo principios presupostarios, formouse co detalle dos créditos ordenados por criterios económicos (capítulos), orgánicos (seccións) e funcionais (por funcións e programas).

Cos estados que compoñen a Conta Xeral, os seus xustificantes figuran clasificados por seccións, desenvolvéndose as anotacións contables por orde cronolóxica segundo o diario de operacións.

### b) Elaboración e presentación dos programas:

O total de gastos da C.A. para 1997 está desglosado en 107 programas, que configuran o presuposto anual.

A vinculación de créditos en 1997 mantívose dentro das normas recollidas ó respecto polo artigo 56 da Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, e as recollidas no artigo 5 da Lei 11/1996, de presupostos da Comunidade Autónoma.

En definitiva a vinculación, queda referida a nivel de concepto con carácter xeral, salvo os gastos de persoal, excepto os de incentivos ó rendemento e os bens correntes e servicios, que o foron a nivel de artigo.

Considerándose vinculantes, co grado de desagregación que a continuación se indica, os seguintes créditos:

130.02.- Outros pluses de persoal laboral.

202.00.- Arrendamento de edificios e outras construcións.

220.03.- Diario Oficial de Galicia.

223.08.- Transporte escolar.

226.01.- Atencións protocolarias e representativas.

226.02.- Publicidade e propaganda.

226.06.- Reunións e conferencias.

226.09.- Outros.

226.13.- Gastos de funcionamento de tribunais de oposicións e de probas selectivas.

227.06.- Estudos e traballos técnicos.

230.- Dietas.

231.- Locomoción.

233.- Outras indemnizacións.

Terán carácter vinculante, co nivel de desagregación económica co que aparezan nos estados de gastos, os declarados como ampliables.

### c) Sistema contable:

De acordo co artigo 109 da Lei 11/1992, a Administración da Comunidade Autónoma está sometida ó réxime de contabilidade pública, o que comporta a obriga de render contas das respectivas operacións e transaccións económicas calquera que sexa a súa natureza ós órganos de control externo.

O sistema contable da Xunta de Galicia está regulado pola orde do 1 de decembro de 1989, modificada parcialmente pola orde do 31 de maio de 1994.

Este sistema, en xeral, permite o rexistro razoablemente eficaz da actividade económica e financeira da Xunta.

O carácter de plan marco para tódalas administracións públicas recollido na orde do 6 de maio de 1994, do Ministerio de Economía e Facenda, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública, fai preciso a adaptación ó citado plan por parte da Comunidade Autónoma, co obxectivo de realízala normalización contable.

Debido á preponderancia das normas que regulan a contabilidade presupostaria sobre a contabilidade financeira, esta última é unha mera traslación das

interpretacións e rexistros da contabilidade presupostaria.

Esta nova información consta dos seguintes documentos:

Asento de apertura.

Balances de comprobación trimestrais.

Operacións de regularización.

Asento de peche.

Balance de situación a 31-12-97.

Esta integración, por imperativo legal, realízase desde unha óptica presupostaria, o que condiciona a interpretación de determinados feitos.

#### **d) Control interno**

O exercicio do control interno da Administración Xeral da Xunta de Galicia realízase pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, baixo as dúas modalidades establecidas no artigo 94 da Lei de réxime financeiro e presupostario:

1. Función interventora que ten por obxecto controlar tódolos actos, documentos ou expedientes da Comunidade dos que poideran derivarse dereitos e obrigas de contido económico, así como os ingresos e pagos que deles se deriven e en xeral, a recadación, investimento ou aplicación de fondos públicos, co fin de asegurar que a xestión dos órganos controlados se axuste ás disposicións aplicables a cada caso. Materialízase a través da intervención previa, intervención formal do ordenamento de pago, intervención material do pago, e a intervención da aplicación das cantidades destinadas a obras, subministracións, adquisicións e servicios, que comprenderá o exame documental e no seu caso a comprobación material.

No ámbito da función interventora cabe distinguir dúas modalidades, a de réxime ordinario e a de réxime especial de fiscalización limitada previa. Sobre ésta última rexe o establecido no artigo 97.2 da Lei 11/1992, é dicir, que a intervención se limita a comprobar determinados as-

pectos dos expedientes, para que, posteriormente, se realice unha fiscalización plena sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á fiscalización, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.

Son obxecto de fiscalización limitada previa as seguintes materias: contratación de obras, de subministracións, de asistencia con empresas consultoras ou de servicios, de traballos específicos e concretos non habituais, retribucións, subvencións, indemnizacións, contratos patrimoniais, convenios, prestación económica da Seguridade Social e outras prestacións sociais xestionadas pola Comunidade Autónoma.

2. O control financeiro exercido pola Intervención Xeral de conformidade co previsto en cada caso e na forma que regulamentariamente se establece respecto ós servicios da Comunidade, para comprobar o seu adecuado funcionamento tanto no aspecto organizativo como o económico-financiero. Así mesmo exercerase respecto ós suxeitos físicos e xurídicos por razón das subvencións, créditos, avais e demais axudas da comunidade concedidas con cargo ós presupostos xerais.

#### **e) Documentación:**

A Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, no artigo 118 recolle as operacións e documentos que debe comprender a Conta Xeral.

Os estados e documentos que forman a Conta da Administración da C.A. detállase no artigo 119.

Dentro do prazo establecido para a súa presentación, o 28 de outubro de 1998, tivo entrada no Consello de Contas, a Conta Xeral da C.A. de 1997, formada polos seguintes documentos:

- Informe-Memoria da Conta Xeral.
- Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma.

- Conta Xeral da Administración do Sergas.
- Conta Xeral dos Organismos Autónomos de carácter Administrativo.
- Conta Xeral dos Organismos Autónomos de carácter industrial, comercial, financeiro ou análogos.
- Conta das Sociedades Públicas e demais Entes Públicos.
- Conta Xeral do Patrimonio da Comunidade.
- Anexos dos Expedientes de Modificacións Presupostarias no exercicio por seccións presupostarias.
- Relación de Acredores das seccións presupostarias.
- Relación de Acredores da Ordenación de Pagos.
- Relación de Acredores do Tesouro.
- Relación de Acredores e Debedores Extra-presupostarios.
- Estado de Depósitos e fianzas pendentes de cancelar a 31 de decembro de 1997 da Central Contable.
- Relación de Acredores das seccións presupostarias correspondentes ó Sergas.
- Relación de Acredores da Ordenación de Pagos correspondentes ó Sergas.
- Diarios de operacións das seccións presupostarias da Administración Xeral.
- Diarios de operacións das seccións presupostarias do Sergas.
- Estados maiores por aplicacións presupostarias do exercicio corrente das distintas seccións da Administración Xeral.
- Estados maiores por aplicacións das seccións presupostarias do Sergas.
- Estado maior por aplicacións presupostarias de exercicios anteriores da Administración Xeral.
- Estado maior por aplicacións presupostarias de exercicios anteriores do Sergas.
- Estado maior por aplicacións presupostarias de exercicios futuros da Administración Xeral.
- Estado maior por aplicacións presupostarias correspondentes a exercicios futuros. Sergas.

**f) Colaboración:**

Para realiza-la fiscalización da Conta Xeral do exercicio 1997, contouse coa colaboración por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como dos órganos xestores afectados pola revisión.



### **III. Obxectivos, alcance e limitacións** **da fiscalización**



### III. OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS DA FISCALIZACIÓN

#### Obxectivos

De acordo co establecido na Lei 6/85, reguladora do Consello de Contas de Galicia, no seu artigo 20, establécense os seguintes obxectivos:

- Observancia da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia, das leis reguladoras dos ingresos e gastos do Sector Público de Galicia e, en xeral, das normas que afectan á actividade económico-financeira e contable do mesmo.
- Cumprimento das previsións e da execución dos Presupostos da Comunidade Autónoma e demais entidades suxeitas á súa fiscalización.
- Racionalidade na execución do gasto público baseada en criterios de eficacia e economía.
- Execución dos programas de actuación, investimentos e financiación, demais plans e previsións que rexen a actividade das empresas públicas, das empresas vinculadas á Comunidade Autónoma, así como o emprego ou aplicación de subvencións con cargo ó presuposto da Comunidade Autónoma e das exencións fiscais directas e persoais concedidas.

Do cal, obterase evidencia para poder pronunciarse e expresar as recomendacións que se consideren convenientes para mellora-la xestión económico-financeira do sector público de Galicia.

#### Alcance

A fiscalización realizouse de acordo coas normas e os procedementos técnicos necesarios para alcanzar os obxectivos indicados.

Comprende a actividade realizada pola Administración autonómica de acordo cos artigos 2.a) e 4 da Lei 6/85, é dicir:

Fiscaliza-la actividade económico-financeira da Administración Xeral da Xunta de Galicia, velando para que se axuste ó ordenamento xurídico e ó principio de racionalidade, determinada por criterios de eficacia e economía.

Fiscaliza-las subvencións, os créditos e ayudas con cargo ós presupostos da Administración, así como os avais e exencións fiscais concedidas.

Fiscaliza-los contratos celebrados pola Administración autonómica.

Fiscaliza-la situación e as variacións de patrimonio da Comunidade.

Fiscaliza-las diversas figuras modificativas do presuposto.

#### Limitacións

O estudio dos programas presupostarios viuse limitado á súa execución presupostaria, posto que non se dispuxo de indicadores adecuadamente valorados en unidades físicas e monetarias que permitiran establece-las desviacións entre o previsto e o real, determinando a medida de execución dos programas e os seus obxectivos.

O remanente de tesourería non distingue o afectado do non afectado.

Non se puido dispoñer do inventario de bens mobles.

Aval: expediente en vigor a 31-12-97.





# **IV Comprobación da Conta Xeral** **da Administración**



#### **IV. COMPROBACIÓN DA CONTA XERAL DA ADMINISTRACIÓN**

A revisión da documentación da que consta permite determinar que a Conta Xeral da Administración contén:

Tódolos requisitos formais e toda a información esixible.

Que se cumpriron as normas legais aplicables, en especial a Lei 11/96, anual de presupostos.

As cifras contidas na Conta Xeral están xustificadas suficientemente.

A documentación complementaria contén información sobre:

- Liquidación do Presuposto do exercicio.
- Situación de dereitos a cobrar e obrigas de exercicios anteriores.
- Tesourería: detalles de contas correntes, acta de arqueo, conciliacións e movemento anual.

- Relación de mandamentos de pagos e ingresos.
- Débeda Pública e Avais.
- Relación de Debedores e Acredores ó final do exercicio.
- Relación de créditos que se anulan ou incorporan ó final do exercicio.
- Estado de compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros.
- Operacións extrapresupostarias.

Normas legais: lei de presupostos, normas e circulares relativas á formación e peche da Conta da Liquidación.

Realizadas as operacións aritméticas oportunas, non se puxo de manifesto observación algunha.



## **V Observacións ás áreas**



## ÍNDICE

|   |     |
|---|-----|
| V.1. MODIFICACIÓNS PRESUPOSTARIAS .....         | 33  |
| V.2. INGRESOS .....                             | 39  |
| V.3. GASTOS: .....                              | 45  |
| V.3.1. Persoal .....                            | 47  |
| V.3.2. En bens correntes e servicios .....      | 55  |
| V.3.3. Transferencias correntes .....           | 59  |
| V.3.4. Investimentos reais .....                | 86  |
| V.3.5. Transferencias de capital .....          | 100 |
| V.3.6. Endebedamento e gastos financeiros ..... | 119 |
| V.4. TESOURERÍA .....                           | 127 |
| V.5. OPERACIÓNS EXTRAPRESUPOSTARIAS .....       | 130 |
| V.6. PRESUPOSTOS PECHADOS .....                 | 135 |
| V.7. PATRIMONIO .....                           | 138 |
| V.8. GARANTÍAS: AVAIS .....                     | 145 |
| V.9. EXERCICIOS FUTUROS .....                   | 146 |
| V.10. RESULTADO DO EXERCICIO .....              | 150 |





## V. OBSERVACIÓNS ÁS ÁREAS

### V.1. MODIFICACIÓNS PRESUPOSTARIAS

A.- Normativa aplicable:

Ás modificacións presupostarias tramitadas pola Administración da Comunidade Autónoma sonlle de aplicación, con carácter fundamental as normas seguintes:

- Constitución española de 1978 (artigos 9 apartados 1 e 3, 31.2 e 149.3).
- Lei Orgánica 1/81, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 53).
- Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia para 1997 (Capítulo II do Título I: artigos 4-8).
- Orde do 3-I-89, da Consellería de Economía e Facenda sobre documentación e tramitación de expedientes de modificación presupostaria.
- Orde do 16-VII-96, da Consellería de Economía e Facenda, sobre desenvolvemento da xestión presupostaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.
- Circular 1/90 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

De acordo co artigo 149.3 da Constitución é aplicable, con carácter supletorio, a normativa estatal dentro da cal é especialmente reseñable:

- Texto refundido da Lei xeral presupostaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1091/88, do 23 de setembro (artigos 59-73).
- Orde Ministerial do 22 de febreiro de 1982, sobre documentación e tramitación dos expedientes de modificacións.

B.- Análise financeira:

Durante 1997 tramitáronse modificacións presupostarias por importe de 52.580 millóns de pesetas, é dicir, o 8,85% dos créditos iniciais do presuposto da Administración Xeral autorizada pola Lei 11/96, do 30 de decembro (594.092 millóns de pesetas).

En termos de evolución temporal, como en exercicios anteriores, continúa observándose unha tendencia ascendente, tanto dende o punto de vista da contía como do número de expedientes de modificacións presupostarias tramitados.

A relación: importe total de modificacións/importe total de créditos iniciais, presenta a evolución seguinte, en termos porcentuais:

| <b>1994</b> | <b>1995</b> | <b>1996</b> | <b>1997</b> |
|-------------|-------------|-------------|-------------|
| 4,39        | 6,77        | 8,74        | 8,85        |

Os importes, por tipos de modificación presupostaria, dos dous últimos exercicios fiscalizados e as porcentaxes sobre o total de modificacións de cada unha delas, é:

U. M.: Millóns de pesetas

| TIPO MODIFICACIÓN         | IMPORTE       |               | % SOBRE TOTAL |               |
|---------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
|                           | 1996          | 1997          | 1996          | 1997          |
| Créditos extraordinarios  | 0             | 1.071         | 0,00          | 2,04          |
| Suplementos de crédito    | 0             | 0             | 0,00          | 0,00          |
| Ampliacións de crédito    | 4.388         | 6.553         | 8,94          | 12,46         |
| Transferencias de crédito | ± 48.816      | ± 29.893      | ± 99,56       | ± 56,85       |
| Incorporacións de crédito | 25.822        | 28.656        | 52,66         | 54,50         |
| Xeracións de crédito      | 18.869        | 16.304        | 38,48         | 31,00         |
| Baixas de crédito         | -50           | -4            | -0,08         | 0,00          |
| <b>TOTAL</b>              | <b>49.029</b> | <b>52.580</b> | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> |

Destes datos extraense as observacións seguintes:

1.- Créditos extraordinarios: De acordo coa súa propia natureza non é un tipo de modificación que se utilice normalmente, responde a realizada en 1997, á autorización contida na Lei 2/97, do 29 de maio, para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia, por 1.071 millóns de pesetas, que representan o 2,04% do total de modificacións do exercicio.

2.- Suplementos de crédito: Durante o exercicio non se tramitou ningún expediente que responda a este tipo de modificación.

3.- Ampliacións de crédito: Incrementáronse un 49,33% sobre as de 1996. En termos de importancia relativa sobre o total de modificacións, en 1997, acada unha proporción do 12,46%, cando no exercicio precedente era do 8,95%.

4.- Transferencias de crédito: Dende o punto de vista cuantitativo é a modificación máis importante, con tendencia á baixa en termos de importancia relativa, xa que en 1996 baixou a súa participación sobre o total de modificacións nun 4,26% e en 1997 dita diminución alcanzou un 42,89% respecto a 1996.

5.- Incorporacións de crédito: Prodúcese unha tendencia alcista, tanto dende o punto de vista do seu importe, 25.821 millóns de pesetas incorporadas en 1996, e 28.656 millóns de pesetas no exercicio fis-

calizado, como da porcentaxe de participación deste tipo de modificacións sobre o total realizadas, 52,66%, en 1996, e 54,50%, en 1997. Constituíndo o segundo tipo de modificación na orde de importancia relativa sobre o total das realizadas nestes exercicios.

6.- Xeracións de crédito: Durante o exercicio tramítanse modificacións por importe de 16.304 millóns de pesetas, é dicir, o 31%, cando durante o exercicio precedente acadaron os 18.869 millóns de pesetas, o que significou o 38,48%.

7.- Baixas de crédito: É a modificación de menor contía no período analizado, experimentando ademais, unha tendencia á baixa tanto dende o punto de vista cuantitativo, 50 millóns tramitados no exercicio 1996 e 4 millóns no exercicio fiscalizado, como dende a óptica da súa importancia relativa no conxunto das modificacións, non acadando o 1%.

8.- Total modificacións: O conxunto de modificacións tramitadas experimenta unha tendencia alcista dun 7,24% respecto a 1996.

A evolución das modificacións presupostarias dende o punto de vista orgánico, é dicir, por cada unha das seccións presupostarias da Administración Xeral, durante os dous últimos exercicios, foi a seguinte:

U. M.: Millóns de pesetas

| SECCIÓN   | 1996          |               | 1997          |               |
|---|---------------|---------------|---------------|---------------|
|   | IMPORTE       | % S/TOTAL     | IMPORTE       | % S/TOTAL     |
| 1.- Parlamento  | 0             | 0,00          | 5             | 0,00          |
| 2.- Consello de Contas                                | 15            | 0,03          | 0             | 0,00          |
| 3.- Consello da Cultura Galega                        | -3            | 0,00          | 0             | 0,00          |
| 4.- C. Presidencia e Administración Pública           | -3.018        | -6,15         | 5.201         | 9,89          |
| 5.- C. Economía e Facenda                             | 946           | 1,93          | 1.292         | 2,46          |
| 6.- C. Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda | 4.909         | 10,01         | 9.039         | 17,20         |
| 7.- C. Educación e Ordenación Universitaria           | 1.739         | 3,55          | 2.027         | 3,86          |
| 8.- C. Industria e Consumo                            | -104          | -0,21         | 446           | 0,85          |
| 9.- C. Agricultura, Gandería e Montes                 | 14.559        | 29,69         | 10.785        | 20,51         |
| 10.- C. Cultura e Comunicación Social                 | 7.627         | 15,56         | 1.469         | 2,79          |
| 11.- C. Sanidade e Servicos Sociais                   | 1.239         | 2,53          | 809           | 1,54          |
| 12.- C. Pesca, Marisqueo e Acuicultura                | 4.842         | 9,87          | 4.594         | 8,74          |
| 13.- C. Xustiza, Interior e Relacións Laborais        | 965           | 1,97          | 4.335         | 8,24          |
| 14.- C. Familia, Muller e Xuventude                   | 242           | 0,49          | 1.258         | 2,39          |
| 20.- Consello Consultivo de Galicia                   | 0             | 0,00          | -39           | -0,07         |
| 21.- Transferencias a CC.LL.                          | 5.658         | 11,54         | 4.656         | 8,86          |
| 22.- Débeda Pública                                   | 570           | 1,16          | 39            | 0,07          |
| 23.- Gastos diversas Consellerías                     | 8.843         | 18,03         | 6.664         | 12,67         |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>49.029</b> | <b>100,00</b> | <b>52.580</b> | <b>100,00</b> |

A evolución do número de expedientes tramitados polas diferentes seccións presupostarias, durante o

período analizado, móstrase no cadro seguinte:

U. M.: Millóns de pesetas

| SECCIÓN   | 1996       |               | 1997       |               |
|---|------------|---------------|------------|---------------|
|   | Nº EXPTES  | % S/TOTAL     | Nº EXPTES  | % S/TOTAL     |
| 1.- Parlamento  | 0          | 0,00          | 0          | 0,00          |
| 2.- Consello de Contas                                | 2          | 0,30          | 2          | 0,27          |
| 3.- Consello da Cultura Galega                        | 3          | 0,45          | 4          | 0,54          |
| 4.- C. Presidencia e Administración Pública           | 59         | 8,83          | 64         | 8,58          |
| 5.- C. Economía e Facenda                             | 47         | 7,03          | 40         | 5,36          |
| 6.- C. Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda | 44         | 6,59          | 42         | 5,63          |
| 7.- C. Educación e Ordenación Universitaria           | 62         | 9,28          | 52         | 6,97          |
| 8.- C. Industria e Consumo                            | 63         | 9,43          | 46         | 6,17          |
| 9.- C. Agricultura, Gandería e Montes                 | 92         | 13,77         | 76         | 10,19         |
| 10.- C. Cultura e Comunicación Social                 | 41         | 6,14          | 77         | 10,32         |
| 11.- C. Sanidade e Servicos Sociais                   | 71         | 10,63         | 72         | 9,65          |
| 12.- C. Pesca, Marisqueo e Acuicultura                | 38         | 5,69          | 50         | 6,70          |
| 13.- C. Xustiza, Interior e Relacións Laborais        | 41         | 6,14          | 56         | 7,50          |
| 14.- C. Familia, Muller e Xuventude                   | 30         | 4,49          | 39         | 5,23          |
| 20.- Consello Consultivo de Galicia                   | 0          | 0,00          | 2          | 0,27          |
| 21.- Transferencias a CC.LL.                          | 3          | 0,45          | 3          | 0,40          |
| 22.- Débeda Pública                                   | 1          | 0,15          | 1          | 0,13          |
| 23.- Gastos diversas Consellerías                     | 71         | 10,63         | 120        | 16,09         |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>668</b> | <b>100,00</b> | <b>746</b> | <b>100,00</b> |

Destas cifras, dedúcese que as seccións que experimentan unhas variacións máis significativas son as seguintes:

Nun sentido descendente, a Consellería de Educación, a C. de Industria e a C. de Agricultura.

Nun sentido ascendente, a Consellería de Cultura.

C.- Fiscalización efectuada:

Realizouse sobre unha mostra aleatoria de 20 expedientes que suman, en conxunto, 2.099.743.614 pesetas distribuídos, por tipo de modificación, do seguinte xeito:

| EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN SELECCIONADOS. EJERCICIO 1997 |             |                           |
|---|-------------|---------------------------|
| SECCIÓN   | EXPEDIENTE  | TIPO MODIFICACIÓN         |
| C. de Presidencia e Administración Pública                | TR-04-16-97 | TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO |
| C. de Economía e Facenda                                  | TR-05-47-97 |                           |
| C. de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda      | TR-06-21-97 |                           |
| C. de Educación e Ordenación Universitaria                | TR-07-19-97 |                           |
| C. de Industria e Comercio                                | TR-08-05-97 |                           |
| C. de Agricultura, Gandería e Montes                      | TR-09-53-97 |                           |
| C. de Cultura e Comunicación Social                       | TR-10-46-97 |                           |
| C. de Sanidade e Serviciós Sociais                        | TR-11-07-97 |                           |
| C. de Presidencia e Administración Pública                | GC-04-57-97 | XERACIÓNS DE CRÉDITO      |
| C. de Economía e Facenda                                  | GC-05-06-97 |                           |
| C. de Educación e Ordenación Universitaria                | GC-07-20-97 |                           |
| C. de Industria e Comercio                                | GC-08-22-97 |                           |
| C. de Agricultura, Gandería e Montes                      | GC-09-40-97 |                           |
| C. de Cultura e Comunicación Social                       | AM-10-25-97 | AMPLIACIÓNS DE CRÉDITO    |
| C. de Sanidade e Serviciós Sociais                        | AM-11-60-97 |                           |
| C. de Pesca, Marisqueo e Acuicultura                      | AM-12-14-97 |                           |
| C. de Familia, Muller e Xuventude                         | AM-14-08-97 |                           |
| C. de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda      | CI-06-12-97 | INCORPORACIÓNS DE CRÉDITO |
| C. de Pesca, Marisqueo e Acuicultura                      | CI-12-10-97 |                           |
| C. de Xustiza, Interior e Relacións Laborais              | CI-13-03-97 |                           |

Sobre os que se obtiveron as seguintes observacións:

C.1.- Transferencias de crédito:

C.1.1.- Documentación dos expedientes:

En xeral, os expedientes inclúen a documentación esixida pola normativa aplicable anteriormente citada, coa excepción, en tódolos casos, dos documentos contables de retención de crédito (RCs).

Con relación ó contido da documentación dos expedientes, indicamos que:

- Memorias: Observáronse as seguintes incidencias de carácter formal:

- Sen data: 50%.
- Falta de expresión do fundamento normativo que ampara a modificación: 37,5%.
- Incidencia da modificación nos programas: 87,5%.
- Incidencia en exercicios futuros: 37,5%.

- Informes de Intervención: Encontráronse os seguintes defectos formais, que non afectaron á súa correcta tramitación:

- Non se expresa o órgano competente:
  - Para propoñe-la modificación: 87,5%.
  - Para autoriza-la modificación: 12,5%.
- Os requisitos específicos da modificación, non se citan no 37,5%.
- A aportación da documentación, non se referencia no 75%.
- Plantexamento e instrumentación contable-financiera, non se indica no 37,5%.
- A aportación de documentación contable-financiera, non se menciona no 50%.
- Ausencia de opinión sobre a modificación, nun 37,5%. En ningún caso se expresa opinión sobre a instrumentación e soporte do expediente fiscalizado, tal como esixe a Circular 1/90.

### C.1.2.- Rexistro contable dos expedientes:

En tódolos expedientes fiscalizados, se realiza o rexistro contable dos mesmos, pola contía nas aplicacións presupostarias autorizadas, a través dos correspondentes documentos de modificación de crédito positivos e negativos (MC-230 e MC-232 respectivamente) e de retención de crédito (RC-302) aínda que estes últimos, como xa se indicou anteriormente, non constan en ningún dos expedientes revisados.

### C.1.3.- Motivación dos expedientes:

As modificacións de crédito deben obedecer a causas obxectivas e non previsibles, a interpretación dos motivos que xustifican a necesidade da transferencia, no 75% dos expedientes, aléganse razóns xerais baseadas en carencias, insuficiencias ou imprecisións presupostarias.

### C.2.- Ampliacións de crédito:

#### C.2.1.- Documentación dos expedientes:

Tódolos expedientes fiscalizados conteñen a documentación esencial esixida pola normativa aplicable, non obstante debemos manifesta-las seguintes observacións sobre o contido de dita documentación.

- Memorias: As incidencias formais a indicar son:

- Sen data: 25%.
- Incidencia da ampliación nos programas: Sen referencia: 50%. Con indicación xenérica sobre a non incidencia negativa na consecución dos obxectivos de gasto, previstos inicialmente: 25%.
- Incidencia en exercicios futuros: Non se fai mención: 50%.

- Informes de Intervención: Atopáronse os seguintes defectos formais, que non afectaron á súa correcta tramitación:

- Non se expresa o órgano competente:
  - Para propoñe-la modificación: 100%.

- Os requisitos específicos da modificación, non se citan no 75%.
- A aportación da documentación, non se referencia no 75%.
- Plantexamento e instrumentación contable-financeira, non se indica no 25%.
- A aportación de documentación contable-financeira, non se menciona no 25%.
- Ausencia de opinión sobre a instrumentación e soporte do expediente fiscalizado: 75%.

### C.2.2.- Rexistro contable dos expedientes:

Se ben en tódolos expedientes fiscalizados se realiza o rexistro dos correspondentes documentos de modificación (MC-220), en ningún deles consta o documento de retención de crédito por non disponibilidade (RC-304).

### C.2.3.- Motivación dos expedientes:

No 75% dos casos a ampliación basease en convenios asinados pola Consellería correspondente con outras Entidades ou Consellerías, encadrándose dentro do suposto de ampliación do artigo 64.1.g, da Lei 11/92. Nun destes casos a ampliación realízase con carácter de aportación da anualidade de 1996 da Consellería de Agricultura (AM 12.14-97).

### C.3.- Xeracións de crédito:

#### C.3.1.- Documentación dos expedientes:

Non consta:

- A memoria: 20%.
- O informe de Intervención nin o convenio que orixina a xeración: 40%.

Do contido da documentación incluída nos expedientes podemos manifesta-lo seguinte:

- Memorias: Observáronse as seguintes incidencias formais:
  - Sen data: 20%.

- Falta de expresión do fundamento normativo que ampara a modificación: 40%.
  - Incidencia da modificación nos programas: Sen referencia: 100%.
  - Incidencia en exercicios futuros: Non se fai mención: 100%.
- Informes de Intervención: Encontráronse os seguintes defectos formais, que non afectaron á súa correcta tramitación:
- Non se expresa o órgano competente:
    - Para propoñe-la modificación: 100%.
  - Os requisitos específicos da modificación, non se citan no 100%.
  - A aportación da documentación, non se referencia no 20% (1/3 dos expedientes con informe de intervención).
  - Plantexamento e instrumentación contable-financiera, non se indica no 100%.
  - A aportación de documentación contable-financiera, non se menciona no 40% (2/3 dos expedientes con informe de intervención).
  - Ausencia de opinión sobre a instrumentación e soporte do expediente fiscalizado:100%.

#### C.3.2.- Rexistro contable:

En tódolos expedientes efectúase o rexistro contable dos mesmos, a través dos documentos MC-250, polos importes e nas aplicacións autorizadas.

#### C.3.3.- Motivación:

Nun 40% dos casos, basease en convenios asinados en exercicios precedentes ou sen determina-la data dos mesmos, noutro 40%, manifestáronse motivos discrecionais, non xustificando a necesidade de que o ingreso correspondente xenere crédito.

#### C.4.- Incorporacións de crédito:

##### C.4.1.- Documentación dos expedientes:

No 67% dos expedientes revisados non consta o informe de Intervención.

Do contido da documentación sinalamos as incidencias seguintes:

- Memorias:
  - Incidencia da modificación nos programas: Sen referencia: 67%.
  - Incidencia en exercicios futuros: Non se fai mención: 67%.
- Informe de Intervención: No único expediente que o inclúe, encontráronse os seguintes defectos formais, que non afectaron á súa correcta tramitación:
  - Non se expresa o órgano competente para propoñe-la modificación.
  - Non se cita o plantexamento e instrumentación contable-financiera.
  - Non se menciona a aportación de documentación contable-financiera.
  - Ausencia de opinión sobre a instrumentación e soporte do expediente fiscalizado.

##### C.4.2.- Rexistro contable dos expedientes:

En tódolos expedientes realízase o rexistro a través do correspondente documento de modificación de crédito MC-240, polos importes e nas aplicacións autorizadas, salvo nun, donde o subconcepto presupostario da documentación (470.0) non coincide co do expediente (473.0 CI.13.03.97).

##### C.4.3.- Motivación dos expedientes:

No 67% dos expedientes fiscalizados non se xustifica a necesidade de proceder á incorporación, nin as causas ou motivos polos que non foi materializado o gasto no correspondente exercicio.

C.5.- Cuestións xerais:

C.5.1.- Conciliación entre Diario-Estado de modificacións da Conta Xeral:

Contrastadas as cifras entre o Estado de modificacións, por capítulos, e o diario de presupostos de gastos, puidose determinar a igualdade cuantitativa en ámbolos dous rexistros.

C.5.2.- Equilibrio presupostario:

O equilibrio presupostario prodúcese en termos de créditos e previsións iniciais, durante o exercicio efectúanse modificacións no presuposto de gastos, non así no de ingresos.

Ó final do exercicio, e co fin de garanti-lo equilibrio económico-financieiro do presuposto, os créditos incluídos nos estados de gastos experimentan os axustes necesarios para acomodalo seu importe ó dos recursos, na medida en que éstos difiren dos inicialmente previstos.

C.5.3.- Equilibrio financeiro:

A 31-12-96, o remanente bruto de tesourería foi de -25.298,8 millóns de pesetas, segundo o informe-memoria da Conta Xeral de 1996, non especificándose o importe do remanente de tesourería afectado.

As baixas de crédito tramitadas en 1997, por 4 millóns de pesetas, resultaron insuficientes para compensalo remanente negativo de tesourería de 1996, non efectuándose, por outra parte, unha redución de gastos en 1997, de acordo co establecido no artigo 81.4 da Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

## **V.2. INGRESOS**

A.- **NORMATIVA APLICABLE**

As normas aplicables ás materias obxecto de revisión dentro da área de ingresos son, principalmente, as seguintes:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (artigos 134, 137, 140-142, 156 e 157).

- Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/81, do 6 de abril (artigos 44 e 49).
- Lei Orgánica 8/80, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, modificada parcialmente pola Lei Orgánica 3/96, do 27 de decembro.
- Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais (artigos 112-116 e 125-127).
- Lei 13/91, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.
- Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997.
- Lei 11/96, do 27 de decembro, de medidas de disciplina presupostaria.
- Lei 12/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 1997.
- Lei 13/96, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.
- Lei 14/96, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e medidas fiscais complementarias.
- Lei 32/97, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado e fixación do alcance e condicións de dita cesión.
- Decreto Legislativo 1/92, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo III do título II da Lei 13/91, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma.

- Orde do 16 de xullo de 1996, sobre desenvolvemento da xestión presupostaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.
- Decreto 455/96 do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.
- Orde do 5 de febreiro de 1997, pola que se determinan as competencias en materia de aprazamento e fraccionamento do pago de débedas tributarias.
- Decreto 34/97 do 20 de febreiro, polo que se efectúa a adscrición do Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma.
- Orde do 5 de febreiro de 1997, que desenvolve o regulamento xeral da inspección de tributos no ámbito da competencia da Dirección Xeral de Tributos.
- Decreto 90/97, do 10 de abril, de organización recadatoria da Xunta e Estatuto de recadadores de zona.

- Orde do 8 de outubro de 1997, pola que se desenvolve o Decreto do 10 de abril de 1997, da organización recadatoria da Xunta e estatuto de recadadores de zona.

## B.- FISCALIZACIÓN REALIZADA

Orientouse cara ós seguintes aspectos:

- Participación da Comunidade Autónoma nos ingresos do Estado (P.I.E. da C.A.).
- Participación das Corporacións Locais nos ingresos do Estado (P.I.E. das CC.LL.).
- Ingresos por intereses de contas abertas en entidades financeiras.
- Ingresos derivados do artigo 43 da Lei 11/96.

A importancia relativa do conxunto de recursos xestionados dentro dos apartados anteriores respecto ó conxunto do presuposto de ingresos liquidados conséntase no cadro seguinte:

| EXERCICIO 1997 - INGRESOS        |                  |            |                       |                  |                  |                 |                    |  |
|----------------------------------|------------------|------------|-----------------------|------------------|------------------|-----------------|--------------------|--|
| CONCEPTOS 400,402,520 E 890      |                  |            |                       |                  |                  |                 |                    |  |
| U. M.: Millóns de pesetas        |                  |            |                       |                  |                  |                 |                    |  |
| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA          | PREV. INICIAIS   | MODIF.     | PREV. DEFINITIVAS (1) | D. R. NETOS (2)  | RECADACION NETA  | D. R. PENDENTES | DIFERENCIA (1)-(2) |  |
| 400.- P. I. E. DA C. A.          | 283.944,3        | 0,0        | 283.944,3             | 290.074,0        | 290.074,0        | 0,0             | -6.129,7           |  |
| 402.- P. I. E. DAS CC. LL.       | 74.061,0         | 0,0        | 74.061,0              | 78.701,3         | 78.701,3         | 0,0             | -4.640,3           |  |
| 520.- INTERESES DE DEPÓSITOS     | 1.505,0          | 0,0        | 1.505,0               | 1.652,4          | 1.652,4          | 0,0             | -147,4             |  |
| 890.- FONDO DE GARANTÍA DE AVAIS | 0,0              | 0,0        | 0,0                   | 2.852,0          | 2.852,0          | 0,0             | -2.852,0           |  |
| <b>SUBTOTAL (A)</b>              | <b>359.510,3</b> | <b>0,0</b> | <b>359.510,3</b>      | <b>373.279,7</b> | <b>373.279,7</b> | <b>0,0</b>      | <b>-13.769,4</b>   |  |
| <b>RESTO CONCEPTOS</b>           | <b>234.581,4</b> | <b>0,0</b> | <b>234.581,4</b>      | <b>220.905,3</b> | <b>171.564,0</b> | <b>49.328,6</b> | <b>13.676,0</b>    |  |
| <b>TOTAL PPTO. INGRESOS (B)</b>  | <b>594.091,7</b> | <b>0,0</b> | <b>594.091,7</b>      | <b>594.185,0</b> | <b>544.843,7</b> | <b>49.328,6</b> | <b>-93,3</b>       |  |
| <b>PORCENTAXE (A)/(B)</b>        | <b>60,5</b>      | <b>0,0</b> | <b>60,5</b>           | <b>62,8</b>      | <b>68,5</b>      | <b>0,0</b>      | <b>14.752,3</b>    |  |

En termos porcentuais, os conceptos analizados constitúen o 60,5% do total das previsións iniciais de 1997, así como das previsións definitivas, xa que, como en exercicios anteriores, non se practican modificacións das previsións de ingresos.

Os dereitos recoñecidos netos no conxunto dos conceptos fiscalizados constitúen o 62,8% do total dos dereitos recoñecidos durante o exercicio.

En canto á recadación neta a súa importancia relativa é maior (68,5% do total da recadación), non existindo dereitos pendentes de cobro a 31-12-97 en ningún dos catro conceptos.



### B.1.- Participación da Comunidade Autónoma nos ingresos do Estado.

O artigo 157.1.a) da Constitución establece: “os recursos das Comunidades Autónomas estarán constituídos por:

- (a) Impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado; recargos sobre impostos estatais e outras participacións nos ingresos do Estado”.

A Lei Orgánica 8/80, de financiamento das comunidades autónomas, no seu artigo 4.1.e) determina:

“De conformidade co apartado un do artigo 157 da Constitución e sen prexuízo do establecido no resto do articulado, os recursos das comunidades autónomas estarán constituídos por:

e.- As participacións nos Ingresos do Estado”.

E o artigo 44.3 do Estatuto de Autonomía ten a redacción seguinte:

“A facenda da Comunidade Autónoma constitúese con:

Unha porcentaxe de participación na recadación total do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais”.

Tódalas normas citadas forman parte do denominado “bloque de constitucionalidade” o que denota a importancia destes recursos para as comunidades autónomas.

Esta financiación ven determinada polas porcentaxes definitivas de participación aprobadas quinquenalmente, aprobadas polo Real Decreto-Lei 7/97, do 14 de abril, que aproba as porcentaxes de participación nos ingresos do Estado para o quinquenio 1997-2001 e distribúe o crédito consignado na sección 32 dos presupostos xerais do Estado para 1997, convalidado polo Congreso dos Diputados na sesión do 24 de abril de 1997, e a Resolución do 26 de marzo de 1997, da Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais pola que se ordena a publicación do Acordo 1/1996, do 23 de setembro, para o desenvolvemento do sistema de financiamento autonómico no período indicado.

Os ingresos tramítanse a través de entregas a conta mensuais, durante o exercicio, e unha liquidación definitiva a practicar no exercicio seguinte, imputándose ó presuposto de ingresos pola Administración Autonómica mediante dous subconceptos, no 400.00 rexístrase a participación do exercicio corrente e no 400.01 a participación do exercicio anterior.

A xestión efectuada durante o exercicio sintetízase nas cifras seguintes:

| EXERCICIO 1997 - PRESUPUESTO DE INGRESOS - SUBCONCEPTOS 400.00 E 400.01 |   |                |        |                       |                 |                 |                 |                    |
|---|---|----------------|--------|-----------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|
| U. M.: Millóns de pesetas   |   |                |        |                       |                 |                 |                 |                    |
| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA   |   | PREV. INICIAIS | MODIF. | PREV. DEFINITIVAS (1) | D. R. NETOS (2) | RECADACION NETA | D. R. PENDENTES | DIFERENCIA (1)-(2) |
| 400.00.-  | Participación en ingresos xerais            | 192.714,2      | 0,0    | 192.714,2             | 199.487,7       | 199.487,8       | 0,0             | -6.773,5           |
| 400.01.-  | Participación en ingresos territoriais IRPF | 39.236,9       | 0,0    | 39.236,9              | 39.237,0        | 39.236,9        | 0,0             | -0,1               |
| TOTAL   |   | 231.951,1      | 0,0    | 231.951,1             | 238.724,7       | 238.724,7       | 0,0             | -6.773,6           |

En termos de previsións iniciais e definitivas, ámbolos dous subconceptos, 400.00 e 400.01, constitúen o 39% do total do presuposto, mentres que en 1996, dita porcentaxe era do 46,33%. Os dereitos recoñecidos netos dos citados subconceptos representan o 40,17% do total de dereitos recoñecidos en 1997, cando en 1996 acadaron o 46,48%. A recadación neta supuxo o 43,81% da total do exercicio 1997, resultando o 50,74% en 1996.

O importe total dos dereitos recoñecidos e da recadación neta figura axeitadamente rexistrado na contabilidade financeira, na conta 7601.- Porcentaxe de participación nos ingresos do Estado, segundo consta no Balance de comprobación a 31-12-97.

### B.2.- Participación das Corporacións Locais nos ingresos do Estado.

A Constitución establece no artigo 142 que “As facendas locais deberán dispor dos medios suficientes

para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas”.

A Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, deseñou un sistema de financiamento das corporacións locais baseado na seguinte clasificación dos seus recursos:

- Recursos non tributarios.
- Recursos tributarios.
- Participación nos tributos do Estado.

Estes últimos recursos regúlanse nos artigos 112-115 para os municipios e nos artigos 125-126 para as provincias, en ámbolos casos instrúntanse a través dunha porcentaxe quinquenal (o vixente durante 1996 corresponde ó quinquenio 1994-1998), facéndose efectivos mediante entregas a conta durante o exercicio e unha liquidación definitiva a practicar no exercicio seguinte.

A percepción destes ingresos realízase a través da Comunidade Autónoma, pois o artigo 49.2 do Estatuto de Autonomía (L.O. 1/81) no seu último parágrafo determina: “Os ingresos dos entes locais de

Galicia, consistentes na participación en ingresos estatais e en subvencións incondicionadas, percibiranse a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que se establezan para as referidas participacións”.

De acordo cos datos da liquidación do presuposto de ingresos de 1997 da Comunidade Autónoma, a participación das corporacións locais galegas nos ingresos do Estado impútanse ós seguintes subconceptos do capítulo IV:

- 402.00.- Concellos. Participación exercicio corrente.
- 402.01.- Concellos. Liquidación ano anterior.
- 402.02.- Deputacións. Participación exercicio corrente.
- 402.03.- Deputacións. Liquidación ano anterior.

A xestión realizada ponse de manifesto no cadro seguinte:

U. M.: Millóns de pesetas

| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA |  | PREV. INICIAIS  | MODIF.     | PREVISIÓNS DEFINITIVAS (1) | D. R. NETOS (2) | RECADACION NETA | D. R. PENDENTES | DIFERENCIA (1) - (2) |
|-------------------------|--|-----------------|------------|----------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|----------------------|
| 402.00.-                | Concellos participación exercicio corrente   | 43.029,6        | 0,0        | 43.029,6                   | 42.590,6        | 42.590,6        | 0,0             | 439,0                |
| 402.01.-                | Concellos liquidación do ano anterior        | 0,0             | 0,0        | 0,0                        | 1.706,0         | 1.706,0         | 0,0             | -1.706,0             |
| 402.02.-                | Deputacións participación exercicio corrente | 31.031,4        | 0,0        | 31.031,4                   | 33.048,4        | 33.048,4        | 0,0             | -2.017,0             |
| 402.03.-                | Deputacións liquidación do ano anterior      | 0,0             | 0,0        | 0,0                        | 1.356,3         | 1.356,3         | 0,0             | -1.356,3             |
| <b>402</b>              | <b>TOTAL CONCEPTO</b>                        | <b>74.061,0</b> | <b>0,0</b> | <b>74.061,0</b>            | <b>78.701,3</b> | <b>78.701,3</b> | <b>0,0</b>      | <b>-4.640,3</b>      |

Dende o punto de vista dos gastos, estes recursos abóanse ós concellos e deputacións a través dos subconceptos 460.0 e 461.0, respectivamente, do programa 811A da Sección 21 “Transferencias a

Corporacións Locais”. Segundo a liquidación do presuposto de gastos a xestión dos créditos desglosase da seguinte maneira:

U.M.: Millóns de pesetas

| SUBCONCEPTO  | CRED. INIC.     | XERAC. CDTO.   | CREDITOS DIFINITIVOS | AUTORIZACIÓNS   | COMPROMISOS     | OBRIGAS REC.    | PROP. PAGO      | PAGOS. REALIZ.  | OBRIG. PTES. 31-12-97 |
|--------------|-----------------|----------------|----------------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------------|
| <b>460.0</b> | 43.029,6        | 1.267,0        | 44.296,6             | 44.296,6        | 44.296,6        | 44.296,6        | 44.296,6        | 44.296,6        | 0,0                   |
| <b>461.0</b> | 31.031,4        | 3.373,3        | 34.404,7             | 34.404,7        | 34.404,7        | 34.404,7        | 34.404,7        | 34.404,7        | 0,0                   |
| <b>TOTAL</b> | <b>74.061,0</b> | <b>4.640,3</b> | <b>78.701,3</b>      | <b>78.701,3</b> | <b>78.701,3</b> | <b>78.701,3</b> | <b>78.701,3</b> | <b>78.701,3</b> | <b>0,0</b>            |

Dentro do presuposto de ingresos o conxunto dos catro subconceptos analizados constitúen o 12,46% da totalidade das previsións iniciais e definitivas de 1997, mentres que en 1996 dita porcentaxe foi do 12,60%.

En termos de dereitos recoñecidos netos estes subconceptos representan o 13,24% do total do exercicio, en 1996 dita relación foi do 13,65% e, por último, respecto do total da recadación neta do exercicio representan o 14,44%, en tanto que a de 1996, foi do 14,90%.

Da comparación das liquidacións de 1996 e 1997 dérivase que neste último exercicio redúcese o defecto de previsión presupostaria en 1.019 millóns de pesetas.

Da revisión da documentación disponible dedúcense as seguintes observacións:

- a. No ámbito da contabilidade financeira, os ingresos desta natureza rexístranse na conta (7603) Fondo Nacional de Cooperación Municipal e os gastos, xunto con outras transferencias ás corporacións locais, rexístranse na conta (6741) Transferencias correntes a Corporacións Locais, segundo se reflicte no Balance de Comprobación a 31-12-97 contabilización que, como xa se manifestou en informes anteriores deste Consello, non se considera acorde coa natureza destes “recursos” e “gastos”, apoiando esta afirmación nos pronunciamentos do Documento nº 4 da Comisión de Principios e Normas Contables Públicas (parágrafo 92) que, como establece a Orde do 6 de maio de 1994, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública, plan contable marco para tódalas administracións públicas, na súa norma de valoración 18, constitúen principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados.
- b. A xestión destes fondos mostra o carácter de intermediación como servizo de tesourería que efectúa a Administración Autonómica, tal como recolle o Estatuto de Autonomía no seu artigo 49.
- c. A Administración Autonómica, como en exercicios anteriores, realiza un tratamento

presupostario da participación das corporacións locais galegas nos ingresos do Estado, práctica que consideramos non é correcta polos seguintes motivos:

1. O carácter de mera intermediación entre a Administración Estatal e as corporacións locais da actuación realizada pola Administración Autonómica como se establece no artigo 49.2 da Lei Orgánica 1/81, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia e por remisión ós artigos anteriormente citados da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais. Carácter que, por outra parte, é o que reflicte a xestión efectuada destes ingresos e os seus correspondentes pagos como se indica no apartado anterior.
2. O parágrafo 92 do Documento nº 4 sobre transferencias e subvencións da Comisión de Principios e Normas Contables Públicas establece claramente que cando a Comunidade Autónoma ofrece, na xestión destes fondos, un servizo de tesourería ó ser meras operacións de tesourería non terían tratamento presupostario.
3. A interpretación presupostaria destes ingresos incrementan para 1997 en 74.061 millóns de pesetas as previsións por ingresos de operacións correntes, co que se produce unha elevación do límite do 25% dos ingresos correntes, para o importe total das anualidades de amortización por capital e intereses establecido no artigo 14.2 da Lei Orgánica 8/80, do 22 de setembro, de financiación das Comunidades Autónomas, que para o exercicio cuantifícanse en 96.299 millóns de pesetas, límite respectado pola comunidade autónoma xa que os gastos rexistrados pola anualidade das amortizacións e intereses acadaron un importe de 52.878 millóns de pesetas.
4. Durante o exercicio prodúcese un defecto de previsión de ingresos por importe de 4.640 millóns de pesetas, igual que a cifra total de xeracións de crédito tramitadas na Sección 21 Transferencias a Corporacións Locais, cando este tipo de operación non se

pode considerar incluída en ningún dos supostos de xeración de crédito regulados no artigo 69 da Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, nin do artigo 4 da Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupuestos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997.

### **B.3.- Ingresos por intereses de contas abertas en Entidades Financeiras.**

De acordo cos datos da liquidación de 1997 reflectido no primeiro cadro deste apartado B, estes ingresos de natureza patrimonial, representan o 0,25% do total das previsións iniciais e definitivas do exercicio, o 0,28% dos dereitos recoñecidos netos e o 0,30% da recadación neta.

Da comprobación das liquidacións citadas dedúcense as seguintes observacións:

- a) O rexistro das operacións indicadas realízase seguindo o principio de caixa e non o de devengo, que é o establecido pola Orde do 1 de decembro de 1989, da Consellería de Economía e Facenda, e propugnado pola Comisión de Principios e Normas Contables Públicos e no Documento nº 2 de dereitos a cobrar e ingresos (parágrafo 45).
- b) rexistro na contabilidade financeira dos intereses de contas abertas en entidades financeiras impútanse á conta (7102) Intereses de Depósitos, segundo se verificou no Balance de comprobación a 31-12-97, acorde coa natureza dos mesmos e co establecido na Orde do 1 de decembro de 1989, resultando os importes rexistrados na citada conta reflexo dos que constan na liquidación do presuposto de ingresos.

### **B.4.- Ingresos derivados do artigo 43 da Lei 11/96.**

O artigo 43 da Lei de presupuestos da Comunidade Autónoma para 1997 (Lei 11/96) recolle o: “Tratamento dos créditos para provisións de riscos non executados” e a súa redacción é do seguinte teor:

“Os créditos destinados a provisións para riscos que se instrumentan no Capítulo VIII dos presupostos de

gastos da Administración Xeral e, no seu caso, dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, nos importes nos que non fose executado o risco ó final do exercicio, terán a consideración de ingresos do Capítulo VIII no exercicio seguinte, coa finalidade de xerar crédito nas dotacións que para este tipo de atencións figuren nos estados de gastos dese ano”.

O tratamento dos citados créditos contéplase inicialmente na Lei 6/94, do 29 de decembro, de presupostos da Comunidade Autónoma para 1995, incorporándose posteriormente nas sucesivas leis de presupostos.

O concepto 890, foi dotado tras acordo da Comisión Delegada da Xunta para Asuntos Económicos.

Da revisión dos libros maiores de conceptos do presuposto de ingresos, maior de operacións do tesouro e diario de operacións do presuposto de gastos obsérvase que:

A 31-12-97 aplícanse os 2.852.025.652 pesetas correspondentes á dotación de 1996 ó concepto extrapresupostario 320.104 Fondos de Avais.

Durante 1997, a Lei 11/96, na aplicación 23.03.531A.890 rexistra un crédito de 750 millóns de pesetas, incrementándose con 2.852.025.652 pesetas de 1996, a través do expediente de xeración de crédito GC23-98-97, previo ingreso no concepto 890 do Presuposto de ingresos do citado importe, operación efectuada a través dun pago no concepto extrapresupostario 320.104 con desconto no concepto 890 pola totalidade de dito importe.

Durante 1997, execútanse avais por importe de 171.156.286 pesetas resultando, polo tanto, a 31-12-97 o saldo non utilizado deste concepto 890 no presuposto de gastos de 3.430.869.366 pesetas, contía que se ingresa no concepto extrapresupostario acredor 320.104 para xerar crédito en 1998 por dito importe, en aplicación do artigo 43 da Lei 11/96.

Dende o punto de vista da contabilidade financeira, estas operacións rexístranse a través das contas (694) Dotación á provisión para insolvencias e (490) Provisión para insolvencias, aparecendo esta última, nos balances de situación a 31-12-96 e 31-

12-97 cos saldos de 2.852.025.652 pesetas e 3.430.869.366 pesetas respectivamente.

Dedúcese de todo elo, o correcto tratamento da doación ó Fondo de Garantía segundo a normativa citada.

### V.3. GASTOS

O conxunto de créditos iniciais aprobados pola Lei de presupostos para o exercicio 1997 establecía un importe máximo de 594.092 millóns de pesetas.

As modificacións presupostarias, 52.580 millóns, realizadas ó longo do exercicio elevaron os créditos ata un importe de 646.672 millóns de pesetas, soportados por 107 programas.

As obrigas recoñecidas, 595.651 millóns de pesetas, os pagos propostos, 573.042 millóns de pesetas e os pagos realizados, 524.586 millóns de pesetas, desglosanse por programas no cadro seguinte:

| LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS                  |  |                |               |                   |               |               |                  |
|--|--|----------------|---------------|-------------------|---------------|---------------|------------------|
| Resumo Xeral por Programas e Funcións                |  |                |               |                   |               |               |                  |
| U. M.: Millóns de pesetas                            |  |                |               |                   |               |               |                  |
| Prog.  | Descrición   | Créd. Iniciais | Modificacións | Créd. Definitivos | Fase "O"      | Fase "K"      | Pagos Realizados |
| 111A   | Presidencia da Xunta                                     | 602            | 50            | 652               | 643           | 633           | 626              |
| 111B   | Actividade Lexislativa                                   | 1.799          | 0             | 1.799             | 1.458         | 1.458         | 1.167            |
| 111C   | Control Externo do Sector Público                        | 627            | 0             | 627               | 627           | 627           | 318              |
| 111D   | Alto Asesoramento da Comunidade Autónoma de Galicia      | 454            | -39           | 415               | 378           | 376           | 374              |
| 111E   | Relacións coa Unión Europea e acción exterior            | 0              | 274           | 274               | 251           | 244           | 240              |
| <b>11.- Alta dirección da C. A.</b>                  |  | <b>3.481</b>   | <b>285</b>    | <b>3.766</b>      | <b>3.357</b>  | <b>3.338</b>  | <b>2.725</b>     |
| 121A   | Dirección e Servizos Xerais da Administración Xeral      | 8.264          | 1.028         | 9.292             | 9.084         | 7.819         | 6.674            |
| 121B   | Asesoramento e Defensa dos Intereses da C. Autónoma      | 214            | -10           | 204               | 203           | 201           | 199              |
| 121C   | Reforma Administrativa                                   | 773            | -1            | 772               | 770           | 617           | 542              |
| 122A   | Formación e Perfeccionamento do Persoal da Admón da C.A. | 414            | 0             | 414               | 414           | 414           | 378              |
| 123A   | Xustiza e Administración Local                           | 3.295          | 547           | 3.842             | 3.636         | 3.232         | 2.911            |
| 123B   | Persoal ó servizo da Admón. de Xustiza                   | 0              | 3.601         | 3.601             | 3.601         | 3.548         | 3.534            |
| <b>12.- Administración Xeral</b>                     |  | <b>12.961</b>  | <b>5.166</b>  | <b>18.128</b>     | <b>17.707</b> | <b>15.832</b> | <b>14.238</b>    |
| 132A   | Administración Electoral                                 | 0              | 953           | 953               | 948           | 948           | 871              |
| 132B   | Gastos e Subvencións Electorais                          | 0              | 117           | 117               | 117           | 117           | 117              |
| <b>13.- Admón. electoral e partidos políticos</b>    |  | <b>0</b>       | <b>1.071</b>  | <b>1.071</b>      | <b>1.066</b>  | <b>1.066</b>  | <b>988</b>       |
| <b>1.- Servizos de carácter Xeral</b>                |  | <b>16.442</b>  | <b>6.522</b>  | <b>22.964</b>     | <b>22.130</b> | <b>20.235</b> | <b>17.951</b>    |
| 211A   | Dirección e Servizos Xerais de Protección Social         | 2.326          | 322           | 2.648             | 2.581         | 2.467         | 2.076            |
| 211B   | Dirección e Servizos Xerais de Prestacións Sociais       | 2.558          | 97            | 2.655             | 2.591         | 2.542         | 2.481            |
| 212A   | Pensións e Prestacións Asistenciais                      | 15.253         | 590           | 15.843            | 8.785         | 7.960         | 7.554            |
| 212B   | Centros para Servizos Sociais                            | 13.252         | 58            | 13.310            | 13.065        | 12.446        | 11.915           |
| 212C   | Acción Social en Favor dos Funcionarios                  | 122            | 119           | 241               | 241           | 238           | 226              |
| 212D   | Pensións e Prestacións en Servizos Sociais               | 1.949          | 119           | 2.068             | 1.909         | 1.571         | 1.163            |
| 213A   | Accións a favor das Comunidades Galegas                  | 731            | 27            | 758               | 739           | 728           | 724              |
| 214A   | Administración das Relacións Laborais                    | 720            | 76            | 796               | 705           | 673           | 602              |
| 214B   | Seguridade e Hixiene no Traballo                         | 282            | 13            | 295               | 246           | 242           | 209              |
| <b>21.- Seguridade social e protección social</b>    |  | <b>37.193</b>  | <b>1.420</b>  | <b>38.613</b>     | <b>30.861</b> | <b>28.865</b> | <b>26.951</b>    |
| 221A   | Servizos e Axudas Complementarias do Ensino              | 12.032         | 379           | 12.411            | 12.378        | 12.339        | 10.883           |
| 222A   | Fomento do Emprego                                       | 6.924          | 665           | 7.589             | 5.665         | 4.879         | 4.352            |
| 222S   | Fomento do Emprego-Fomento Social Europeo                | 2.772          | 0             | 2.772             | 2.629         | 1.819         | 1.472            |
| <b>22.- Promoción social</b>                         |  | <b>21.728</b>  | <b>1.044</b>  | <b>22.772</b>     | <b>20.672</b> | <b>19.037</b> | <b>16.707</b>    |
| 231A   | Protección Civil   | 1.108          | -6            | 1.102             | 1.101         | 1.020         | 931              |
| 232A   | Seguridade da Comunidade Autónoma                        | 644            | -203          | 441               | 418           | 412           | 340              |
| <b>23.- Protección civil e seguridade</b>            |  | <b>1.752</b>   | <b>-209</b>   | <b>1.543</b>      | <b>1.519</b>  | <b>1.432</b>  | <b>1.271</b>     |
| <b>2.- Seguridade, protección e promoción social</b> |  | <b>60.673</b>  | <b>2.255</b>  | <b>62.928</b>     | <b>53.052</b> | <b>49.334</b> | <b>44.929</b>    |
| 311A   | Dirección e Servizos Xerais de Sanidade                  | 8.424          | 232           | 8.656             | 8.612         | 8.582         | 863              |
| 313A   | Protección e Promoción da Saúde                          | 3.725          | -128          | 3.597             | 3.377         | 2.334         | 2.255            |
| <b>31.- Sanidade</b>                                 |  | <b>12.149</b>  | <b>104</b>    | <b>12.253</b>     | <b>11.989</b> | <b>10.916</b> | <b>3.118</b>     |

**LIQUIDACIÓN DO PRESUPUESTO DE GASTOS**

**Resumo Xeral por Programas e Funcións**

U. M.: Millóns de pesetas

| Prog.  | Descrición   | Créd. Iniciais | Modificacións | Créd. Definitivos | Fase "O"       | Fase "K"       | Pagos Realizados |
|--|--|----------------|---------------|-------------------|----------------|----------------|------------------|
| 321A   | Dirección e Servicios Xerais de Educación                    | 2.792          | 125           | 2.917             | 2.913          | 2.858          | 2.816            |
| 322A   | Educación Infantil, Primaria-EXB                             | 81.032         | -202          | 80.830            | 80.398         | 80.353         | 78.972           |
| 322C   | Ensino Universitario   | 34.277         | 723           | 35.000            | 34.150         | 33.535         | 32.768           |
| 322D   | Educación Especial   | 1.904          | -119          | 1.785             | 1.744          | 1.744          | 1.723            |
| 322E   | Ensinanzas Artísticas  | 1.629          | -46           | 1.583             | 1.544          | 1.542          | 1.387            |
| 322G   | Ensinanzas Especiais   | 598            | -74           | 524               | 523            | 523            | 509              |
|                   | 040097404       | 970404355A4800            | Subv. a federacións deportivas galegas e a asociacións de federacións para a promoción deportiva e participación en competicións | Varios  | 949             | 38                   | 987                | 593      | 593      | 490      | 9704001182                    |
|                   | 070097403       | 970703322A4800            | Subv. a centros privados. Educación Infantil   | Varios  | 2.255           | -27                  | 2.228              | 2.228    | 2.228    | 1.476    | 9707012775                    |
| 07 C. Educación   | 070097404       | 970703322A4820            | Concertos educativos con centros privados. Educación Primaria  | Varios  | 11.693          | 651                  | 12.344             | 12.344   | 12.202   | 12.100   | 9707008160                    |
|                   | 070097405       | 970703322D4800            | Concertos educativos con centros privados. Educación Especial  | Varios  | 1.015           | -144                 | 871                | 871      | 844      | 823      | 9707008163                    |
|                   | 070097411       | 970703322T4810            | Concertos educativos con centros privados. Formación Profesional 1º grao   | Varios  | 1.273           | -141                 | 1.132              | 1.132    | 1.132    | 1.132    | 9707008162                    |
|                   | 070097412       | 970703322T4820            | Concertos educativos con centros privados. Formación Profesional 2º grao   | Varios  | 448             | -21                  | 427                | 427      | 427      | 427      | 9707008161                    |
|                   | 070097426       | 970706353F4700            | Fomento do uso do galego en actividades mercantís, comerciais e publicitarias  | Varios  | 100             | -10                  | 90                 | 90       | 89       | 86       | 9707000896                    |
|                   | 110097409       | 971102212A4811            | Rendas de integración social para persoas en situación de marxación que non dispoñen de medios económicos suficientes            | Residentes en Galicia dende fai máis de 5 anos (varios) | 1.508           | 284                  | 1.792              | 1.764    | 1.762    | 1.762    | 9711400001                    |
| 11 C. Sanidade    | 110097428       | 971102212D4823            | Convenio ca Cruz Roxa para labores de integración social dos minusválidos  | Cruz Roxa   | 108             | 0                    | 108                | 108      | 108      | 86       | 9711000001                    |
|                   | 130097405       | 971302123A4830            | Compensación económica á asistencia xurídica gratuita  | Colexios de Avogados de Galicia                         | 442             | 111                  | 553                | 553      | 553      | 442      | 9713000949                    |
| 13 C. Xustiza     | 130097412       | 971303214A4720            | Axuda extraordinaria a empresa en crisis para afrontar plan de reestruturación plantilla   | Rodman Polyships s.a.                                   | 50              | -20                  | 30                 | 30       | 30       | 0        | 9713001450                    |

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA:

### - Proxecto número 040097402:

Ten por obxecto subvencións destinadas ó cumprimento da Lei 4/83 (“Lei de recoñecemento da galeguidade”), que están dirixidas a comunidades asentadas fóra de Galicia e inscritas no Rexistro Oficial de Comunidades Galegas e Entidades Colaboradoras.

A Orde do 5 de decembro de 1996 establece e regula os plans e programas de actuacións, axudas e subvencións a favor dos galegos residentes no exterior para o exercicio 1997 (DOG 20/XII/96).

A revisión efectuada referiuse a axudas asistenciais individuais a galegos residentes en Cuba (ó amparo do programa 1: “axudas asistenciais individuais”, artigo 2º.3 da Orde mencionada). Outorgáronse axudas de 40.000 pesetas cada unha a 650 beneficiarios (en total comprometéronse 26.000.000 pesetas).

Non se detectaron incidencias significativas ó respecto da documentación que os solicitantes deben aportar coa solicitude de axuda, para as que foron outorgadas. Unicamente indicar que a Acta da Comisión de avaliación do 25/04/97 acompáñase de tres anexos: o I contén os datos persoais dos solicitantes, que ascenderon a 750, o II relaciona as solicitudes que son propostas como seleccionadas (650) e o III recolle as solicitudes propostas como reserva (34), indicando que cumpren os requisitos esixidos e aportaron a documentación correcta. Sobre as solicitudes denegadas ou do anexo III mencionado, non obra no servizo xestor da C. de Presidencia a documentación xustificativa aportada coas solicitudes, polo que non puido ser analizada. No expediente das solicitudes seleccionadas non queda constancia da motivación nin da aplicación dun baremo obxectivo, no seu caso.

A orde reguladora, asinada o 5 de decembro de 1996, informouse favorablemente pola Asesoría Xurídica, a Intervención Delegada e a Dirección Xeral de Planificación Económica e Relacións coa Unión Europea en datas posteriores (11/XII/96, 17/XII/96 e 10/XII/96, respectivamente).

### - Proxecto número 040097404:

A súa finalidade consiste no fomento da actividade deportiva mediante axudas ós clubs ou federacións para o desenvolvemento da promoción deportiva e participación en competicións, así como axudas para o financiamento de campañas de deporte escolar, fundamentalmente en zonas do medio rural, posibilitando a práctica deportiva por parte da poboación xuvenil.

Mediante a Orde da C. de Presidencia do 23 de decembro de 1996 (DOG do 30/XII/96) régulase o réxime de concesión de subvencións a federacións deportivas galegas e agrupacións deportivas escolares comarcais ou de zona para 1997.

Realizouse a revisión da documentación xustificativa aportada polo centro xestor respecto a varios beneficiarios, seleccionados ó azar sobre aqueles que obtiveron axudas dentro do apartado A do artigo 1º da citada orde, “organización da actividade deportiva federada e doutras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva”, sen que, do seguimento realizado, se observasen incidencias significativas respecto á solicitude e documentación que debe acompañala, así como respecto ás xustificacións que se deben aportar polos beneficiarios para o cobro das axudas concedidas. O artigo 4º da orde establece unha serie de criterios en función dos cales se valorarán as solicitudes e concesión das subvencións, sen embargo, non consta no expediente revisado (Referencia contable nº 9704001182) mención á baremación obxectiva deses criterios pola Comisión de Avaliación que formula a proposta, nin na Resolución de concesión.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN:

### - Proxecto: 0700970403.- SUBVENCIONES Á GRATUIDADE DE CENTROS DE PREESCOLAR (INFANTIL).

### - Referencia: 9707012775.- Subvencións á gratuidade de Centros de Preescolar (INFANTIL) curso 1997-1998.

A Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, autorizou un crédito inicial de 2.255.247.000

pesetas na aplicación 0703322A4800, para atender os gastos derivados do proxecto 0700970403, relativo a subvencións destinadas á gratuidade da ensinanza de preescolar (infantil) en centros privados, que tras modificacións presupostarias tramitadas durante o exercicio concretouse nun importe definitivo de 2.228.093.612 pesetas, executado na súa totalidade.

Con cargo ó citado crédito atendeuse ós compromisos adquiridos o ano anterior para o curso 1996/1997, por un importe de 1.475,6 millóns de pesetas, e tramitouse a concesión de subvencións para o curso escolar 1997-1998, na parte que afecta ó exercicio fiscalizado, que ascendeu a 752,4 millóns.

A análise deste proxecto centrouse na convocatoria realizada para o curso 1997-1998, e da súa revisión resulta:

#### A. Tramitación administrativa:

A convocatoria de axudas económicas regúlase mediante Orde do 26-03-97 (DOG do 16-04-97) da Consellería de Educación para o curso escolar 1997-1998.

Orde que estivo precedida polos preceptivos informes do Servicio Técnico Xurídico e da Intervención Delegada, no que se indica, que en dita orde “non se establece ningún sistema para efectuar os pagos derivados da concesión, conforme ó disposto no artigo 40 da Lei de presupostos”. Así mesmo a Intervención Delegada advirte de que “a concesión destas axudas supón adquirir compromisos de carácter plurianual ó axustarse a financiación á execución da contra-prestación”.

Seguindo o procedemento establecido na convocatoria, con data 21-07-1997 resólvese provisionalmente a concesión de axudas (DOG do 21-08-97), e, finalmente, no DOG de data 26-12-97, publícase a Orde do 19-11-97, pola que se adxudican as axudas económicas para o curso 1997-1998 a un total de 181 centros privados para 466 unidades, distribuídos por provincias do seguinte modo:

|              | Nº CENTROS | Nº UNIDADES |
|--------------|------------|-------------|
| A Coruña     | 66         | 179         |
| Lugo         | 15         | 39          |
| Ourense      | 22         | 53          |
| Pontevedra   | 78         | 195         |
| <b>TOTAL</b> | <b>181</b> | <b>466</b>  |

Realizado un seguimento da tramitación das solicitudes correspondentes a unha mostra dos centros ós que se concedeu axuda, púidose observar a adecuación da documentación aportada á requirida e ó procedemento establecido na orde reguladora da convocatoria, se ben nos casos nos que o centro privado está constituído mediante a forma xurídica dunha sociedade mercantil, non queda constancia do poder bastantado a favor da persoa que actúa na súa representación, que, a pesar de non contemplarse na convocatoria, é legalmente requerido pola Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común, do 30 de novembro de 1992.

#### B. Tramitación do Gasto:

Autorización do gasto.- O expediente de gasto iníciase con posterioridade á publicación da resolución provisional de concesión de axudas, e así o primeiro documento contable (RC) figura asentado con data 12-12-1997, para posteriormente, de forma simultánea, contabilízase a fase de autorización e disposición (AD). Este procedemento non se adecua ó establecido a tal fin na vixente Circular 6/86, da Intervención Xeral, relativa á tramitación de documentos contables e exercicio da función interventora, conforme á cal, no caso de subvencións, a tramitación do documento “A” realizarase de forma simultánea á fiscalización previa da orde de convocatoria, antes da súa publicación.

Valoración do importe total do gasto que se compromete.- A valoración do montante total do gasto que se compromete efectúase aplicando o importe total do módulo económico que establece a Lei de presupostos do Estado para 1997, no seu Anexo IV, para unidades educativas concertadas con centros privados para o nivel de Primaria/Infantil, a razón de 4.844.007 pesetas/unidade, o que supón un montante total de 2.257,3 millóns de pesetas,

2.257,3 millóns de pesetas, para o conxunto de unidades subvencionadas para o curso académico 1997/1998.

O citado módulo económico resulta da adición de tres compoñentes:

| U.M.: Pesetas  |                  |
|--|------------------|
| Salarios do persoal docente (incluídas cargas sociais) | 3.614.301        |
| Gastos variables                                       | 491.935          |
| Outros gastos  | 737.771          |
| <b>TOTAL</b>   | <b>4.844.007</b> |

Tramitación.- A autorización do gasto levouse a cabo mediante o procedemento extraordinario ou excepcional previsto no artigo 102 da Lei 11/92, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado con data 26-12-1997, segundo o cal válidase a Orde do 19-11-97, pola que se adxudican as subvencións, e establécese que o importe total de 2.527.307.262 pesetas, a que ascenden as subvencións, se aboan con cargo á aplicación 07.03.322A.481.0 (supónse existe un erro na transcripción xa que o expediente foi tramitado con cargo á 07.03.322A.480.0) “distribuído nas anualidades que se indican”:

| U.M.: Pesetas |                      |
|---------------|----------------------|
| 1997          | 752.435.754          |
| 1998          | 1.504.871.508        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>2.257.307.262</b> |

A elevación de aprobación do gasto a acordo do Consello da Xunta, foi, segundo consta na documentación revisada, motivado por:

- a) Omisión do trámite de fiscalización previa.
- b) Inexistencia de crédito.
- c) Imposibilidade de adquirir compromisos futuros, derivados da natureza do expediente, ó non estar incluído nos relacionados no artigo 58 da Lei 11/92, nin no 35 da Lei 11/96, de presupostos para 1997.
- d) Discrepancia do órgano de xestión cos informes emitidos, en canto á tramitación como un gasto plurianual.

O informe da Intervención Xeral, ó analiza-las cuestións suscitadas no expediente, fai mención ó establecido no artigo 2º do Decreto 63/87, do

17 de marzo, de imputación a exercicio corrente de obrigas recoñecidas ou xeradas en exercicios anteriores, que establece a necesidade de convalidación do gasto por acordo do Consello da Xunta.

En consecuencia, realízanse as seguintes observacións:

- a) Apréciase un intento de equiparación das axudas económicas revisadas co réxime de concertos educativos, tanto na valoración do importe da subvención, como na tramitación como gasto plurianual e no procedemento de pago, á que non debera haber lugar atendendo á natureza do gasto, pois mentres as axudas económicas son subvencións, e responden ó uso da facultade que ostenta a Xunta de implanta-las ou non (no seu caso seguirán o procedemento legalmente establecido), os concertos educativos responden a unha obriga imposta legalmente e para a súa execución dispúxose o cauce regulamentario.
- b) Derivado do anterior poidera resulta-lo feito de que en ningún dos informes se cuestiona a cuantificación do importe a que debe ascende-la axuda por unidade.

Pago das axudas económicas concedidas.- En canto ó pago, revisouse o correspondente ós centros privados beneficiarios ubicados na provincia de Pontevedra, que foi imputado ó presuposto de 1997.

O pago efectúase a través da Delegación Provincial, e o seu montante abarca ó primeiro cuadrimestre do curso 1997/1998, comprobándose a correcta correspondencia de perceptores e importes, en función do número de unidades subvencionadas, coas outorgadas pola Orde do 19-11-1997, confirmándose que o importe abonado é o adecuado segundo a valoración efectuada na tramitación do expediente.

En canto ó procedemento de pago de forma cuadrimestral, cabe sinalar que, como xa queda reflectido, non está regulado na convocatoria nin consta motivado no expediente.

Xustificación do destino das axudas concedidas.- Apórtase un certificado do Presidente do Consello Escolar, no que figura que se recibiu o importe, que foi destinado ós fins previstos e que as contas foron aprobadas polo Consello Escolar, pero non se aporta certificación do acordo de dito órgano.

**- Proxectos 0700970404, 405, 411 y 412.- Subvencións á gratuidade de centros de ensinanza Primaria/ESO, Educación Especial, Formación Profesional de 1º e 2º grao, respectivamente.**

Realizouse unha análise conxunta para os catro proxectos de gasto, que resultaron seleccionados na

mostra a revisar no presente informe, debido a que, á vista da súa execución, comprobouse que todos corresponden á mesma finalidade do gasto (ensinanza concertada con centros privados, aínda que diferenciada en distintos niveis), así como a que lles afecta a mesma normativa, e que administrativamente tramítanse como un único expediente.

O desenvolvemento global dos créditos autorizados pola Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, foi o seguinte:

U.M.: Millóns de pesetas

| PROXECTO                 | CRÉDITOS      |               |               |               | PAGOS PROPOSTOS |
|--------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|-----------------|
|                          | INICIAL       | MODIFICACIÓNS | DEFINITIVO    | COMPROMETIDOS |                 |
| 07.00970404 (E.P/ESO)    | 11.693        | 651           | 12.344        | 12.344        | 12.202          |
| 07.00970405 (E.Especial) | 1.015         | -144          | 871           | 871           | 844             |
| 07.00970411 (FP1)        | 1.273         | -141          | 1.132         | 1.132         | 1.132           |
| 07.00970412 (FP2)        | 448           | -21           | 427           | 427           | 427             |
| <b>TOTAL</b>             | <b>14.429</b> | <b>345</b>    | <b>14.774</b> | <b>14.774</b> | <b>14.605</b>   |

As modificacións presupostarias responden á tramitación de distintas transferencias de crédito, positivas e negativas, interpretadas polos servicios xestores como créditos de persoal, nas aplicacións 07.03.322A482.0 e 07.03.322T481.0, referidas a Educación Primaria e F.P.1, respectivamente.

Con cargo ós créditos definitivos afrontáronse gastos derivados do curso académico 96/97, así como os da anualidade 1997, relativa ós concertos formalizados en execución da Orde do 10-06-97, pola que se aproban os concertos educativos a partir do curso 1997/1998, con centros docentes privados de educación primaria, secundaria obrigatoria, especial e formación profesional de primeiro e segundo grao.

O traballo realizado centrouse en revisa-lo expediente de gasto relativo á subscripción dos concertos a partir do curso académico 1997/1998, e da súa análise resulta:

1.- Normativa específica de aplicación:

- R.D. 2377/85, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

- Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1997.
- Lei 12/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 1997.
- Orde da Consellería de Educación do 08-01-97 (DOG do 21 de xaneiro), pola que se dictan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos a partir do curso académico 1997/1998.
- Orde do 22-04-97, pola que se fai público o modelo de documento administrativo no que se formalizarán os concertos educativos.
- Orde do 10-06-97, pola que se aproban os concertos educativos con centros docentes privados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e formación profesional de primeiro e segundo grao.

2.- Tramitación administrativa:

A tramitación administrativa da formación dos concertos, de acordo coas probas substantivas realiza-

das sobre unha mostra, en xeral, adecuouse ó procedemento regulado na orde do 8 de xaneiro, se ben obsérvase a falta de constancia de informe da Ase-soría Xurídica referido ó contido desta orde.

O número de unidades escolares para as que se aprobou o concerto nos distintos niveis educativos,

conforme á Orde do 10 de xuño, tendo en conta a corrección de erros (DOG do 26-09), as resolucións de ampliación de unidades (DOG do 23-10), e as modificacións aprobadas pola Orde do 21-11-97, son as que seguidamente se sinalan:

| NIVEL EDUCATIVO              | RÉXIME DE CONCERTOS | Nº DE UNIDADES       |                    |                      |
|------------------------------|---------------------|----------------------|--------------------|----------------------|
|                              |                     | DURACIÓN DO CONCERTO |                    |                      |
|                              |                     | 1 ANO                | 4 ANOS             |                      |
| <b>Primaria:</b>             | a) xeral            | 54                   | 1352/11            |                      |
|                              | b) singular         | ---                  | 323                |                      |
|                              | <b>TOTAL</b>        | <b>54</b>            | <b>1.675/11</b>    |                      |
| <b>E.S.O.:</b>               |                     |                      |                    |                      |
| 1º Ciclo:                    | a) xeral            | 230                  | 213/6              |                      |
|                              | b) singular         | 61                   | 35                 |                      |
| 2º Ciclo:                    | Xeral               | 10                   | 6                  |                      |
|                              | <b>TOTAL</b>        | <b>301</b>           | <b>254/6</b>       |                      |
| <b>Educación especial</b>    | Réxime xeral        | ---                  | <b>122/12</b>      |                      |
| <b>FORMACIÓN PROFESIONAL</b> |                     | <b>CURSO 97/98</b>   | <b>CURSO 98/99</b> | <b>CURSO 99/2000</b> |
| 1º Grao (Réxime xeral)       | Rama: Ind./Agr.     | 33                   | 14                 | ---                  |
|                              | Rama: Serv.         | 107                  | 55                 | ---                  |
| 2º Grao (Réxime singular)    | Rama: Adm./Del.     | 33                   | 22                 | 11                   |
|                              | Rest./Ramas         | 36                   | 24                 | 12                   |
|                              | <b>TOTAL</b>        | <b>209</b>           | <b>115</b>         | <b>23</b>            |

Da análise do expediente individualizado dos concertos, efectuado sobre unha mostra dos autorizados na provincia de Pontevedra, puidose comprobar que as unidades concertadas corresponden para cada centro coas que lle foron autorizadas, así como que non consta a identificación da persoa física que actúa en representación do centro privado cando é de titularidade colectiva, baixo as distintas modalidades asociativas, e tampouco poder bastantado suficiente que xustifique a súa actuación, que, a pesares de non esixirse na orde da convocatoria, é de obrigado cumprimento conforme ó artigo 32 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Con carácter específico por niveis educativos obsérvase:

**Primaria/ESO.-** Nos expedientes non queda suficientemente claro se dentro da zona escolar na que radican os centros privados cos que se formalizan concertos, existe cobertura suficiente cos centros en funcionamento de titularidade pública, nin se cuanti-

fica con exactitude o déficit, no seu caso, co fin de efectuar unha concertación racional en función das necesidades de escolarización.

Co centro “Miguel de Cervantes” non se formalizou o oportuno concerto, se ben elo non foi obstáculo para que se tramitase o pago dos gastos respectivos.

**Formación Profesional.-** Se ben na orde de autorización dos concertos queda claro o réxime de concertación en Formación Profesional, nos concertos con cada centro, no seu apartado noveno, recóllese a limitación de unidades en funcionamento ás concertadas, requisito só esixido para a ensinanza obrigatoria, xa que, estes centros cando contan coa correspondente autorización administrativa poderán ter en funcionamento un número de unidades superior ás que se concertan.



### 3.-Tramitación do expediente de gasto:

O gasto derivado da formalización dos concertos é de natureza plurianual, conforme se establece no artigo 35 da Lei 11/96, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1997.

A tramitación do expediente de gasto non se efectuou de forma simultánea ó desenvolvemento do proceso de concertación, iniciándose con posterioridade á subscripción dos concertos autorizados, o cal obrigou a recurrir ó procedemento especial previsto no artigo 102 da Lei 11/92, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, debido á omisión do trámite de fiscalización previa, insuficiencia de crédito na aplicación 07.03.322A.482.0 (subsanaada ó tempo mediante a oportuna modificación presupostaria), e non adoptarse acordo de autorización de adquisición de compromisos futuros (artigo 58 da mencionada Lei 11/96).

En consecuencia, mediante Acordos do Consello da Xunta de Galicia de data 25-09-97, previos os trá-

mites oportunos, procedeuse a valida-la Orde do 10 de xuño relativa á autorización de concertos, que fora publicada no DOG do día 03-07-97, así como á modificación das porcentaxes máximas de compromisos plurianuais, establecendo os importes das anualidades de gasto.

O importe total do gasto autorizado polo Consello da Xunta de Galicia ascende a 47.065,5 millóns de pesetas, englobando o dos concertos propiamente ditos e o gasto derivado de acordos subscritos con data 01-08-97, entre a Consellería de Educación e as Organizacións Patronais e as Centrais Sindicais en relación co profesorado de apoio e dereitos sindicais, por un importe total de 1.079,3 millóns de pesetas, para os que tamén se omitiu a fiscalización previa.

O importe total distribúese por anualidades e aplicacións presupostarias do seguinte modo:

U.M.: Millóns de pesetas

| APLICACIÓN                         | ANUALIDADES  |               |               |               |              | TOTAL         |
|------------------------------------|--------------|---------------|---------------|---------------|--------------|---------------|
|                                    | 1997         | 1998          | 1999          | 2000          | 2001         |               |
| 07.03.322A.482.0 (Primaria/E.S.O.) | 4.466        | 11.354        | 9.394         | 9.394         | 6.068        | 40.676        |
| 07.03.322D.480.0 (Ed. Especial)    | 317          | 915           | 915           | 915           | 591          | 3.653         |
| 07.03.322T.481.0 (F.P.1)           | 327          | 989           | 405           | ---           | ---          | 1.721         |
| 07.03.322T.482.0 (F.P.2)           | 135          | 421           | 270           | 77            | 112          | 1.015         |
| <b>TOTAL</b>                       | <b>5.245</b> | <b>13.679</b> | <b>10.984</b> | <b>10.386</b> | <b>6.771</b> | <b>47.065</b> |

Os importes reflectidos foron contabilizados en fase AD, con data 26 de setembro (presuposto corrente) e 10 de outubro (exercicios futuros), sen que en 1997 se efectuasen modificacións ou rectificacións.

Verificada a cuantificación das unidades concertadas e tendo en conta as ampliacións e modificacións aprobadas en 1997, resultan as seguintes diferencias con respecto ós importes autorizados e contabilizados:

U.M.: Millóns de pesetas

| APLICACIÓN                         | ANUALIDADES |      |      |      |      | TOTAL |
|------------------------------------|-------------|------|------|------|------|-------|
|                                    | 1997        | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 |       |
| 07.03.322A.482.0 (Primaria/E.S.O.) | 21          | 49   | 30   | 30   | 19   | 149   |
| 07.03.322D.480.0 (Ed. Especial)    | -12         | -14  | -14  | -14  | -9   | -63   |
| 07.03.322T.481.0 (F.P.1)           | 0           | -6   | -5   | ---  | ---  | -11   |
| 07.03.322T.482.0 (F.P.2)           | 0           | -5   | 0    | -35  | 112  | 72    |

As diferencias de cálculo corresponden, fundamentalmente, a que non se actualizaron os compromisos de gasto como consecuencia das ampliacións e modificacións dos concertos aprobados con posteriori-

dade á adopción do Acordo do Consello da Xunta. Ademais hai que sinalar: na E.S.O. 1º ciclo (anualidade 1997), valoráronse 69 unidades en réxime singular, cando as concertadas foron 61; en Educa-

ción Especial no cálculo dos salarios de persoal docente non se tivo en conta a diferenza no importe do módulo económico entre o mes de setembro e os restantes; Formación Profesional de 1º grao (anualidades 1998 e 1999), o mes de setembro no apartado de outros gastos cuantifícanse no curso escolar que comeza e non no que finaliza (entre ámbolos dous existe diferenza de unidades concertadas); e por último, en Formación Profesional de 2º grao, non se observaron os motivos dos defectos de compromiso nas anualidades de 1998 e 2000, mentres que o compromiso adquirido para o 2001, por importe de 112 millóns de pesetas, non está respaldado por unidades educativas concertadas, xa que éstas soamente acadan como máximo o curso escolar 1999/2000.

#### 4.- Execución do gasto:

##### Gastos de persoal docente:

No rexistro do gasto da anualidade de 1997, nos niveis de Formación Profesional, impútanse as nóminas correspondentes ó mes de setembro por un importe total de 73,4 millóns de pesetas en F.P.1 e de 32 millóns en F.P.2, o que provoca unha insuficiencia no crédito comprometido para facer fronte ás nóminas do mes de decembro, subsanado coa expedición de documentos AD (complementarios) polo importe das insuficiencias. Este procedemento non é correcto, xa que, non só non subsana o erro padecido, senón que mantén a imputación de pagos a un crédito autorizado para distinta finalidade, e ademais provoca información de execución do compromiso que non se axusta á realidade.

Revisada a nómina do mes de novembro da Delegación Provincial de Pontevedra, obsérvase:

- Na nómina estanse acreditando retribucións a persoal dependente de tódolos centros para os que se autoriza a concertación nos distintos niveis educativos, a excepción do centro de educación especial “O Pelouro”, de Tui, que figura na orde con 9 unidades de psíquicos. Elo débese, segundo o órgano de xestión, a que con este centro se suscribiu un “convenio”, comprobándose que con cargo á aplicación tramítase un pago ó mesmo por importe de 21,7 millóns de pesetas, coa descrición de “subvención”. Non obstante, este pago realízase con cargo a unha

referencia distinta da do expediente analizado, sen que neste se rexistrase ningunha rectificación ó respecto.

- Nalgúns casos o código co que aparece identificado en nómina cada centro non se corresponde co do respectivo concerto, polo que procede efectuar unha revisión e realiza-las rectificacións oportunas.
- Na nómina de Primaria/ESO, figuran acreditadas retribucións a persoal do centro “A Mene-la”, de Vigo, identificado baixo o código 3605998, que unicamente ten unidades concertadas en Educación Especial, comprobándose que está motivado por un erro na alta dun docente non rectificadas.
- Os importes acreditados ós centros revisados en cada nivel son acordes cos que lles corresponde, en función das unidades concertadas e os módulos económicos aplicables.
- O pago dos gastos de persoal efectúase a través de contas autorizadas da Habilitación da Delegación Provincial da Consellería de Educación en Pontevedra, tanto retribucións, como cotas de seguridade social e retencións, dentro dos prazos regulamentariamente establecidos.

##### Gastos relativos ó módulo “outros gastos”:

De conformidade ó establecido no artigo 13.b) do R.D. 2377/85, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, este módulo comprende os gastos de personal de administración e servizos, os ordinarios de mantemento e conservación e os de reposición de investimentos reais.

Revisádo-los pagos realizados con cargo á anualidade de 1997, a través de contas autorizadas da Delegación Provincial de Pontevedra, comprobouse:

1. Que se realizou un pago polo importe dun cuadrimestre ós centros concertados, en réxime xeral, de Educación Primaria, E.S.O. e Educación Especial, e polo importe dun trimestre ós de Formación Profesional de primeiro grao. Este procedemento non se corresponde co establecido no artigo 12 da Lei 12/96, de presupostos

xerais do Estado para 1997, que dispón que estes abonos se realizaran de forma mensual.

2. Que os importes acreditados ós centros se adecuan coas unidades para as que inicialmente se autoriza a súa concertación, en función dos módulos aplicables, sen que consten rectificacións nin reintegros derivados das ampliacións ou reducións de unidades naqueles centros ós que con posterioridade se lles modifica o número de unidades concertadas.

En canto á xustificación destes gastos por parte dos centros concertados, establece o citado R.D. 2377/85, no seu artigo 40, que as cantidades aboadas pola Administración xustificaranse ó finalizar

cada curso escolar. Apórtase un certificado do Presidente do Consello Escolar, no que figura que se recibiu o importe, que foi destinado ós fins previstos e que as contas foron aprobadas polo Consello Escolar, pero non se aporta certificación do acordo de dito órgano.

**- Proxecto 070097426.- Normalización e fomento do uso do galego nas actividades mercantís, comerciais e publicitarias.**

O citado proxecto foi dotado pola Lei 11/96, do 30 de decembro, con crédito de 100 millóns de pesetas, rexistrándose a súa execución a través da aplicación presupostaria 07.06.353F.4700, co seguinte resultado:

U. M.: Millóns de pesetas

| CRÉDITO INICIAL | MODIFICACIÓN | CRÉDITO DEFINITIVO | FASES DE EXECUCIÓN |      |      |
|-----------------|--------------|--------------------|--------------------|------|------|
|                 |              |                    | D                  | O    | K    |
| 100             | -10          | 90                 | 90                 | 89,4 | 88,9 |

As modificacións de crédito tramitadas corresponden a dous expedientes de transferencias negativas, con cargo ó saldo de créditos derivado do exceso autorizado con respecto ás subvencións concedidas, e do resultante das subvencións nas que non foi xustificable o gasto polos beneficiarios dentro do prazo previsto na convocatoria, con destino ó incremento da dotación doutras aplicacións presupostarias dentro do mesmo programa, e un terceiro expediente de transferencia, polo importe de 550.000 pesetas, ó programa 531B de imprevistos, polas dotacións non utilizadas, en virtude do Acordo do Consello da Xunta do 12-12-97.

Normativa específica:

- Orde do 26-11-96 (DOG. 8-1-97), reguladora da concesión de subvencións a empresas privadas para accións de promoción da lingua galega.
- Orde do 6-6-97 (DOG. 20-6-97), pola que se resolve a concesión das subvencións establecidas na precedente.

Tramitación administrativa:

O contido da orde de convocatoria axústase ó establecido no artigo 78 da Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario.

A comprobación da tramitación administrativa regulada na convocatoria verificouse a partir do seguimento do expediente individualizado dunha mostra de beneficiarios.

Tramitación do gasto:

Autorización.- Con data 7/2/97, se rexistra o documento A, por importe de 100 millóns de pesetas.

Disposición.- Á vista do informe da Comisión de Valoración sobre as solicitudes presentadas, fórmulase proposta de concesión de subvencións por importe de 94.084.000 pesetas, que comprende o total das axudas concedidas conforme á orde publicada no D.O.G. de data 20/6/97, rexistrándose o correspondente documento D.

Concédense un total de 164 axudas, desestimándose 50 solicitudes e excluíndose 9.

Xustificación e pago das axudas:

Xustificados os gastos nos que incurren os distintos beneficiarios dentro do prazo establecido ó efecto, procédese á tramitación do pago individualizado.

Na revisión de expedientes de beneficiarios, cabe destacar que no correspondente á Editorial Compostela S.A., obsérvase:

1º.- Este beneficiario presenta dous proxectos diferenciados: un relativo a actos exteriores e documentación oficial da empresa, cuantificado en 5.700.000 pesetas; e outro referido á contratación en prácticas de correctores licenciados en filoloxía galega ou similar, así como para impartir formación ó persoal da empresa mediante curso de lingua galega, valorado nun total de 46.125.000 pesetas.

2º.- Concédese axuda por importe 8.000.000 de pesetas con carácter extraordinario, única desta contía e carácter, fundamentándose en que o proxecto pertence a unha empresa que ten un ámbito de proxección importante na sociedade e polo tanto, gran efecto normalizador.

3º.- Revisada a xustificación do gasto que obra no expediente, obsérvase:

a) En canto ó primeiro proxecto, non consta xustificación de gasto ningún.

b) En canto ó segundo, consta xustificación de gastos por importe total de 18.016.242 pesetas, desglosado nos seguintes apartados:

- Pagos a colaboradores habituais nos procesos de normativización no uso do galego durante os meses de xaneiro a agosto de 1997: 5,2 millóns.

- Gastos de persoal (incluídas cargas sociais) relativos ós meses de xaneiro a xullo de 1997, de 7 correctores: 12,2 millóns.

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE:

##### - Proxecto 110097409:

O seu obxecto é a concesión de rendas de integración social a persoas en situación de marxinação, que non dispoñan de medios económicos necesarios para atender as necesidades básicas da vida, considerándose nesta situación ás familias ou unidades básicas de convivencia estable.

Poderán ser beneficiarios os residentes en Galicia con 5 anos de antelación que teñan unha idade entre os 25 e os 65 anos e menores de 25 anos cando teñan á seu cargo menores ou maiores incapacitados, ou se encontren en situación de necesidade ou emerxencia social.

Son de aplicación específica a esta materia a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia, a Lei 9/1991, do 2 de outubro de medidas básicas para a inserción social, desenvolvida polo Decreto 374/1991, do 24 de outubro, no relativo a renda de integración social, e a Circular nº 22 do 19/11/1991, sobre trámites e procedemento para a resolución das prestacións das rendas de inserción social de Galicia (Risga).

A revisión realizouse sobre axudas tramitadas na Delegación da Consellería de Vigo.

A execución do gasto responde á seguinte práctica:

Polos servizos centrais da Consellería tramítase un "MC" de redistribución de fondos pola contía asignada a esta Delegación.

Polo importe total de dita dotación tramítase o documento contable "A" (autorización do gasto), e o compromiso ("D") faise por unha contía equivalente ó importe que resultaría das axudas concedidas a pagar no mes de xaneiro multiplicado por un número de meses tal que o produto non excede do crédito asinado. Tal documento contable xutifícase cunha relación de beneficiarios ó mes de xaneiro e polo importe da prestación total que se correspondería a cada un deles ata o mes que permite a dotación de crédito.

Pola "nómina" a pagar cada mes se tramita un documento contable "OK" (obrigas e proposta de pago), pero como o importe varía respecto ó comprometido, en función das variacións que se producen respecto á relación inicial de beneficiarios (baixas, novas altas, modificacións, atrasos, extincións, etc), expídese un documento "D" ou "D"/complementario pola diferenza existente entre os beneficiarios e importes do mes de xaneiro e as incidencias que se producen en cada mes seguinte, para axustar o compromiso de gasto inicial.

Unha vez recibida a transferencia bancaria na conta da Delegación, ésta remite a relación de beneficiarios e importes á entidade bancaria para que realice as transferencias.

Do traballo realizado nun expediente (nº 36057/0122/97) obsérvase o seguinte: a proposta do proxecto de inserción e a proposta de resolución do concello ten data do 13/03/97, anterior á solicitude da interesada, presentada no mesmo o 14/03/97.

O consentimento da proposta do proxecto de inserción está asinado por persoa non interesada. Non se cumprimenta a ficha diaria modelo Ris-fr (anexo VII) a que fai mención a cláusula 8ª da circular 19/XI/99, aínda que o servizo xestor (Delegación Provincial de Vigo) indica que os datos están mecanizados.

Apórtase, no expediente revisado, acta da Comisión Técnica Provincial, asinada pola Secretaria, pero non queda constancia no mesmo da Resolución do presidente da Comisión, tal e como establece a cláusula 20 da Circular 22/91, mencionada anteriormente.

#### **- Proxecto 110097428:**

Este proxecto ten por finalidade sufragar os gastos de funcionamento para transporte adaptado, clubs da terceira idade, talleres prelaborais, formación de voluntarios sociais e integración de paralíticos cerebrais, en colaboración coa Cruz Roxa, sendo os beneficiarios previstos, segundo recolle o anexo de transferencias correntes, para este proxecto, a Cruz Roxa, os minusválidos e a terceira idade.

A lexislación específica aplicable a esta materia encóntrase, basicamente, na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia, na Lei 13/1982, de 3 de outubro, de integración social dos minusválidos e no Decreto 258/1990, do 27 de abril.

Concrétase, na práctica, este proxecto, nun Convenio específico, asinado o 17 de marzo de 1997, entre a Xunta de Galicia e a Cruz Roxa, para o desen-

volvemento dun anterior Acordo Marco do 29/05/90 (Publicado no DOG, Orde do 29/05/90), e o seu obxecto é establecer e articular a colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Cruz Roxa en actuacións destinadas á terceira idade, minusválidos, menores marxinados, etc, a través da prestación de servizos de axuda a domicilio, transporte adaptado, integración de paralíticos cerebrais e animación, prevención e colaboración social, ascendendo as axudas previstas a 108.100.000 pesetas.

Na revisión do expediente tramitado ó efecto no servizo xestor, obsérvase que non queda constancia, entre a documentación aportada, do cumprimento do punto 5º da Resolución da Consellería de Economía do 08/04/91, que establece a obriga de dar conta, para a súa constancia e rexistro, dos convenios a Relacións Institucionais. Solicitouse ó órgano xestor información ó respecto, indicándonos que non se cumpliu dito trámite.

No texto do convenio, na parte dos antecedentes, faise mención a que o mesmo se confecciona tras a proposta da Comisión de seguimento e desenvolvemento do Convenio (que a súa existencia se prevé no apartado V do Convenio Marco antes citado). Non obstante, non existe ningún antecedente deste feito no expediente. Requerida información sobre elo ó órgano xestor, indícanos que non existe dito documento, pois a citada Comisión funciona de maneira informal, desconócese a súa composición exacta e non queda constancia dos posibles acordos que adopta.

No seguimento da execución presupostaria do convenio observáronse os límites impostos: ata o 80% en anticipos trimestrais, o 20% restante ó final da actividade, unha vez que se considere executada e conforme a mesma. Non obstante hemos de indicar que o citado 20% reconeceuse contablemente a obriga, ó amparo do artigo 6º do Decreto 21/92, da Consellería de Economía e Facenda, sen que se aporte xustificación documental da finalización da actividade subvencionada, situación que non se adecua ó contido da Lei 11/92, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA:

### - Proxecto 130097405:

U.M.: Miles de pesetas

| APLICACIÓN PRESUPOSTARIA | CRÉDITO INICIAL | CRÉDITO DEFINITIVO | FASE "O" | FASE "K" | BENEFICIARIOS    |
|--------------------------|-----------------|--------------------|----------|----------|------------------|
| 13.02.123A483            | 441.917         | 552.640            | 552.640  | 552.640  | Colegio Abogados |

O proxecto obxecto de fiscalización, do que se expón a súa execución presupostaria, inclúe as compensacións económicas ós distintos colexios de avogados de Galicia pola prestación, polos seus colexiados, dos servizos de asistencia xurídica gratuita e turnos de oficio, e a compensación que polos gastos de organización e xestión colexial se reparte entre éstos a través do Consello da Avogacía Galega.

A regulación legal, basicamente, encóntrase recollida en:

- Lei 1/96, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita.
- Decreto 146/97, do 22 de maio, polo que se aproba o regulamento de asistencia xurídica gratuita da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 252/95, do 7 de setembro (derogado polo 146/97).

Coa entrada en vigor da Lei 1/96, o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuita, para aquelas persoas que acreditan insuficiencia de recursos, trasládase a un órgano colexiado de carácter administrativo, as comisións de asistencia xurídica gratuita, aínda que a tramitación dos expedientes descanza sobre o traballo previo dos colexios de avogados, a través dos seus servizos de asistencia xurídica, que inician a tramitación ordinaria das solicitudes, analizan as pretensións e acordan as designacións ou denegacións provisionais.

O Decreto 146/97 aproba o regulamento polo que se desenvolve a Lei 1/96, de acordo co ámbito normativo recoñecido á Xunta de Galicia na disposición adicional primeira da mencionada lei.

Neste regulamento tamén se contemplan os aspectos relativos ó financiamento do servizo, orientados a garanti-la correcta aplicación dos fondos públicos que se destinan este fin. A financiación árbitrase mediante a concesión dunha compensación económica ó Consello da Avogacía Galega e ós colexios de avogados e procuradores de Galicia. Se prevé, ademais, a asistencia de prestación pericial gratuita por peritos pertencentes á Administración Autónoma e a compensación económica dos peritos privados.

O gasto imputado ó presuposto do exercicio 1997, na aplicación presupostaria 1302123A483.0, destínase a atender os gastos devengados correspondentes ó terceiro cuadrimestre de 1996 (convalidado por Acordo do Consello da Xunta en 1997) e ó primeiro e segundo cuadrimestre de 1997, o cal pon de manifesto a insuficiencia do crédito presupostado para atender ós gastos anuais que resultan da prestación deste servizo, situación similar á xa comentada no Informe de fiscalización correspondente ó exercicio 1996, emitido por este Consello de Contas.

O reparto do gasto imputado ó presuposto de 1997, por colexios e períodos foi o seguinte:

U. M.: Millóns de pesetas

| COLEXIO  | 3º CUAD./96 (*) | 1º CUAD./97 | 2º CUAD./97 | TOTAL      |
|--|-----------------|-------------|-------------|------------|
| A Coruña   | 57              | 58          | 45          | 160        |
| Ferrol   | 15              | 10          | 11          | 36         |
| Santiago   | 11              | 11          | 7           | 29         |
| Lugo   | 18              | 15          | 16          | 49         |
| Ourense  | 15              | 20          | 15          | 50         |
| Pontevedra   | 36              | 38          | 27          | 101        |
| Vigo   | 32              | 32          | 28          | 92         |
| <b>TOTAL COLEXIOS</b>  | <b>184</b>      | <b>184</b>  | <b>149</b>  | <b>517</b> |
| Consello Avovacía Galega (Gastos de organización e xestión dos Colexios de Avogados) |                 |             |             | 35         |
| <b>TOTAL</b>   |                 |             |             | <b>552</b> |
| (*) Gasto convalidado por Acordo do Consello da Xunta en 1997.                       |                 |             |             |            |

O traballo de fiscalización realizouse, principalmente, sobre o gasto xustificado polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, completándose cunha visita ó propio colexio, co fin de verificar, sobre unha mostra aleatoria de expedientes tramitados, a adecuación do gasto.

A documentación facilitada pola Consellería de Xustiza sobre o importe imputado ó presuposto de 1997 para atender a compensación económica do Colexio de Santiago, unicamente inclúe as certificacións que éste remite á Consellería, relativas ás actuacións realizadas no período correspondente a cada cuadrimestre, tal e como establecen os artigos 44 do Decreto 146/97 e artigo 20.2º do Decreto 252/95, que contempla o procedemento de aplicación da compensación, indicando no seu punto 1 que “Dentro do mes natural seguinte á finalización de cada cuadrimestre os colexios ...” remitirán á Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos profesionais durante ese período, especificando o nº total de turnos de garda ou asistencia levados a cabo, o nº total de asuntos de defensa ou dirección técnica gratuita, desglosado por tipo de procedemento, e o custo económico total asociado ós mesmos, en función dos baremos establecidos no anexo II deste Regulamento.

E no punto 3 indícase que, en función de ditos certificados, a Consellería efectuará, a continuación, os libramentos cuadrimestrais que corresponden, sen prexuízo das posteriores regularizacións que proceden, unha vez cumprimentada na súa totalidade a

xustificación anual, regulada no capítulo seguinte (artigos 47, 48 e 49).

Non se procedeu por parte dos colexios de avogados (nin dos procuradores) da Comunidade Autónoma, ata o momento de redactar este informe, a dar cumprimento á obriga de xustificación cuadrimestral da aplicación da compensación económica que se establece nos artigos 47 e 48 do Regulamento, nin á remisión do Informe–memoria que establece o artigo 49, sobre o funcionamento dos servizos de orientación xurídica, asistencia letrada e asistencia xurídica gratuita durante o ano anterior, na que tamén debe de constar unha “relación detallada xustificada documentalmente das cantidades destinadas por cada colexio para atender os gastos de organización, infraestrutura e funcionamento dos servizos de asesoramento previo, asistencia letrada e turno de oficio, con indicación dos criterios seguidos para elo”.

Sen que, por tal causa, a Consellería, en aplicación do punto 1 do artigo 47, suspendera os sucesivos pagos ata que se producise a rendición, ou dando lugar no seu caso, a regularizacións dos libramentos a conta, segundo prevé o punto 2 do mesmo artigo.

A documentación facilitada pola Consellería permite constata-la remisión por parte do Colexio de Santiago das certificacións que o artigo 44 require para que aquela poida efectuar os libramentos cuadrimestrais que corresponden, observándose que non se remiten dentro do mes seguinte ó cuadrimestre ó que se refire, senón cun retraso sobre este prazo, tal como se recollen no cadro seguinte:

| COLEXIO AVOGADOS DE SANTIAGO                                       |                        |                          |                                |                  |                      |                 |
|--|------------------------|--------------------------|--------------------------------|------------------|----------------------|-----------------|
| CERTIFICACIÓN<br>DATA  | PERÍODO<br>CERTIFICADO | Nº ASISTENCIAS<br>DETIDO | Nº ACTUACIONES<br>TURNO OFICIO | IMPORTE<br>TOTAL | ADOK DATA<br>CONTAB. | DATA<br>INGRESO |
| 19/03/97   | 3º C 1996              | 278                      | 345                            | 10.800.400       | (*) 07/07/97         | 06/08/97        |
| 27/08/97   | 1º C 1997              | 291                      | 303                            | 10.893.639       | 19/09/97             | 26/09/97        |
| 12/09/97   | 2º C 1997              | 281                      | 168                            | 7.439.490        | 24/09/97             | 03/10/97        |
| (*) Gasto convalidado por Acordo do Consello da Xunta do 18/06/97. |                        |                          |                                |                  |                      |                 |

As contías aplicadas a cada actuación certificada respectan o importe establecido no Anexo II do Regulamento (Decreto 146/97, por aplicación da súa disposición transitoria terceira) para as correspondentes ó 1º e 2º cuadrimestre de 1997, e os establecidos no Decreto 252/95 para as correspondentes ó 3º cuadrimestre de 1996, contabilizándose os "ADOK" correspondentes polos importes que para cada cuadrimestre resultan (sen incidencias cuantitativas), nas datas que se expresan no cadro anterior.

En 1999 non consta, no Colexio de Avogados de Santiago, a implantación dun sistema informático coa finalidade de axilizar o procedemento do recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuita, para o que o Decreto 146/97 contemplaba un período de 2 anos, sen que se poida determinala parte da compensación económica que se destina a este obxecto, tal e como establece a citada disposición, situación que afecta tamén a outros colexios.

En canto ás Comisións de Xustiza Gratuita, realizouse un seguimento dalgún acta das sesións celebradas pola Delegación de Santiago (creada polo Decreto 52/1997), puidendo verificar que se axustan, na súa composición e funcións, ó establecido nos artigos 4 e 10, respectivamente, do Decreto 146/97. Examinouse a documentación xustificativa dalgún expediente resolto pola mesma, verificándose que actúan respectando os prazos establecidos, solicitando informes complementarios no seu caso, e realizando as notificacións a que están obrigados segundo o artigo 22.1 do citado Decreto.

No Colexio de Avogados de Santiago de Compostela estableceuse un sistema de turno de oficio no que se fixaron uns requisitos mínimos a cumprir polos letrados que se adscriben para presta-la Defensa en turno de oficio e a asistencia letrada ó detido ou preso, que resumidamente son:

- Ter despacho aberto no partido xudicial de Santiago e non prestar asistencia na Administración Pública ou privada con suxección a horario.
- Non estar dado de alta no turno ou asistencias doutro partido xudicial.
- Haber realizado o curso de turno de oficio organizado polo Colexio de Avogados.

Para determinados turnos especiais esixese, ademais, unha formación de carácter específico ou unha antigüidade mínima de 5 anos no exercicio da profesión, segundo o caso.

Mantense un servizo de garda localizada que funciona 24 horas ó día durante todo o ano, mediante o establecemento de listas de avogados de garda, integrados polo menos de dous letrados cada día.

Existe, ademais, unha lista de reserva con letrados de máis de 5 anos de exercicio profesional para atender casos de especial gravidade ou para reforzar, se é necesario, ó sistema ordinario de gardas.

Os letrados só poden elixir un máximo de dúas materias entre as que distingue a normativa aplicable, levando implícita a adscripción ó turno penal a asistencia ó detido ou preso.

O letrado desinado para a defensa dun procedemento farase cargo do mesmo dende que se inicia ata que finalice, incluída a execución, se ésta se produce dentro dos dous anos seguintes á resolución xudicial dictada na mesma instancia.

O letrado debe acredita-las actuacións realizadas nos termos do Decreto 146/97 (Anexo III) para devenga-lo cobro.

Segundo cálculos do propio colexio a retribución media por avogados de turno de oficio está en torno



ás 175.000 pesetas por ano e as de asistencia ó detido ronda as 60.000 pesetas anuais (cifras referidas a 1997).

Así mesmo, o Colexio conta cun servizo de orientación xurídica, integrado por oito letrados, coa finalidade de asesorar e informar sobre as solicitudes de xustiza gratuita que chegan ó Colexio, así como de establecer criterios e normas de actuación co-

muns para os letrados adscritos ó turno de oficio e asistencias ó detido, así como para informar sobre as pretensións de xustiza gratuita, ademais de evacuar consultas e informes sobre esta materia que se lle solicitan.

O gasto derivado das compensacións económicas devengadas en 1997, por cuadrimestre, segundo as certificacións emitidas polo Colexio, serían:

U.M.: Pesetas

| PERÍODO 1997        |                   |                  |                  |                   |
|---------------------|-------------------|------------------|------------------|-------------------|
| MODALIDADE          | 1º CUADRIMESTRE   | 2º CUADRIMESTRE  | 3º CUADRIMESTRE  | TOTAL             |
| Turno Oficio        | 7.580.604         | 4.240.305        | 6.795.578        | 18.616.487        |
| Asistencia ó detido | 3.313.035         | 3.199.185        | 3.165.030        | 9.677.250         |
| <b>TOTAIS</b>       | <b>10.893.639</b> | <b>7.439.490</b> | <b>9.960.608</b> | <b>28.293.737</b> |

Para gastos de infraestrutura, o Consello da Avogacía Galega remitiu en 1997 ó Colexio de Santiago 2.793.146 pesetas (o 7,9% da cantidade total aprobada pola Xunta para repartir entre os distintos colexios, segundo a memoria do Director Xeral de Xustiza e Administración Local, que ascendeu a 35.353.360 pesetas).

No Colexio non se realizou un cálculo dos gastos sufragados con esta aportación de 1997, nos termos que establece o artigo 49 do Decreto 146/97, máis concretamente no seu parágrafo segundo, segundo o

cal cada colexio deberá remitir dentro do primeiro trimestre de cada ano unha memoria-informe que, entre outros, deberá conter unha relación detallada e xustificada documentalmente das cantidades destinadas a atender os gastos de organización, infraestrutura e funcionamento dos servizos de asesoramento previo, asistencia letrada e turno de oficio, con indicación dos criterios seguidos para elo.

Sen embargo, en 1998 consta unha estimación realizada polo colexio, que o seu desglose, segundo a información aportada na nosa visita sería:

U.M.: Pesetas

| GASTOS TURNO OFICIO COLEXIO DE SANTIAGO        |                |            |                  |
|--|----------------|------------|------------------|
| GASTOS COLEXIO DE AVOGADOS                     | TOTAL EX. 1998 | % VARIABLE | GASTO IMPUTABLE  |
| <b>GASTOS MANTENIMENTO E INFRAESTRUCTURAS:</b> |                |            |                  |
| - Limpeza e servizos sanitarios                | 1.500.000      | 10%        | 150.000          |
| - Correos                                      | 500.000        | 20%        | 100.000          |
| - Electricidade                                | 800.000        | 15%        | 120.000          |
| - Augua  | 25.000         | 10%        | 2.500            |
| - Material de oficina                          | 700.000        | 35%        | 245.000          |
| - Fotocopias                                   | 400.000        | 15%        | 60.000           |
| - Informática                                  | 500.000        | 30%        | 150.000          |
| - Telefonía fixa e fax                         | 900.000        | 15%        | 135.000          |
| - Teléfonos móbiles                            | 200.000        | 100%       | 200.000          |
|  |                |            | <i>1.162.500</i> |
| <b>GASTOS DE PERSOAL:</b>                      |                |            |                  |
| - Persoal Administrativo (Soldos e S. Social)  | 12.000.000     | 25%        | <i>3.000.000</i> |
| <b>GASTOS COMISIÓN TURNO</b>                   |                |            | <i>960.000</i>   |
| <b>TOTAL</b>                                   |                |            | <b>5.122.500</b> |

Recibíndose, para ese mesmo ano, do Consello da Avogacía Galega, 3.279.976 pesetas, cifra que, segundo as súas estimacións, resulta insuficiente para prestar este servizo, tal e como expresou no seu informe emitido en decembro de 1998.

O artigo 48 do Decreto 146/97 regula o contido da xustificación cuadrimestral da aplicación dos fondos recibidos en concepto de compensación económica que os colexios xustificarán ante a Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local que, segundo establece o seu artigo 47, consistirá na presentación dos documentos seguintes:

- a) Relación detallada dos turnos de garda ou, se procede, das asistencias letradas ó detido efectuadas por cada letrado con indicación dos datos seguintes: día de actuación, nº de atestado ou telefonema, centro de detención, nomes dos detidos, tipo de delito, importe bruto pagado, retención de IRPF, e importe neto líquido, para cada letrado.
- b) Relación detallada dos asuntos de xustiza gratuita asumidos por cada letrado, con indicación do nº de expediente dado pola comisión de asistencia xurídica gratuita, nome do beneficiario, tipo e nº de procedemento, órgano xudicial, importe bruto pagado, retención de IRPF e importe neto líquido para cada letrado.
- c) Relación por letrados das cantidades devoltas, no seu caso, por percepcións indebidas de compensacións, con indicación dos datos seguintes: nº de expediente dado pola comisión de asistencia xurídica gratuita, nome do beneficiario, tipo e nº de procedemento, órgano xudicial, importe devolto, cuadrimestre no que se liquidou a compensación e motivo da devolución.
- d) Copia do documento de ingreso na Facenda das retencións de IRPF aplicadas.
- e) Relación separada, detallada e documentos dos asuntos nos que mediase designación de profesional nos supostos contemplados no artigo 21 da Lei.

- f) Relación separada das renuncias dos profesionais á percepción dos honorarios e dereitos.
- g) Relación das renuncias dos interesados ás designacións efectuadas.

Esta documentación non consta nin na Consellería nin no Colexio, respecto ó período que estamos fiscalizando, sen que existan ficheros individualizados por letrados/expedientes, en soporte documental ou informático, tanto respecto ós turnos de garda (asistencias ó detido), como para os asuntos de xustiza gratuita, que permitirían o seguimento das actuacións para as que se declara o devengo da compensación económica para cada letrado, ó amparo das disposicións que regulan a xustiza gratuita no ámbito da C.A. de Galicia, dende o momento inicial do expediente (ou asistencia) ata a súa finalización, amparados polos documentos xustificativos pertinentes que en cada caso deben constar no Colexio de Avogados, para poder constata-lo bo fin dos fondos aplicados.

A documentación facilitada polo Colexio, ordenada por cuadrimestres, refírese de forma separada a:

- “Partes” de asistencia presentados polos letrados para cada mes.
- Declaracións dos letrados das actuacións realizadas en turno de oficio, acompañadas de documentación xustificativa de cada actuación que se declara (escritos dirixidos ó xulgado, sentencias xudiciais, etc, segundo o caso).
- Copias dos cheques nominativos emitidos, para proceder ó pago, unha vez remitidos os fondos pola Xunta, das cantidades que resulten para cada letrado polas actuacións que xustificou neste período, polo seu importe líquido e o seu “recibín” asinado.
- Liquidacións que indican a cantidade bruta, retención por IRPF a practicar e importe líquido resultante para cada letrado, con indicación do nº de actuacións de cada tipo prestadas no turno de oficio referidas a ese período.

Compleouse esta información coa aportación dos libros Diario, Maior e de Balances de 1997 e os ex-

tractos bancarios dos movementos da conta aberta nunha entidade bancaria baixo o título de “Colexio Avogados de Santiago turno de oficio e asistencia ó detido”, na que se ingresan as aportacións da Xunta de Galicia para atende-las compensacións económicas dos avogados, e tamén a aportación que para atende-los gastos derivados do funcionamento operativo destes servicios recibe a través do Consello da Avogacía Galega, para ese mesmo período.

Do seguimento da información facilitada, correspondente ás actuacións do primeiro e segundo cuadrimestre de 1997, certificados polo Colexio ante a Consellería de Xustiza, en agosto e setembro, respectivamente, podemos indicar:

A.- Asistencia ó detido ou preso:

Ó respecto, o Decreto 146/97, no seu anexo II, establece que a compensación económica devengarase cando o profesional acredite a súa actuación, unha vez finalizada a súa intervención profesional e se presente o “parte” do avogado, selado polo órgano policial ou xudicial onde se verificou a asistencia. Ditos partes deberán incluír como mínimo os datos seguintes: nome e nº de colexio do avogado, nome e DNI (pasaporte ou tarxeta de residencia) do asistido ou asistidos, motivo da asistencia e nº de dilixencias policiais ou xudiciais.

Cando o colexio teña establecido un turno de garda, pagarase unha sóa compensación por cada turno. Se o nº de asistencias realizadas a persoas diferentes é superior a cinco dentro dunha mesma garda, o avogado percibirá unha compensación equivalente ó dobre establecido, sexa cal sexa o nº de asistencias realizadas.

No Colexio de Avogados de Santiago indícasenos que o número de asistencias certificadas en cada cuadrimestre é o que resulta do reconto manual realizado sobre a totalidade dos “partes” presentados nese período polos profesionais colexiados adscritos ós turnos de garda que previamente teñen establecidos. Para elo consideran como unha única asistencia o feito de que se asista a unha mesma persoa primeiro nas dependencias policiais e logo nas xudiciais, por un mesmo motivo. Considérase tamén unha única asistencia cando o avogado asiste por un mesmo motivo a varias persoas diferentes (partes que presentan nº de dilixencias iguais).

No suposto de que, nun mesmo turno de garda, se xustifican polo letrado máis de 5 asistencias diferentes, compútanse na súa totalidade.

Tendo en conta tódalas consideracións ó realiza-lo reconto dos “partes” admitidos, emítese certificación polo total resultante para ese período, asinado polo Secretario do colexio, co visto bo do Decano.

O pago ós profesionais realízase finalmente dividindo entre o número total de letrados que realizaron gardas no período considerado (con asistencia ou non) o importe que resulta do produto do módulo establecido no Decreto 146/97 (11.385 pesetas) polo número de asistencias computadas nese mesmo período, pero tendo en conta que se consideran varios aspectos adicionais, como períodos vacacionais (gardas voluntarias) ou asistencias por avogados de lista de reserva, determinándose así para cada un dos letrados o importe a percibir, dando lugar a que nun mesmo período se liquiden varias cantidades diferentes.

Realizouse, a partir da documentación aportada polo Colexio, un seguimento das asistencias xustificadas no primeiro e segundo cuadrimestre de 1997, observándose o seguinte:

- Varios dos “partes” admitidos non presentan selo do órgano no que se prestou a asistencia.
- Nalgúns casos non están asinados polo avogado, en xeral, ningún parte inclúe o nº de colexiado nin o DNI (pasaporte ou tarxeta de residencia) do asistido.
- Non poidemos verifica-lo nº total de asistencias declaradas no primeiro cuadrimestre de 1997, por non estar localizables os partes correspondentes ó mes de abril (certificáronse en total 291 asistencias, sendo a suma das correspondentes ós meses de xaneiro, febreiro e marzo, segundo os datos do colexio de 222).
- Realizado o reconto dos partes aportados para o segundo cuadrimestre, seguindo os criterios explicados polo Colexio, xa expostos, observamos unha pequena diferenza en exceso entre o número de asistencias certificadas sobre as xustificadas, que cuantitativamente non é significativa, (281 e 277 respectivamente).

- Os pagos realizados ós profesionais nese período considerado, segundo as liquidacións realizadas e talóns nominativos emitidos, que xusti-

fican a aplicación dos fondos recibidos da Xunta por este concepto serían:

U.M.: Pesetas

| PRIMEIRO CUADRIMESTRE 1997 |         |                  | SEGUNDO CUADRIMESTRE 1997 |         |                  |
|----------------------------|---------|------------------|---------------------------|---------|------------------|
| Nº.                        | IMPORTE | TOTAL            | Nº.                       | IMPORTE | TOTAL            |
| 122                        | 17.672  | <b>2.155.984</b> | 110                       | 16.164  | <b>1.778.040</b> |
| 8                          | 21.689  | <b>173.512</b>   | 44                        | 26.363  | <b>1.159.972</b> |
| 6                          | 25.750  | <b>154.500</b>   | 4                         | 27.548  | <b>110.192</b>   |
| 25                         | 29.768  | <b>744.200</b>   | 1                         | 37.747  | <b>37.747</b>    |
| 1                          | 63.923  | <b>63.923</b>    | 2                         | 38.933  | <b>77.866</b>    |
|                            |         |                  | 2                         | 10.199  | <b>20.398</b>    |

A suma destas cantidades non coincide exactamente co importe que para cada cuadrimestre resulta das certificacións emitidas polo Colexio sobre as asistencias prestadas (291 e 281 respectivamente), ó multiplicalas polo módulo establecido para ese ano polo Decreto 146/97 (11.385 pesetas). Para as diferencias resultantes, por non ser significativas cuantitativamente, non propomos regularización, e poderían derivarse da forma en que o Colexio distribúe os fondos recibidos entre os colexiados do turno de garda, como se explicou en parágrafos anteriores. Observáronse pequenas diferencias entre liquidacións e cheques, así como entre estes e as cifras contabilizadas no Maior (Conta 551.0000 "Colexios Asistencia ó Detido"), no que se reflicte para ese período un nº de liquidacións superior ás que podemos constatar na carpeta correspondente facilitada polo Colexio, sen que se localizara copia do cheque emitido durante a nosa visita, e que contablemente xustifican a total aplicación dos fondos recibidos para esta finalidade e período cun importe superior.

Tódolos cheques emitidos teñen data de outubro de 1997 e inclúen a contía que resultaría polos dous cuadrimestres conxuntamente, segundo a liquidación efectuada polo Colexio (salvo diferencias pouco significativas xa comentadas), polo importe líquido, é dicir, unha vez deducida a retención correspondente por IRPF. En 1999 figuran pendentes de cobro 4 cheques emitidos.

#### B.- Turno de oficio:

O persoal do colexio encargado da xestión deste servizo realiza o seguimento e recuento das actuacións declaradas en cada período polos letrados, para determina-lo número de actuacións de xustiza

gratuita que posteriormente se certifican para recibilos libramentos cuadrimestrais da Xunta.

Realízase un laborioso traballo de revisión das declaracións presentadas polos letrados, e das xustificacións documentais que se acompañan coa finalidade de evitar pagos duplicados (declaracións que conteñan actuacións xa declaradas e pagadas nun cuadrimestre anterior) ou improcedentes (actuacións non xustificadas, etc), así como para determina-lo nº de actuacións e importe correspondente a cada letrado polas súas actuacións, aplicando os criterios e baremos establecidos no Decreto autonómico que aproba o regulamento de asistencia xurídica gratuita.

Tanto os recontos como as depuracións para evitar pagos duplicados, incorrectos, improcedentes, etc, realízanse manualmente, sen contar co apoio dun sistema informático adecuado que, mediante a grabación e codificación dos datos necesarios que conteñan as declaracións e demais documentación xustificativa que se orixinara ó longo dos procedementos iniciados, permitan obter tódala información necesaria, asegurando á súa vez, un mínimo nivel de risco e o seguimento e control dos expedientes e procedementos dende o seu inicio ata a súa finalización.

O Colexio, non conta con fichas individuais por letrados/expedientes/procedementos que permitan o coñecemento, no seu momento concreto, de cómo está a situación dun expediente calquera

Por outra parte, o Colexio non ten establecido un rexistro especial dos expedientes tramitados con motivo da insostibilidade das pretensións formuladas polos seus colexiados e dos iniciados excepcio-

nalmente polo letrado previo requerimento xudicial, que establece o artigo 33 do Decreto 146/97, que se rexistran no de entrada xeral do Colexio, sen que sexa posible o seu seguimento máis que mediante a análise de cada unha das anotacións que éste contén.

Respecto ás actuacións que se declaran en procedementos penais, con carácter xeral e salvo casos excepcionais, non se tramitan no Colexio expedientes de xustiza gratuita que den lugar a un recoñecemento expreso do dereito ou á súa denegación, non constando nel solicitudes dos interesados ou declaracións do avogado do turno de oficio, segundo os modelos que indica o Decreto 146/97, para dar cumprimento ó establecido nos artigos 14 e 15 do mesmo e os artigos seguintes, que recollen o procedemento que se ha de seguir para o recoñecemento do dereito á asistencia gratuita, en aplicación da Lei 1/96, do 10 de xaneiro.

O alcance do traballo realizado ven determinado pola ausencia de información e documentación ordenada de tal forma que permita o seguimento dunha actuación declarada dende a súa xustificación inicial (solicitud de xustiza gratuita, asistencia ó detido, requerimento xudicial) e en cada unha das seguintes fases do procedemento orixinado, ata a finalización do asunto e do expediente de xustiza gratuita ( no seu caso, o reintegro económico previsto no artigo 36 da Lei, se fose procedente).

Do seguimento dunha mostra de declaracións dos letrados que percibiron compensación económica por actuacións correspondentes ó primeiro e segundo cuadrimestre de 1997, elexidos ó azar sobre os arquivados para ese período polo Colexio, pretendendo verificar que todas elas se acompañan de documentación que xustifique o devengo da compensación económica pola actuación declarada, nos termos establecidos polo Decreto 146/97 ( ou, no seu caso, Decreto 275/95, derogado) e polo importe que en cada caso lle corresponde segundo o Anexo II do citado Decreto, resulta o seguinte:

- En tódolos casos revisados se acompaña á declaración do letrado de copia de documentación que xustifica a actuación (excepto en 2), observándose, entre as correspondentes ó primeiro cuadrimestre de 1997, a falta de constancia, nalgún caso, de selo do órgano xudicial ó que foi dirixido o escrito do letrado. Esta situación

non se observa nos correspondentes ó segundo cuadrimestre, en que sí constan selos dos órganos xudiciais, como establece o Decreto 146/97.

- Varias declaracións preséntanse sen que nelas se cumprimenten cada un dos datos do formulario que o Colexio ten establecido ó efecto, ou se faga co detalle necesario para identifica-la data da asistencia previa, turno asignado, etc, que permitirían o enlace da actuación declarada co punto de partida do expediente que se orixinou no seu momento, así como o dato referido á data de declaración de pobreza ou recoñecemento do dereito de xustiza gratuita e datas de inicio e terminación do asunto (se a houbera), necesarios para permiti-lo total seguimento dun expediente a partir desa referencia.
- Solicitouse do Colexio, para cada caso seleccionado, documentación acreditativa do recoñecemento do dereito á xustiza gratuita, nos termos que establecen as disposicións aplicables a esta materia.
- Nos procedementos civís aportouse, en tódolos casos, a notificación da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuita na que se recoñecía o dereito ó beneficiario, excepto nun.
- Nos procedementos penais aportouse únicamente solicitud do xulgado para que polo Colexio se procedese ó nomeamento de avogado de turno de oficio ou, nun dos casos, os partes da asistencia prestada ó detido previa á actuación que se declara (aínda que sen selar), sen que quede constancia, entre a documentación aportada, da formalización dun expediente de xustiza gratuita previa solicitud (ante o Colexio ou o órgano xudicial), a súa tramitación e/o recoñecemento expreso, en todo caso, do dereito á asistencia xurídica gratuita.
- Para a mostra seleccionada, verificouse que o importe liquidado a cada letrado é o que resulta da aplicación do baremo do Anexo II do Decreto sobre as actuacións admitidas polo Colexio, en cada caso, emitíndose cheque nominativo polo importe líquido resultante de practicar sobre o bruto a retención correspondente por IRPF.

- Por outro lado, realizouse un contraste das actuacións certificadas polo Colexio coas declaracións arquivadas, liquidacións practicadas e cheques nominativos emitidos en outubro de 1997 (que figuran con recibí asinados), resultando conforme e figurando á súa vez rexistrados nas contas do Maior 551.0005, “Colexios turno de oficio” e 4751000, “Facenda Pública Acredor-Retencións”, os importes correspondentes (referido a actuacións do primeiro e segundo cuadrimestre de 1997).

#### - Proxecto 130097412:

Tal e como se describe no anexo de proxectos do C. IV da Lei de presupostos para 1997, este ten por finalidade axudas sociais a empresas en crise afectadas por procesos de reestructuración e axudas análogas ás previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social. Os seus beneficiarios serán empresas en crise ou en reestructuración non suxetas a plans de reconversión e, indirectamente, os traballadores de ditas empresas.

O proxecto, na práctica, materializouse nun único expediente (número de referencia 9713001450), que responde a unha axuda extraordinaria autorizada por Acordo do Consello da Xunta do 06/11/97, que aprobou conceder-la cantidade de 30.000.000 pesetas á empresa Rodman Polyships S.A., coa finalidade de contribuir a parte do coste do Plan de prexubilacións para o ano 1997, que afecta a 18 traballadores maiores de 57 anos de idade, acordado entre a dirección empresarial e o comité de empresa o 28/03/96. Concédese esta axuda ó amparo do artigo 40 1.b) da Lei 11/96, do 30 de decembro, de presuposto da C.A. de Galicia para 1997.

A Resolución da Consellería de Xustiza do 26/11/97, para dar cumprimento á axuda extraordinaria aprobada polo Consello da Xunta, indica, no

seu punto terceiro, que a empresa beneficiaria está obrigada a destinar os fondos recibidos ás finalidades para as que foron concedidos, sen que se indique en qué forma deberá xustificar o seu cumprimento.

A documentación aportada no expediente consiste nunha póliza de seguro, “Suplemento seguro colectivo de vida”, entre Rodman Polyships S.A. e Mapfre Vida, do 18/11/97, que relaciona como asegurados a 6 dos 18 traballadores pertencentes a aquela, que no seu día manifestaron á Consellería o seu desexo de acollerse ó Plan de prexubilacións proposto pola empresa (Escrito rexistro de entrada Xunta 18/09/97). O coste da póliza que afecta a eses 6 traballadores relacionados ascende a 34.883.390 pesetas e acompaña-se factura/recibo por dito importe.

Entendemos que esta documentación, aínda cando pola súa contía xustificaría a aplicación da subvención concedida (30.000.000 de pesetas), non permite constata-lo cumprimento de obxectivo establecido na súa concesión: a prexubilación de 18 traballadores da empresa beneficiaria maiores de 57 anos de idade.

Por outro lado, non consta no expediente notificación á Comisión correspondente do Parlamento (artigo 40 1.b), último parágrafo, da Lei 11/96).

#### V.3.4. Investimentos reais

A Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupostos Xerais da C.A. para 1997, aprobou créditos con destino a investimentos reais por importe de 69.171 millóns de pesetas, a súa execución presupostaria en cómputo global, así como as variacións con respecto ó exercicio precedente, foi a que seguidamente se refllicte:

| FASE                         | U. M.: Millóns de pesetas |        |                  |           |
|------------------------------|---------------------------|--------|------------------|-----------|
|                              | EXERCICIOS                |        | VARIACIÓNS 97/96 |           |
|                              | 1997                      | 1996   | ABSOLUTAS        | RELATIVAS |
| Crédito inicial              | 69.171                    | 69.915 | -744             | -1,1 %    |
| Modificacións                | 10.457                    | 4.263  | 6.194            | 145,3 %   |
| Crédito definitivo           | 79.628                    | 74.178 | 5.450            | 7,3 %     |
| Obrigas recoñecidas          | 69.477                    | 61.953 | 7.524            | 12,1 %    |
| Pagos realizados             | 52.540                    | 51.688 | 852              | 1,6 %     |
| Remanentes comprometidos     | 2.947                     | 3.352  | -405             | -12,1 %   |
| Remanentes non comprometidos | 7.204                     | 8.873  | -1.669           | -18,8 %   |

Do que resultan os seguintes:

| ANO  | GRAOS DE    |           |             |
|------|-------------|-----------|-------------|
|      | DISPOSICIÓN | EXECUCIÓN | CUMPRIMENTO |
| 1997 | 91,00%      | 87,25%    | 75,62%      |
| 1996 | 88,04%      | 83,52%    | 83,43%      |

Dos datos anteriores obsérvase que a pesar de aprobarse uns créditos iniciais lixeiramente inferiores ós do ano anterior, o importe das modificacións efectuadas ó longo do exercicio presupostario determinou que os créditos definitivos superasen ós de 1996 nun 7,3%, rompendo deste modo a tendencia manifestada en informes anteriores, resultando significativo que os remanentes non comprometidos en fin de exercicio representan un 69% do incremento dos créditos iniciais. Por outro lado é de resaltar que o incremento de 4 puntos no grao de execución, (recoñeceu un 12% de obrigas máis que en 1996), non levou aparellada a mesma tendencia no grao de cumprimento que descendeu nun 7,8%, ó incrementarse os pagos realizados unicamente nun 1,6%.

O importe global das modificacións é resultado da seguinte distribución segundo a tipoloxía:

| U. M.: Millóns de pesetas |               |
|---------------------------|---------------|
| Ampliacións de crédito    | 461           |
| Transferencias:           |               |
| Positivas: 11.788         |               |
| Negativas: 12.728         | -940          |
| Incorporacións de crédito | 8.753         |
| Xeracións de crédito      | 2.183         |
| <b>TOTAL</b>              | <b>10.457</b> |

En relación coas modificacións precedentes cabe manifestar:

a) As ampliacións de crédito corresponden a expedientes tramitados ó amparo do artigo 64.1.g) da Lei 11/92, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, derivados da aportación, entre distintas consellerías, á suscripción de convenios para a realización de actividades, polo que non responden a ampliacións reais de créditos presupostarios.

b) O importe das incorporacións de crédito representa o 71,6% do total dos remanentes do exercicio anterior neste capítulo. Do total das incorporacións o 60% tramitáronse a través da Sección 23, na que se incorpora a totalidade do remanente existente a 31-12-96, (5.723 millóns de pesetas), do que 4.606 millóns de pesetas corresponden a transferencias de dotacións non utilizadas procedentes de distintos programas e capítulos, autorizados no último mes de dito exercicio.

As restantes incorporacións tramitáronse polas diferentes consellerías e afectaron fundamentalmente a créditos financiados con fondos comunitarios, FCI e subvencións finalistas.

c) As xeracións de crédito corresponden a expedientes tramitados polas distintas consellerías con motivo de aportacións de diversas entidades públicas e privadas á execución de proxectos de investimento, entre as que cabe destacar a Consellería de Presidencia, con 904 millóns, por proxectos destinados a construcións deportivas, a de Cultura con 471 millóns, dos que o 86%, corresponden ó proxecto "Galicia Terra Única", e a Sección 23.- Gastos de diversas consellerías, con 254 millóns de pesetas.

Distribución e execución dos créditos de investimentos:

a) Dende o punto de vista programático, ó longo de 1997, leváronse a cabo investimentos en 78 programas de actuación, que a súa execución, daqueles que superaron os 1.000 millóns de pesetas, foi a que se recolle no seguinte cadro:

| Investimentos EXECUCION POR PROGRAMAS > 1.000 millóns de Pesetas       |                 |                |                    |               |               |               |               |               |
|--|-----------------|----------------|--------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| PROGRAMA   | CRÉDITO INICIAL | TOTAL MODIFIC. | CRÉDITO DEFINITIVO | % DEF/TOTAL   | OBRIGAS(O)    | PAGOS REALIZ. | GRAO DE       |               |
|  |                 |                |                    |               |               |               | EXECUCIÓN     | CUMPRIMENTO   |
| 413B   | 19.053          | -903           | 18.150             | 22,79%        | 17.281        | 13.570        | 95,21%        | 78,52%        |
| 422C   | 4.122           | 1.338          | 5.460              | 6,86%         | 5.432         | 4.737         | 99,49%        | 87,21%        |
| 531B   |                 | 4.333          | 4.333              | 5,44%         |               |               |               |               |
| 322T   | 3.650           | 324            | 3.974              | 4,99%         | 3.589         | 2.403         | 90,32%        | 66,94%        |
| 322C   | 3.601           | 136            | 3.736              | 4,69%         | 3.358         | 2.778         | 89,89%        | 82,71%        |
| 421A   | 3.689           | -5             | 3.684              | 4,63%         | 3.480         | 2.567         | 94,48%        | 73,76%        |
| 355A   | 1.443           | 1.707          | 3.150              | 3,96%         | 1.953         | 1.303         | 62,00%        | 66,72%        |
| 614C   | 2.733           | 205            | 2.938              | 3,69%         | 2.660         | 1.742         | 90,52%        | 65,48%        |
| 332A   | 1.952           | 95             | 2.047              | 2,57%         | 1.993         | 1.393         | 97,37%        | 69,87%        |
| 313A   | 2.565           | -548           | 2.017              | 2,53%         | 1.810         | 1.024         | 89,73%        | 56,56%        |
| 353F   | 1.845           | 132            | 1.977              | 2,48%         | 1.757         | 1.536         | 88,86%        | 87,46%        |
| 121A   | 1.412           | 551            | 1.963              | 2,46%         | 1.820         | 1.244         | 92,73%        | 68,32%        |
| 322A   | 1.781           | 130            | 1.911              | 2,40%         | 1.846         | 1.313         | 96,60%        | 71,09%        |
| 342A   | 1.625           | 97             | 1.721              | 2,16%         | 1.676         | 1.275         | 97,37%        | 76,05%        |
| 422D   | 1.340           | 136            | 1.477              | 1,85%         | 1.400         | 1.177         | 94,80%        | 84,04%        |
| 356A   | 1.249           | 215            | 1.464              | 1,84%         | 1.234         | 1.031         | 84,28%        | 83,60%        |
| 651A   | 761             | 680            | 1.441              | 1,81%         | 1.288         | 1.117         | 89,36%        | 86,75%        |
| 612B   | 1.220           | -22            | 1.198              | 1,50%         | 1.159         | 855           | 96,77%        | 73,76%        |
| 511A   | 805             | 272            | 1.077              | 1,35%         | 943           | 809           | 87,62%        | 85,75%        |
| 322S   | 1.008           | 25             | 1.033              | 1,30%         | 1.010         | 850           | 97,77%        | 84,14%        |
| <b>SUMAN</b>   | <b>55.853</b>   | <b>8.897</b>   | <b>64.750</b>      | <b>81,32%</b> | <b>55.689</b> | <b>42.722</b> | <b>86,01%</b> | <b>76,71%</b> |
| PORCENTAXES SOBRE TOTAIS DO CAPÍTULO                                   |                 |                |                    |               |               |               |               |               |
|  | <b>80,75%</b>   | <b>85,08%</b>  | <b>81,32%</b>      | <b>81,32%</b> | <b>80,15%</b> | <b>81,31%</b> |               |               |
| <b>20 programas con importe crédito Definitivo. &gt; 1.000 millóns</b> |                 |                |                    |               |               |               |               |               |



U. M.: Millóns de pesetas

| <b>Investimentos COMPARACIÓN 97/96 PROGRAMAS</b>   |                              |                              |                |                      |                      |                |
|--|------------------------------|------------------------------|----------------|----------------------|----------------------|----------------|
| <b>POR ORDE DE CRÉDITO DEFINITIVO97 &gt; 1.000 millóns de pesetas.</b>                                       |                              |                              |                |                      |                      |                |
| <b>PROG/97</b>   | <b>CRÉDITO DEFINITIVO/97</b> | <b>CRÉDITO DEFINITIVO/96</b> | <b>% 97/96</b> | <b>OBRIGAS(O)/97</b> | <b>OBRIGAS(O)/96</b> | <b>% 97/96</b> |
| 413B   | 18.150                       | 13.701                       | 32,47%         | 17.281               | 13.115               | 31,77%         |
| 422C   | 5.460                        | 6.224                        | -12,28%        | 5.432                | 6.209                | -12,53%        |
| 531B   | 4.333                        | 5.723                        | -24,30%        |                      |                      |                |
| 322T   | 3.974                        | 2.737                        | 45,19%         | 3.589                | 2.292                | 56,59%         |
| 322C   | 3.736                        | 5.632                        | -33,67%        | 3.358                | 4.712                | -28,72%        |
| 421A   | 3.684                        | 3.626                        | 1,59%          | 3.480                | 3.423                | 1,67%          |
| 355A   | 3.150                        | 2.691                        | 17,06%         | 1.953                | 1.879                | 3,96%          |
| 614C   | 2.938                        | 1.986                        | 47,94%         | 2.660                | 1.758                | 51,31%         |
| 332A   | 2.047                        | 868                          | 135,81%        | 1.993                | 739                  | 169,63%        |
| 313A   | 2.017                        | 181                          | 1.016,58%      | 1.810                | 178                  | 918,85%        |
| 353F   | 1.977                        | 1.936                        | 2,12%          | 1.757                | 1.769                | -0,69%         |
| 121A   | 1.963                        | 1.768                        | 11,02%         | 1.820                | 1.152                | 57,95%         |
| 322A   | 1.911                        | 846                          | 125,79%        | 1.846                | 701                  | 163,23%        |
| 342A   | 1.721                        | 2.910                        | -40,84%        | 1.676                | 2.871                | -41,62%        |
| 422D   | 1.477                        | 1.525                        | -3,18%         | 1.400                | 1.482                | -5,51%         |
| 356A   | 1.464                        | 1.120                        | 30,71%         | 1.234                | 1.043                | 18,30%         |
| 651A   | 1.441                        | 1.256                        | 14,77%         | 1.288                | 624                  | 106,38%        |
| 612B   | 1.198                        | 1.328                        | -9,79%         | 1.159                | 1.104                | 5,04%          |
| 511A   | 1.077                        | 709                          | 51,81%         | 943                  | 707                  | 33,46%         |
| 322S   | 1.033                        | 927                          | 11,45%         | 1.010                | 894                  | 12,92%         |
| <b>SUMAS</b>   | <b>64.750</b>                | <b>57.695</b>                | <b>12,23%</b>  | <b>55.689</b>        | <b>46.652</b>        | <b>19,37%</b>  |
| <b>Programas que en 1996 tiñan importes superiores a 1.000 millóns de pesetas que en 1997 non os acadan:</b> |                              |                              |                |                      |                      |                |
| 123A   | 911                          | 1.020                        | -10,74%        | 819                  | 982                  | -16,63%        |
| 212B   | 600                          | 1.025                        | -41,52%        | 547                  | 941                  | -41,84%        |
| 412A   |                              | 1.695                        |                |                      | 1.670                |                |

Os 20 programas que superaron os 1.000 millóns de pesetas de crédito definitivo representan o 81% do correspondente á totalidade do capítulo VI analizado, e o 80% das obrigas, acadando un grao medio de execución do 86%, que se eleva ó 92%, se non se considera o programa 531B.- Imprevistos e funcións non clasificadas, que pola súa propia natureza de programa redistribuidor de créditos, non rexistra nivel de execución, e que sen embargo ocupa o terceiro lugar en orde de importancia nos créditos definitivos. Resultando así mesmo significativo o nivel de execución do programa 355A.- Fomento da actividade deportiva, que tras un incremento por modificacións do 118% ó longo do exercicio, execútase nun 62%, mentres que o nivel de

obrigas recoñecidas apenas sofre variacións relativas.

O ranking de programas reseñados no cadro precedente, con respecto ó semellante do exercicio de 1996, difire nos seguintes aspectos fundamentais:

- Incrementábase en 2 o número de programas con créditos superiores ós 1.000 millóns de pesetas, que se traduce nun incremento de 3 puntos na súa representatividade relativa con respecto á totalidade do capítulo. Non obstante é de sinalar que do mesmo desaparecen tres que en 1997 non acadan o citado importe e incorpóranse 5, dos que os incrementos máis significativos corresponden ó 313A, con 1.836 millóns de pese-

tas, o 332A, con 1.179 e o 322A con 1.065 millóns de pesetas.

- En canto á orde de distribución, por importes, non se observan cambios significativos.
- Prodúcese, en xeral, tanto en créditos definitivos como en obrigas recoñecidas variacións importantes con respecto ó ano anterior, sendo as máis significativas, en créditos definitivos, o incremento do 1.017% do programa 313A.- Protección e promoción da saúde, do 135% no

332A.- Ordenación e fomento da edificación e do urbanismo, o 126% do 322A.- Educación infantil, primaria EXB, e en canto a diminucións o programa 342A.- Protección e mellora do medio ambiente, é o de maior variación ó reducir o seu importe nun 41%.

- b) Con respecto ó aspecto orgánico, a distribución e execución de créditos, por orde de participación con relación ó total de investimentos é a que se reflicte a continuación:

| EXECUCION POR SECCIONES (importes en millones de Pesetas) |                 |               |                 |                 |               |               |              |              |               |               |                    |                |
|---|-----------------|---------------|-----------------|-----------------|---------------|---------------|--------------|--------------|---------------|---------------|--------------------|----------------|
| SECCION   | CRÉDITO INICIAL | TOTAL MODIF.  | CRÉDITO DEFTVO. | CRÉDITO COMPRD) | OBRIGAS (O)   | PAGOS REALIZ. | REMANENTE    |              | GRAOS DE:     |               | % SOBRE TOTAIS     |                |
|   |                 |               |                 |                 |               |               | COMPR.       | NON COMPR.   | EXECUCIÓN     | CUMPRIM.      | CRÉDITO DEFINITIVO | OBRIGAS        |
| 06  | 21.381          | -897          | 20.484          | 20.041          | 19.516        | 15.144        | 525          | 444          | 95,27%        | 77,60%        | 25,73%             | 28,09%         |
| 09  | 15.594          | 1.712         | 17.307          | 16.980          | 16.545        | 13.030        | 435          | 326          | 95,60%        | 78,75%        | 21,73%             | 23,81%         |
| 07  | 12.030          | 778           | 12.808          | 12.137          | 11.722        | 8.880         | 415          | 671          | 91,52%        | 75,76%        | 16,09%             | 16,87%         |
| 04  | 4.276           | 2.533         | 6.809           | 6.353           | 5.441         | 4.052         | 913          | 456          | 79,90%        | 74,48%        | 8,55%              | 7,83%          |
| 10  | 4.246           | 1.363         | 5.609           | 5.356           | 5.074         | 3.982         | 282          | 253          | 90,46%        | 78,48%        | 7,04%              | 7,30%          |
| 23  |                 | 4.333         | 4.333           |                 |               |               |              | 4.333        | 0,00%         |               | 5,44%              |                |
| 12  | 3.349           | -55           | 3.294           | 3.063           | 2.987         | 1.940         | 76           | 231          | 90,68%        | 64,96%        | 4,14%              | 4,30%          |
| 11  | 3.865           | -723          | 3.141           | 2.934           | 2.821         | 1.897         | 113          | 207          | 89,79%        | 67,26%        | 3,95%              | 4,06%          |
| 05  | 1.695           | 382           | 2.077           | 1.877           | 1.846         | 1.239         | 31           | 200          | 88,87%        | 67,14%        | 2,61%              | 2,66%          |
| 13  | 1.269           | 386           | 1.655           | 1.642           | 1.548         | 1.199         | 93           | 13           | 93,56%        | 77,44%        | 2,08%              | 2,23%          |
| 14  | 742             | 236           | 978             | 933             | 907           | 696           | 26           | 46           | 92,72%        | 76,75%        | 1,23%              | 1,31%          |
| 08  | 547             | 410           | 957             | 934             | 934           | 366           |              | 23           | 97,59%        | 39,24%        | 1,20%              | 1,34%          |
| 01  | 92              |               | 92              | 92              | 54            | 44            | 38           |              | 59,15%        | 80,00%        | 0,12%              | 0,08%          |
| 20  | 46              | -8            | 38              | 38              | 38            | 38            |              |              | 100,00%       | 99,94%        | 0,05%              | 0,05%          |
| 02  | 34              |               | 34              | 34              | 34            | 21            |              |              | 100,00%       | 60,29%        | 0,04%              | 0,05%          |
| 03  | 4               | 7             | 11              | 11              | 11            | 11            |              |              | 100,00%       | 100,00%       | 0,01%              | 0,02%          |
| <b>Totais</b>   | <b>69.171</b>   | <b>10.457</b> | <b>79.628</b>   | <b>72.424</b>   | <b>69.477</b> | <b>52.540</b> | <b>2.946</b> | <b>7.204</b> | <b>87,25%</b> | <b>75,62%</b> | <b>100,00%</b>     | <b>100,00%</b> |

Do exame dos datos do cadro precedente, apréciase que son cinco as consellerías que superan os 5.000 millóns de pesetas de investimento, manténdose na mesma orde que en exercicios precedentes e que conxuntamente acadan o 79% dos créditos definitivos e o 84% das obrigas recoñecidas, e o 52% do incremento total por modificacións presupostarias.

Igualmente é destacable a diminución do crédito inicial na Consellería 06.- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, derivado de modificacións presupostarias tramitadas ó longo do exercicio, tal como sucedera no ano anterior, e no extremo oposto o incremento, polo mesmo motivo, na Sección 04.- C. de Presi-

dencia e Administración Pública, as súas modificacións elévanse nun 65,6% con respecto ás de 1996.

Con respecto ó grao de execución, obsérvase que na maioría das seccións significativas acádase porcentaxes superiores ó 90%, a excepción da 04.- C. de Presidencia na que só se chega ó 80%, aínda que non obstante supera en 6 puntos o acadado en 1996.

- c) Dende o punto de vista económico, a distribución e execución dos créditos e a súa evolución interanual foi a que se indica:

U. M.: Millóns de pesetas

| ARTIGO                                  | INICIAL       | MODIFIC.      | CRÉDITO DEFINITIVO |               | D             | O             | GRAO EXEC.    | K             | REMANENTES   |              |
|---|---------------|---------------|--------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|--------------|--------------|
|   |               |               | IMPORTE            | %             |               |               |               |               | COMPR.       | NON COMPR.   |
|   |               |               |                    |               |               |               |               |               |              |              |
| 60.-Invest.novo en Infraestructura      | 32.401        | 923           | 33.323             | 41,85         | 32.628        | 32.071        | 96,24%        | 29.997        | 557          | 695          |
| 61.-Invest.reposic. en Infraestructura  | 3.686         | 431           | 4.118              | 5,17          | 3.881         | 3.461         | 84,05%        | 3.264         | 420          | 237          |
| 62.-Invest.novo func. op. servicios     | 18.519        | 6.761         | 25.280             | 31,75         | 19.748        | 18.109        | 71,63%        | 15.801        | 1.639        | 5.532        |
| 63.-Invest.reposic. func. op. servicios | 2.804         | 923           | 3.727              | 4,68          | 3.592         | 3.462         | 92,91%        | 2.889         | 130          | 135          |
| 64.-Invest. Inmaterial                  | 11.761        | 1.419         | 13.180             | 16,55         | 12.575        | 12.375        | 93,89%        | 10.959        | 200          | 605          |
|   | <b>69.171</b> | <b>10.457</b> | <b>79.628</b>      | <b>100,00</b> | <b>72.424</b> | <b>69.477</b> | <b>87,25%</b> | <b>62.911</b> | <b>2.946</b> | <b>7.204</b> |

Dos datos do cadro precedente obsérvase:



1. As modificacións presupostarias tramitadas ó longo do exercicio incrementaron os créditos iniciais en tódolos artigos, correspondendo os maiores importes absolutos ó artigo 62.- Investimento novas asociados ó funcionamento operativo dos servicios, seguido do artigo 64.- Investimento inmaterial, con 6.761 e 1.419 millóns de pesetas, respectivamente.
2. Do total dos créditos definitivos o 41,85% asignouse ó artigo 60.- Investimentos novos en infraestructuras, o 31,75% ó artigo 62.- Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servicios e o 16,55% destinouse ó artigo 64.- Investimentos inmateriais.

3. O grao de execución foi superior ó 93% nos artigos 60, 63 e 64, mentres que no artigo 62 é do 71,63%, o que contrasta ó se-lo que maior incremento rexistrou como consecuencia das modificacións presupostarias. Resultando igualmente resaltante que o importe dos remanentes en fin de exercicio supoñen o 97% do incremento derivado das modificacións, coincidindo que os remanentes non comprometidos representan o 82% das mesmas.

Evolución interanual.- Das liquidacións presupostarias correspondentes ós últimos cinco exercicios, obtéñese o seguinte cadro e gráficos representativos da evolución interanual dos investimentos realizados pola Xunta de Galicia, tanto en créditos definitivos como en obrigas recoñecidas, baixo unha óptica económica:

EVOLUCION INTERANUAL POR ARTÍGOS

| ARTIGO       | PRESUPOSTO 1994    |               | PRESUPOSTO 1995    |               | PRESUPOSTO 1996    |               | PRESUPOSTO 1997    |               | CRÉDITOS DEFINITIVOS |              |               |              |              |               |              |              |               |       |
|--------------|--------------------|---------------|--------------------|---------------|--------------------|---------------|--------------------|---------------|----------------------|--------------|---------------|--------------|--------------|---------------|--------------|--------------|---------------|-------|
|              | Crédito Definitivo | Obrigas       | Crédito Definitivo | Obrigas       | Crédito Definitivo | Obrigas       | Crédito Definitivo | Obrigas       | 97/94                | 97/95        | 97/96         | 97/94        | 97/95        | 97/96         | 97/94        | 97/95        | 97/96         | 97/96 |
|              |                    | %             |                    | %             |                    | %             |                    | %             |                      | %            |               |              | %            |               | %            |              | %             |       |
| <b>60</b>    | 55.769             | 50.284        | 52.408             | 45.293        | 31.742             | 30.379        | 42,79              | 41,85         | 59,75                | 64,58        | 104,98        | 59,75        | 64,58        | 104,98        | 63,78        | 70,81        | 105,57        |       |
| <b>61</b>    | 4.421              | 3.302         | 5.056              | 3.530         | 2.788              | 2.071         | 3,76               | 5,17          | 93,14                | 81,44        | 147,71        | 93,14        | 81,44        | 147,71        | 104,81       | 98,03        | 167,12        |       |
| <b>62</b>    | 29.197             | 22.269        | 26.984             | 16.287        | 26.289             | 17.343        | 35,44              | 18,109        | 86,59                | 93,68        | 96,16         | 86,59        | 93,68        | 96,16         | 81,32        | 111,18       | 104,42        |       |
| <b>63</b>    | 3.387              | 2.958         | 2.906              | 2.644         | 2.143              | 1.962         | 2,89               | 3,727         | 110,02               | 128,25       | 173,93        | 110,02       | 128,25       | 173,93        | 117,07       | 130,94       | 176,52        |       |
| <b>64</b>    | 11.124             | 8.571         | 11.737             | 10.084        | 11.216             | 10.199        | 15,12              | 13,180        | 118,48               | 112,29       | 117,51        | 118,48       | 112,29       | 117,51        | 144,39       | 122,71       | 121,34        |       |
| <b>Total</b> | <b>103.897</b>     | <b>87.383</b> | <b>99.091</b>      | <b>77.839</b> | <b>74.178</b>      | <b>61.953</b> | <b>100,00</b>      | <b>79.628</b> | <b>76,64</b>         | <b>80,36</b> | <b>107,35</b> | <b>76,64</b> | <b>80,36</b> | <b>107,35</b> | <b>79,51</b> | <b>89,26</b> | <b>112,15</b> |       |



Da súa análise resulta:

1. A nivel global obsérvase que o presuposto destinado a investimento diminúe de 1994 a 1996, representando neste exercicio o 71% do referido a 1994, invirtindo a tendencia en 1997. As obrigas recoñecidas seguen unha liña consecuente coa dos créditos destinados.
2. Por artigos a incidencia evolutiva é distinta en función do que se analice, así:

O artigo 60.- Investimentos novos en infraestructuras e bens destinados ó uso xeral, segue unha tendencia similar á dos créditos totais do capítulo, representando en 1997 un 60% dos destinados en 1994, e a súa participación dentro de cada exercicio pasa do 53% en 1994, respectivamente.

Os artigos 61.- Investimentos de reposición en infraestructuras e 62.- Investimentos novos asociados para o funcionamento operativo dos servizos, mantéñense nunha fluctuación anual arredor do 1% de representatividade, acadando en 1997 o 93% e 86% do correspondente a 1994, respectivamente.

O artigo 63.- Investimentos de reposición para o funcionamento operativo dos servizos, se ben tivo pequenas fluctuacións nos diversos presupostos, en 1997 representa un incremento do 10% con respecto a 1994.

O artigo 64.- Gastos de investimentos de carácter inmaterial, inverte as tendencias dos restantes artigos, e rexistra unha liña de crecemento anual que en 1997 acadan o 18,5% con respecto a 1994.

B.- Análise da revisión efectuada:

A análise sobre a execución presupostaria levada a cabo en 1997 no capítulo VI de investimentos, centrouse na revisión dunha mostra dos proxectos de investimento imputados ós artigos 60.- Investimentos novos en infraestructuras e bens destinados ó uso xeral e 64.- Gastos de investimentos de carácter inmaterial, iniciados en 1997 e financiados exclusivamente con fondos propios, sobre unha poboación de 140 proxectos de investimento que acadaron un gasto comprometido de 7.980 millóns de pesetas, que representan o 11% do total comprometido no capítulo analizado, e igual porcentaxe en canto a obrigas recoñecidas.

A selección dos proxectos de investimento realizouse por intervalos de contía, por procedimentos estatísticos, que garantizan un erro máximo do 3,6%, unha porcentaxe de erro esperado do 5%, cun nivel de confianza do 90%.

A execución dos proxectos seleccionados foi a que se reflicte no seguinte cadro:

U. M.: Millóns de pesetas

| Nº PROXECTO  | CDTO. INICIAL | MODIFICACIÓNS | CDTO. DEFINITIVO | OBRIG. RECOÑECIDAS | GRAO EXECUCIÓN |
|--------------|---------------|---------------|------------------|--------------------|----------------|
| 040097011    | 138           | 88            | 226              | 225                | 99,6%          |
| 040097028    | 261           | ---           | 261              | 298                | 114%           |
| 040097029    | 250           | -87           | 163              | 163                | 100%           |
| 050097005    | 60            | -6            | 54               | 53                 | 98%            |
| 060097005    | 70            | ---           | 70               | 46                 | 65,7%          |
| 060097018    | 450           | 20            | 470              | 444                | 94,5%          |
| 060097019    | 302           | ---           | 302              | 110                | 36,4%          |
| 070097030    | 1.180         | 71            | 1.251            | 1.193              | 95,4%          |
| 070097032    | 401           | 25            | 426              | 341                | 80%            |
| 080097003    | 200           | -66           | 134              | 131                | 97,8%          |
| 080097004    | 178           | 145           | 323              | 303                | 93,8%          |
| 100097019    | 200           | 101           | 301              | 301                | 100%           |
| 100097020    | 130           | ---           | 130              | 130                | 100%           |
| 100097030    | 234           | 171           | 405              | 395                | 97,5%          |
| 100097035    | 270           | 190           | 460              | 488                | 106%           |
| 100097067    | ---           | 125           | 125              | 125                | 100%           |
| 110097016    | 299           | -52           | 247              | 239                | 96,8%          |
| <b>TOTAL</b> | <b>4.623</b>  | <b>725</b>    | <b>5.348</b>     | <b>4.985</b>       |                |

O resultado da revisión efectuada concrétese nas seguintes observacións:

- Con carácter xeral verificouse a correcta contabilización dos importes dos documentos contables coa documentación que os conforma e co reflectido nas respectivas aplicacións presupostarias do libro Maior, Diario e liquidación.
- Así mesmo nos proxectos analizados, verificouse que a fin de exercicio mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado no mes de decembro ó amparo do artigo 65.4.d) da Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, transferíronse, no seu caso, os remanentes dos proxectos analizados ó programa de imprevistos e funcións non clasificadas.

A efectos dunha maior concreción e seguimento realízase unha exposición individualizada con referencia ós proxectos citados:

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA:

##### **- Proxecto 040097011.- Diversas accións en materia de Turismo:**

Na execución deste proxecto tramitáronse un total de 228 expedientes contables relativos a gastos de distintas actividades, agrupados da seguinte forma: 168 responden a gastos menores tramitados en fase ADOK, cun importe total de 74 millóns de pesetas, referidos, fundamentalmente, a insercións publicitarias, reunións de actividades turísticas, e gastos de actos de exaltación gastronómica.

Os 60 restantes, por importe total de 151 millóns de pesetas, tramitáronse en fase AD, por importes, salvo en dous casos, non superiores ós 6 millóns de pesetas, respondendo na súa maioría á subscrición de convenios con distintas entidades públicas e privadas, tendentes á cofinanciación de actividades organizadas por éstas con reclamo turístico.

En relación cos citados gastos cabe resaltar que dada a súa natureza poideran entenderse baixo o ámbito de actividades subvencionables e en consecuencia tramitarse con arreglo ó artigo 78 da Lei 11/92, do

7 de outubro, de réxime financeiro, que regula a concesión de axudas e subvencións.

Na revisión dos expedientes seleccionados referidos ós convenios subscritos, verificouse que a súa tramitación se axusta ós requisitos esixidos polo Acordo do Consello da Xunta do 08/04/91, a excepción do apartado f) ó non constar a memoria que recolla os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa formalización de cada convenio.

##### **- Proxecto 040097028.- Soporte, revisión, ampliación, implantación e consolidación do servizo de xestión do procedemento administrativo:**

Na execución deste proxecto tramitáronse un total de 18 expedientes dos que se seleccionou para revisión o relativo á contratación do servizo de administración de Datos da Xunta de Galicia.

Da análise do expediente referenciado resulta:

- 1º. A contratación do servizo realizouse mediante asistencia técnica, cun importe de adxudicación de 102 millóns de pesetas e un prazo de execución desde a sinatura do contrato (28/02/97) ata o 31 de decembro do mesmo ano.
- 2º. A tramitación iniciouse en 1996, como un expediente anticipado de gasto, mediante concurso aberto con carácter de urxencia, constándose as seguintes incidencias:
  - a) A remisión do anuncio de publicidade no DOCE, non se axusta ó prazo requerido no artigo 208.1 da L.C.A.P. nin tampouco a publicación da adxudicación ó establecido no artigo 94.2.
  - b) Na maioría das resolucións, entre as que se encontra a de adxudicación, non consta a data na que se formalizan.

- c) A imputación económica do gasto non mostra unha coherencia absoluta coa natureza do gasto, por unha parte, ser o obxecto do contrato único, e de carácter inmaterial, non concorda con que parte do gasto se imputa ó artigo 62 que recolle investimentos de carácter material, e por outra, dado que se trata da Administración e mantemento dun sistema informático xa implantado, e que o servizo se repite anualmente, a súa imputación parece máis lóxica dentro do capítulo II, por tratarse de gastos reiterativos.

**- Proxecto 040097029.- Desenvolvemento de aplicacións colaterais do servizo de xestión do procedemento administrativo:**

De entre os expedientes tramitados na súa execución, revisouse o codificado coa referencia número 11132, que corresponde ó pago de parte de prestacións realizadas conforme a compromisos debidamente adquiridos no exercicio anterior, na parte na que non foron contabilizadas en fase "O" a 31/12/96. Compróbase que o total da prestación realizada foi aplazada parcialmente con posterioridade á súa facturación e certificación, para imputarse unha parte a 1996, (no que se comprometera crédito suficiente para atender á prestación na súa totalidade), e o importe revisado a 1997.

O Acordo do Consello da Xunta do 13/12/96, autoriza ó Conselleiro de Economía e Facenda a limitar o máximo de obrigas a contraer, co fin de establecer un equilibrio na execución presupostaria, ó amparo da disposición adicional oitava da Lei 11/95, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1996.

A interpretación e a aplicación deste acordo, de conformidade co recollido no artigo 80 da Lei 11/92, de réxime financeiro e presupostario, considérase que produce desviacións que se adaptan á situación da execución presupostaria.

Por outro lado, o procedemento seguido no expediente revisado pon de manifesto que, desde que se acredita e certifica a prestación ata que se procede ó seu pago (26/05/97), excédese o prazo establecido no artigo 100 da Lei 13/95, de contratos das admi-

nistracións públicas, sen que se procedera á liquidación de intereses.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA :**

**- Proxecto 050097005.- Divulgación económica:**

A execución deste proxecto levouse a cabo mediante a subscrición de 15 convenios con outros tantos medios de comunicación a fin de divulgar información económica para un maior coñecemento de tódolos instrumentos que fomenten e coadruven ó desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma.

Revisada unha mostra dos convenios subscritos, tanto na súa vertente administrativa como de execución do gasto obsérvase que a súa tramitación se axusta á normativa de aplicación.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA:**

**- Proxecto 060097005.- Estudos en materia de urbanismo.**

Con cargo ó crédito deste proxecto realizáronse varios gastos de natureza acorde ó seu obxecto, resultando seleccionado para a súa análise o referido á contratación dunha asistencia técnica para a redacción das directrices de ordenación do territorio de Galicia, adxudicado en 53 millóns de pesetas, imputable por metades ó exercicio auditado e a 1998.

Da súa revisión, obsérvase que a súa tramitación se adecua ó establecido na normativa de contratación e de execución presupostaria destacando as seguintes incidencias:

Non consta a expedición de certificación de existencia de crédito, publicación da adxudicación, nin programa de execución do traballo, que, conforme ó prego de cláusulas administrativas deba presentalo adxudicatario no prazo de 15 días desde a notificación da adxudicación. A fiscalización previa da adxudicación interprétase realizada sobre o documento contable, o que non é acorde coa Circular 6/86, da Intervención Xeral.



En canto á valoración das proposicións, conforme se establece no prego de cláusulas administrativas particulares, realízase en función das referencias técnicas aportadas de forma obrigatoria polos contratistas, seguindo as regras aprobadas por Acordo do Consello da Xunta do 08/02/96, sen que se tivera en conta o advertido pola Comisión Europea con data 24/08/96, 56(96)D/8329 96/2009, en canto á súa incidencia e contraste coa lexislación comunitaria.

**- Proxecto 060097018.- Estudos e proxectos en materia de estradas:**

Na execución deste proxecto obsérvase que se imputaron gastos derivados fundamentalmente da elaboración de diversos estudos, informes e proxectos sobre distintas infraestruturas viarias, así como de convenios con diversos medios de comunicación, por importe de 187 millóns de pesetas, tendentes á divulgación de actividades desenvolvidas pola consellería en materia de infraestruturas.

Na revisión deste proxecto resultou seleccionado o expediente relativo á contratación dunha asistencia técnica para a realización dunha campaña publicitaria do plan de estradas de Galicia e das infraestruturas viarias na Comunidade Autónoma, adxudicado en 60 millóns de pesetas, da análise resulta que a súa tramitación fundamentalmente, se axusta ó establecido na normativa vixente en materia de contratación e execución presupostaria, non obstante observouse que non consta a certificación de existencia de crédito na fase de tramitación do expediente de contratación, e a publicación da adxudicación unha vez finalizado o prazo establecido no artigo 94 da L.C.A.P. A fiscalización previa da adxudicación interprétase realizada sobre o documento contable, o que non é acorde co establecido na Circular 6/86, da Intervención Xeral.

O pago das certificacións realizouse dentro do prazo establecido no artigo 100 da LCAP.

**- Proxecto 060097019.- Incidencias F.C.A.:**

Con cargo a este proxecto imputáronse as certificacións números 46, 47 e 48, relativas ó expediente de construción do Palacio de Congresos e Exposicións de Pontevedra, cun importe de 58 millóns de pesetas. Revisado dito expediente obsérvase que se

tramitou documento “AD” con cargo ó presuposto de 1997, sen que ó mesmo se acompañe documentación algunha que xustifique o seu importe, e ó que se imputa a certificación de obra número 46 que corresponde ó mes de decembro de 1996, á que se acompaña resolución de imputación ó amparo do Decreto 63/87, do 17 de marzo, relativo a obrigas recoñecidas ou xeradas en exercicios anteriores, observándose a non constancia da fiscalización previa que en dita norma se require.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN:**

**- Proxecto 070097030.- Campañas de normalización lingüística:**

Con cargo a este proxecto imputáronse numerosos expedientes de gasto, resultando seleccionado para unha revisión o derivado da subscrición dun convenio con Unidade Editorial, S.A., editora do periódico “El Mundo Galicia”, para a potenciación do uso do idioma galego, mediante a edición e distribución dun “Diccionario Ilustrado da Lingua galega”, por un importe de 24.000.000 pesetas da súa revisión resulta que:

Na tramitación e subscrición do convenio seguíronse os trámites requiridos segundo o Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 27/03/91.

- a) A motivación realízase ó amparo do artigo 19 da Lei 3/83, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o goberno galego prestará apoio económico e material ós medios de comunicación non institucionais que empreguen o galego dun modo habitual e progresivo.
- b) Non constan as actas da comisión de seguimento previstas no convenio, nin que se autorizara o copatrocinio do diccionario, competencia, entre outras, que se lle atribúe nas cláusulas 4ª e 7ª do convenio.
- c) Non consta no expediente a identificación e xustificación da capacidade de obrar da entidade privada coa que se subscribe o convenio, nin poder bastante da persoa física que actúa na súa representación. A fiscalización previa da autorización do gasto interprétase realizada sobre o documento contable, o que non é acorde co es-

tablecido na Circular 6/86, da Intervención Xeral.

- d) As prestacións derivadas deberán realizarse, en parte, e de feito efectúanse no exercicio seguinte, non obstante, o gasto impútase na súa totalidade ó presuposto de 1997, recoñecéndose a final de exercicio unha obriga por importe de 10.000.000 pesetas tras terse iniciado a publicación do diccionario por fascículos.

**- Proxecto 070097032.- Cursos e actividades de formación:**

Revisado o expediente de gasto, tramitado mediante desconcentración de créditos, pola Delegación da Consellería de Educación da Coruña, relativo a cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos, ó amparo da Orde do 22 de outubro de 1996 (DOG de data 11/11/96), resulta:

- a) O gasto comprometido, por importe de 61 millóns de pesetas corresponde á programación e impartición de 90 cursos de iniciación e 102 de perfeccionamento, durante o ano 1997, aplicando os módulos económicos establecidos na Orde do 18 de xuño de 1990 (DOG de 04/07/90), debendo sinalarse, por unha parte, que estes módulos se refiren a actividades de formación dirixidas ó profesorado de niveis non universitarios, que non se corresponden cos cursos impartidos, e por outra que os importes aplicados non foron actualizados de acordo co disposto no apartado cuarto da mesma.
- b) En canto á execución do gasto, segundo a revisión efectuada para unha mostra de cursos realizados, puidose detectar que se realizaron e imputaron algúns cursos distintos dos relacionados ó compromete-lo gasto, sen que consten autorizados polo órgano competente, en substitución doutros que nin o estaban, segundo se informou polos servicios correspondentes, así como, nalgúns casos, non concordancia do profesorado designado para a impartición do curso co que con posterioridade aparece como receptor das retribucións; non constando asinada a declaración de incompatibilidades.

- c) Das facturas que xustifican o gasto de material, normalmente non pode desprenderse que o destino do mesmo fora motivado ou destinado ós cursos impartidos.

- d) Nas ordes de transferencia bancaria non consta identificación das sinaturas dos funcionarios ordenantes.

**CONSELLERÍA DE INDUSTRIA:**

**- Proxecto 080097003.- Laboratorio de Metroloxía e calibración:**

Con cargo a este proxecto tramitouse o expediente de contratación relativo á construción do laboratorio de metroloxía e calibración en San Cibrao das Viñas (Ourense), de execución plurianual, na revisión obsérvase que no mesmo non consta a orde de inicio do expediente nin a certificación de recepción de ofertas presentadas, realizándose a comprobación do replanteo e a publicidade da adxudicación de forma extemporánea, detectándose que o pago referido á primeira certificación de obra se realizou con posterioridade ó prazo establecido no artigo 100.4 da L.C.A.P. sen que conste ter dado cumprimento ó que no mesmo se dispón en canto ó abono de intereses.

En canto á valoración das proposicións conforme se establece no prego de cláusulas administrativas particulares realízase en función das referencias técnicas aportadas de forma obrigatoria polos contratistas, seguindo as regras aprobadas por Acordo do Consello da Xunta do 08/02/96, sen que se tivera en conta o advertido pola Comisión Europea con data 24/08/96, 56(96)D/8329 96/2009, en canto á súa incidencia e contraste coa lexislación comunitaria.

**- Proxecto 080097004.- Campañas de promoción de produtos galegos e accións derivadas das mesmas.**

O 70% das obrigas recoñecidas con cargo a este proxecto derivanse de distintos convenios subscritos con diversos medios de comunicación, e outro, por importe de 30 millóns de pesetas, coa empresa Citroën, relativo ó patrocinio a través do logotipo "Galicia Calidade" nas accións derivadas da parti-

cipación nos campeonatos de España de Rallies de 1997, e II trofeo Citroën-Galicia Calidade.

Así mesmo imputouse a elaboración dun estudio sobre a prioridade de estratexias e programas ligadas á experiencia doutros países e rexións para a promoción das pequenas e medianas empresas galegas no exterior, mentres que as restantes, na súa maioría corresponden a insercións publicitarias de promoción de accións concretas.

Nos expedientes seleccionados para a súa revisión obsérvase que a súa tramitación se axustou ás prescricións normativas vixentes.

CONSELLERÍA DE CULTURA:

**- Proxecto 100097019.- Promoción e actividades culturais:**

Entre os expedientes de modificacións de crédito figura unha ampliación por importe de 42 millóns de pesetas que foi financiada con cargo ós créditos derivados da Lei 11/84, relativa ós traballos de dotación artística en edificios e construcións públicas da C.A. de Galicia.

Os gastos imputados a este proxecto responden fundamentalmente a distintas actividades levadas a cabo con motivo do proxecto “Galicia Terra Única”, que conforme ás súas descripcións non parecen corresponder coas finalidades que a citada Lei 11/84, que no seu artigo 1.4 establece:

*“4. Cando as obras a executar consistan na construción de edificios, os traballos artísticos terán por obxecto a súa decoración, interna ou externa, con representacións plásticas que tendan ó seu embelecemento e a fomenta-la creación e difusión artístico-cultural de Galicia.*

*Nas demais obras, os traballos consistirán na restitución do entorno, o acondicionamento de espazos, así como o ornato das mesmas, e das paraxes e os núcleos de poboación que poidan resultar afectados, especialmente no que se refire á defensa das manifestacións da arquitectura popular galega ou o entorno donde se encontren vestixios arqueolóxicos, tendo en conta para a*

*execución criterios estrictamente artísticos, paisaxísticos e ambientais”.*

Dentro deste proxecto revisouse o expediente relativo á contratación dos servizos de vixilancia e auxiliares da exposición “Galicia Terra Única”, observándose que non consta certificación de existencia de crédito, nin publicación da adxudicación.

A fiscalización previa da adxudicación efectúase sobre o documento contable, o que non é acorde coa Circular 6/86, da Intervención Xeral.

**- Proxecto 100097020.- Circuitos culturais:**

Ademais de diversos gastos derivados de actuacións e participación en circuitos culturais de distintos municipios de Galicia, con cargo ós créditos deste proxecto imputáronse parte dos derivados do convenio subscrito co Padroado da Romaría Internacional, por importe de 60 millóns de pesetas, encadrado dentro do proxecto “Galicia Terra Única”, do cal a tramitación se axustou ós requisitos establecidos no Acordo do Consello da Xunta do 27/03/91 (DOG 30/04/91), se ben non consta que os gastos foran aprobados polo Padroado tal como se esixe na cláusula terceira do citado convenio.

**- Proxecto 100097030.- Funcionamento do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC):**

A este proxecto imputáronse gastos derivados da actividade propia do CGAC, tales como organización e celebración de distintas exposicións, resultando seleccionado para a súa revisión o expediente relativo á exposición de Leopoldo Novoa, encontrándose axustada a súa tramitación á normativa vixente de aplicación.

**- Proxecto 100097035.- Promoción e difusión do patrimonio cultural:**

Imputáronse a este proxecto gastos derivados de diversas actividades levadas a cabo en relación co contido da titulación do proxecto, entre os que se inclúe unha importante relación de gastos relativos ó proxecto “Galicia Terra Única”, resultando seleccionado para revisa-lo expediente correspondente á contratación da montaxe e desmontaxe da citada exposición, que representa o 36% do total das obrigas recoñecidas, observándose que o mesmo foi trami-

tado polo procedemento de urxencia sen que a respectiva declaración se encontre suficientemente motivada, tal como esixe o artigo 72 da Lei 13/95, de contratos das administracións públicas, non constando a publicación preceptiva da adxudicación, observándose que non se contabilizou a desconcentración do crédito non utilizado, unha vez finalizada a execución do contrato. A fiscalización previa da adxudicación interprétase realizada sobre o documento contable, o que non é acorde coa Circular 6/86, da Intervención Xeral.

Polo que se refire ós criterios de adxudicación, aplícanse os establecidos por resolución da Consellería de Economía de data 08/03/96, sen ter presente as obxeccións ós mesmos efectuados pola Comisión Europea, en canto á súa incidencia no dereito comunitario, con data 24/08/1996 SG(96)D/8329.

#### **- Proxecto 100097067.- Convenio TVE, S.A. produción programa magazine desde Galicia para o Mundo:**

A tramitación do expediente axústase ó establecido no Acordo do Consello da Xunta do 27/03/91, constando a documentación que no mesmo se require non obstante, ó analiza-lo expediente obsérvase, que as prestacións que parecen derivarse do convenio viñéronse realizando con anterioridade á formalización do mesmo, e incluso á existencia de crédito para a súa financiación, a pesares do informado pola Intervención Xeral, procedéndose con posterioridade ó pago da actividade na súa totalidade, sen que conste observación algunha ó respecto.

Por outro lado conclúese que coa subscrición do convenio analizado non xurde ningunha nova actividade ou contraprestación, senon que tan só se da cobertura á financiación ou cofinanciación dunha actividade levada a cabo por TVE, S.A. con anterioridade á celebración do convenio, polo que ben poidera estimarse que a natureza do gasto está máis cerca dunha subvención que de investimento.

Por último sinalar que no expediente non consta documentación algunha identificativa da sociedade coa que se subscribe o convenio, nin dos poderes que ostenta a persoa física que actúa no súa nome.

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE:**

#### **- Proxecto 110097016.- Programas sanitarios:**

Imputáronse a este proxecto fundamentalmente gastos derivados da subscrición de convenios con distintos medios de comunicación así como de diversas publicacións, resultando seleccionado para a súa revisión, un expediente relativo a cuñas de radio sobre programas sanitarios, observándose, que o mesmo fora iniciado e tramitado no ano 1996, polo Sergas, con carácter plurianual, e que a anualidade correspondente a 1997, se abona con cargo á Consellería de Sanidade debido ás modificacións na estrutura orgánica das mesmas levada a cabo por Decreto 63/86, do 15 de febreiro, segundo o cal se crea na mesma a Dirección Xeral de Saúde Pública, que con anterioridade figuraba ubicada no Sergas.

#### **V.3.5. Transferencias de capital**

Ó capítulo VII do presuposto de gastos impútanse os pagos, condicionados ou non, efectuados pola Administración da Comunidade Autónoma sen contraprestación directa por parte dos axentes perceptores, que destinan eses fondos a financiar operacións de capital, incluíndose as transferencias, que financian operacións ou actividades non singularizadas, e as subvencións, que si están afectadas a un fin, propósito, actividade ou proxecto específico.

A normativa aplicable ás axudas e subvencións recóllese fundamentalmente nos artigos 78 e 79 da Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario da C.A. de Galicia, no artigo 40 da Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais da C.A. de Galicia para 1997 e nas ordes reguladoras das bases e convocatorias e demais disposicións que resultan de aplicación en cada caso.

#### **A.- ASPECTOS XERAIS**

En 1997 o capítulo VII "Transferencias de Capital" dotouse presupostariamente cuns créditos iniciais de 88.959 millóns de pesetas, cifra superior nun 38,47% á dotación inicial do exercicio anterior (64.242 millóns de pesetas en 1996), correspondendo a maior variación en termos absolutos ó artigo 77 "A empresas privadas", cun incremento respecto a 1996 de 11.860 millóns de pesetas e ó artigo 71 "A organismos autónomos administrativos" cunha

dotación superior en 8.773 millóns de pesetas á do ano anterior (a variación en termos relativos resultou do 40,06% e 545,30% respectivamente).

As modificacións presupostarias deste capítulo ascenderon a 22.967 millóns de pesetas e representan o 20% dos créditos definitivos do mesmo. O seu desglose por modalidades foi o seguinte:

U.M.: Millóns de pesetas

| MODALIDADE                              | IMPORTE       | %            |
|---|---------------|--------------|
| Ampliacións de crédito                  | 904           | 3,9          |
| Transferencias:                         |               |              |
| Positivas                               | 5.182         | 22,6         |
| Negativas                               | -5.938        | -25,8        |
| <i>Saldo</i>                            | -756          |              |
| Incorporacións de crédito               | 17.687        | 77,0         |
| Xeracións de crédito                    | 5.132         | 22,3         |
| <b>TOTAL MODIFICACIÓNS CAPÍTULO VII</b> | <b>22.967</b> | <b>100,0</b> |

O total de modificacións é inferior en 6.395 millóns de pesetas ó correspondente a 1996, o que supón, en termos relativos, un descenso dun 21,78%.

Os créditos definitivos, superiores ós do exercicio anterior en 18.321 millóns de pesetas, (incremento do 19,57% en termos relativos), totalizaron 111.926 millóns de pesetas (93.605 millóns de pesetas en 1996).

A execución presupostaria do capítulo en 1997 e a súa variación en termos absolutos e relativos respecto ó exercicio anterior, así como a súa participación no presuposto de gastos total do exercicio en cada unha das súas fases: créditos iniciais (I), modificacións de crédito (M), créditos definitivos (T), disposicións (D), obrigas recoñecidas (O) e pagos (P), móstranse no cadro seguinte, elaborado polo Consello de Contas a partir da información que presentan as respectivas liquidacións:

U.M.: Millóns de pesetas

| FASES | 1997    | 1996   | DIFERENCIAS 1997/1996 |             | PARTICIPACIÓN C. VII SOBRE |           |
|-------|---------|--------|-----------------------|-------------|----------------------------|-----------|
|       |         |        | IMPORTES              | % VARIACIÓN | PTO. 1997                  | PTO. 1996 |
| I     | 88.959  | 64.242 | 24.717                | 38,47       | 14,97%                     | 11,45%    |
| M     | 22.967  | 29.362 | -6.395                | -21,78      | 43,68%                     | 59,89%    |
| T     | 111.926 | 93.605 | 18.321                | 19,57       | 17,31%                     | 15,34%    |
| D     | 101.498 | 80.530 | 20.968                | 26,04       | 16,29%                     | 13,81%    |
| O     | 86.651  | 68.861 | 17.790                | 25,83       | 14,55%                     | 12,30%    |
| P     | 55.917  | 46.412 | 9.505                 | 20,48       | 10,66%                     | 9,21%     |

Os graos de disposición, execución e cumprimento alcanzados en cada un destes exercicios foron:

| ANO  | GRAO DISPOSICIÓN | GRAO EXECUCIÓN | GRAO CUMPRIMENTO |
|------|------------------|----------------|------------------|
| 1997 | 90,68%           | 77,42%         | 64,53%           |
| 1996 | 86,03%           | 73,57%         | 67,40%           |

A distribución dos créditos deste capítulo e a súa execución presupostaria por artigos, seccións e programas detállase nos cadros seguintes, elaborados polo Consello de Contas a partir da información que

contén a liquidación do presuposto de gastos, expresando as variacións respecto ó ano anterior e os graos de execución alcanzados.

## CAPÍTULO VII POR ARTICULOS - GRAOS - EJERCICIOS 1996-97

U. M.: Millóns de pesetas

| ARTICULO  | CRÉDITOS INICIAIS                        |               | MODIFICACIONES |               | CRÉDITOS DEFINITIVOS |                | FASE "D"      |                | FASE "O"      |               | PAGOS REALIZADOS |               | GRAO DE DISPOSICIÓN |              | GRAO DE EJECUCIÓN |              | GRAO DE CUMPLIMIENTO |              |
|---|--|---------------|----------------|---------------|----------------------|----------------|---------------|----------------|---------------|---------------|------------------|---------------|---------------------|--------------|-------------------|--------------|----------------------|--------------|
|   | 1996                                     | 1997          | 1996           | 1997          | 1996                 | 1997           | 1996          | 1997           | 1996          | 1997          | 1996             | 1997          | 1996                | 1997         | 1996              | 1997         | 1996                 | 1997         |
|   | 71 Organismos Autónomos Administrativos. | 1.608         | 10.382         | 9.080         | 3.290                | 10.688         | 13.672        | 6.993          | 11.739        | 6.993         | 11.739           | 3.419         | 7.266               | 65,43        | 85,87             | 65,43        | 85,87                | 48,89        |
| 73 Org. Aut., com., ind., financei, análogos Advos. | 6.254                                    | 6.598         | 14             | 781           | 6.268                | 7.379          | 6.268         | 5.698          | 6.268         | 5.698         | 6.134            | 5.151         | 100,00              | 77,21        | 100,00            | 77,21        | 97,87                | 90,41        |
| 74 Empresas públicas e outros entes públicos        | 15.519                                   | 15.903        | 472            | 287           | 15.991               | 16.190         | 15.771        | 16.148         | 15.619        | 15.501        | 10.142           | 6.496         | 98,62               | 99,74        | 97,68             | 95,74        | 64,93                | 41,91        |
| 76 Corporacións Locais                              | 7.503                                    | 9.837         | 1.348          | 467           | 8.851                | 10.304         | 8.677         | 10.172         | 7.894         | 9.071         | 6.371            | 6.446         | 98,02               | 98,72        | 89,18             | 88,03        | 80,71                | 71,07        |
| 77 Empresas privadas                                | 29.608                                   | 41.468        | 18.565         | 17.873        | 48.173               | 59.341         | 39.491        | 52.805         | 29.574        | 40.418        | 18.978           | 28.059        | 81,98               | 88,99        | 61,39             | 68,11        | 64,17                | 69,42        |
| 78 Familias e institucións sen fins de lucro        | 3.696                                    | 4.704         | -113           | 277           | 3.583                | 4.981          | 3.281         | 4.877          | 2.464         | 4.165         | 1.321            | 2.443         | 91,58               | 97,91        | 68,79             | 83,62        | 53,62                | 58,65        |
| 79 Exterior   | 54                                       | 67            | -4             | -8            | 50                   | 59             | 49            | 59             | 49            | 59            | 47               | 56            | 98,00               | 100,00       | 98,00             | 100,00       | 95,92                | 94,92        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>64.242</b>                            | <b>88.959</b> | <b>29.362</b>  | <b>22.967</b> | <b>93.604</b>        | <b>111.926</b> | <b>80.530</b> | <b>101.498</b> | <b>68.861</b> | <b>86.651</b> | <b>46.412</b>    | <b>55.917</b> | <b>86,03</b>        | <b>90,68</b> | <b>73,57</b>      | <b>77,42</b> | <b>67,40</b>         | <b>64,53</b> |

## CAPÍTULO VII POR ARTICULOS - % DE VARIACIÓN - EJERCICIOS 1996-97

U. M.: Millóns de pesetas

| ARTICULO  | CRÉDITOS INICIAIS                        |               | MODIFICACIONES |               | CRED. DEFINITIVOS |               | FASE "D"       |              | FASE "O"      |                | FASE "D"     |               | FASE "O"      |              | PAGOS REALIZADOS |               |              |               |               |              |
|---|--|---------------|----------------|---------------|-------------------|---------------|----------------|--------------|---------------|----------------|--------------|---------------|---------------|--------------|------------------|---------------|--------------|---------------|---------------|--------------|
|   | 1996                                     | 1997          | % Var          | 1996          | 1997              | % Var         | 1996           | 1997         | % Var         | 1996           | 1997         | % Var         | 1996          | 1997         | % Var            | 1996          | 1997         | % Var         |               |              |
|   | 71 Organismos Autónomos Administrativos. | 1.608         | 10.382         | 545,65        | 9.080             | 3.290         | 10.688         | 13.672       | 27,91         | 6.993          | 11.739       | 67,88         | 6.993         | 11.739       | 67,88            | 6.993         | 11.739       | 67,88         | 3.419         | 7.266        |
| 73 Organismos Aut., comerciais, industriais, financeiros. | 6.254                                    | 6.598         | 5,51           | 14            | 781               | 6.268         | 7.379          | 17,74        | 6.268         | 5.698          | -9,09        | 6.268         | 5.698         | -9,09        | 6.268            | 5.698         | -9,09        | 6.134         | 5.151         | -16,03       |
| 74 Empresas públicas e outros entes públicos              | 15.519                                   | 15.903        | 2,48           | 472           | 287               | 15.991        | 16.190         | 1,25         | 15.771        | 16.148         | 2,39         | 15.619        | 15.501        | -0,76        | 15.619           | 15.501        | -0,76        | 10.142        | 6.496         | -35,95       |
| 76 Corporacións Locais                                    | 7.503                                    | 9.837         | 31,11          | 1.348         | 467               | 8.851         | 10.304         | 16,41        | 8.677         | 10.172         | 17,24        | 7.894         | 9.071         | 14,91        | 7.894            | 9.071         | 14,91        | 6.371         | 6.446         | 1,18         |
| 77 Empresas privadas                                      | 29.608                                   | 41.468        | 40,06          | 18.565        | 17.873            | 48.173        | 59.341         | 23,18        | 39.491        | 52.805         | 33,71        | 29.574        | 40.418        | 36,67        | 29.574           | 40.418        | 36,67        | 18.978        | 28.059        | 47,85        |
| 78 Familias e institucións sen fins de lucro              | 3.696                                    | 4.704         | 27,26          | -113          | 277               | 3.583         | 4.981          | 39,03        | 3.281         | 4.877          | 48,64        | 2.464         | 4.165         | 69,00        | 2.464            | 4.165         | 69,00        | 1.321         | 2.443         | 84,85        |
| 79 Exterior   | 54                                       | 67            | 24,07          | -4            | -8                | 50            | 59             | 18,00        | 49            | 59             | 20,41        | 49            | 59            | 20,41        | 49               | 59            | 20,41        | 47            | 56            | 19,15        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>64.242</b>                            | <b>88.959</b> | <b>38,47</b>   | <b>29.362</b> | <b>22.967</b>     | <b>93.604</b> | <b>111.926</b> | <b>19,57</b> | <b>80.530</b> | <b>101.498</b> | <b>26,04</b> | <b>68.861</b> | <b>86,651</b> | <b>25,83</b> | <b>68.861</b>    | <b>86,651</b> | <b>25,83</b> | <b>46.412</b> | <b>55.917</b> | <b>20,48</b> |

A maior participación nos créditos do capítulo VII corresponde ó artigo 77 “A empresas privadas”, con 41.468 millóns de pesetas de crédito inicial e 59.341 millóns de pesetas de crédito definitivo, que representan un incremento respecto ó exercicio anterior do 40,06% e 23,18% respectivamente (en 1996, créditos iniciais 29.608 millóns de pesetas e os definitivos 48.173 millóns de pesetas). Este artigo representa o 46,6% do crédito inicial e o 53% do crédito definitivo do capítulo en 1997, ó terse realizado modificacións por 17.873 millóns de pesetas (o 77,8% das modificacións de crédito do capí-

tulo). Éste, xunto co artigo 78 “A familias e institucións sen fin de lucro” e o 79 “Ó exterior”, significan o 56,9% dos compromisos adquiridos neste capítulo (52.805, 4.877 e 59 millóns de pesetas, respectivamente) e corresponden á participación do sector privado como destinatario dos créditos deste capítulo (en 1996 representou o 53,2%).

Os restantes compromisos destínanse ó sector público, sendo a participación dentro do total do capítulo por artigos, e en orde de importancia cuantitativa, a seguinte:

| <b>ARTIGO-DESCRICIÓN</b>                                   | <b>% COMPROMISOS S/TOTAL C. VII</b> |
|--|-------------------------------------|
| Art. 74 “A empresas públicas e outros entes públicos”      | 15,9%                               |
| Art. 71 “A organismos autónomos administrativos”           | 11,6%                               |
| Art. 76 “A Corporacións Locais”                            | 10,0%                               |
| Art. 73 “A organismos autónomos, comerciais e industriais” | 5,6%                                |
| <b>TOTAL SECTOR PÚBLICO</b>                                | <b>43,1%</b>                        |

O menor grao de execución do exercicio corresponde ó artigo 77 “A empresas privadas (68,11%), ó igual que en 1996 (61,39%), seguido do artigo 73

“A organismos autónomos, comerciais, industriais ...” (77,21%), que en 1996 obtivo o 100%.

## CAPÍTULO VII POR SECCIONES - GRAOS - EJERCICIOS 1996-97

U. M.: Millóns de pesetas

| SECCIÓN                              | CRÉDITOS INICIAIS |               | MODIFICACIONES |               | CRÉDITOS DEFINITIVOS |                | FASE "D"      |                | FASE "O"      |               | PAGOS REALIZADOS |               | GRAO DE EJECUCIÓN |              | GRAO DE CUMPLIMIENTO |              |              |              |
|--------------------------------------|-------------------|---------------|----------------|---------------|----------------------|----------------|---------------|----------------|---------------|---------------|------------------|---------------|-------------------|--------------|----------------------|--------------|--------------|--------------|
|                                      | 1996              | 1997          | 1996           | 1997          | 1996                 | 1997           | 1996          | 1997           | 1996          | 1997          | 1996             | 1997          | 1996              | 1997         | 1996                 | 1997         |              |              |
|                                      |                   |               |                |               |                      |                |               |                |               |               |                  |               |                   |              |                      |              |              |              |
| 1.- Parlamento                       | 13                | 12            | 0              | 0             | 13                   | 12             | 13            | 12             | 13            | 5             | 3                | 4             | 100,00            | 100,00       | 41,67                | 23,68        | 80,00        |              |
| 2.- Consello de Contas               | 5                 | 5             | 0              | 0             | 5                    | 5              | 5             | 5              | 5             | 5             | 3                | 4             | 100,00            | 100,00       | 50,00                | 75,00        | 75,00        |              |
| 4.- C. da Presidencia e Admón. P.    | 2.252             | 1.737         | -698           | 92            | 1.554                | 1.829          | 1.473         | 1.752          | 1.382         | 1.584         | 1.030            | 1.286         | 94,78             | 95,79        | 88,89                | 86,60        | 81,14        |              |
| 5.- C. de Economía e Facenda         | 9.923             | 11.840        | 239            | -284          | 10.162               | 11.556         | 10.142        | 11.516         | 9.903         | 11.254        | 6.744            | 5.302         | 99,80             | 99,65        | 97,45                | 97,38        | 68,10        |              |
| 6.- C. de Política Territorial       | 13.257            | 23.026        | 12.460         | 8.964         | 25.717               | 31.990         | 18.945        | 28.437         | 16.214        | 24.190        | 13.046           | 16.832        | 73,67             | 88,89        | 75,62                | 80,46        | 69,59        |              |
| 7.- C. de Educación de O. U.         | 3.183             | 3.237         | 135            | 387           | 3.318                | 3.624          | 2.910         | 3.547          | 2.761         | 2.907         | 925              | 883           | 87,72             | 97,89        | 83,23                | 80,22        | 33,50        |              |
| 8.- C. de Industria e Comercio       | 10.453            | 11.348        | -364           | -223          | 10.089               | 11.125         | 9.328         | 9.826          | 8.474         | 9.122         | 4.965            | 4.587         | 92,44             | 88,32        | 83,98                | 81,99        | 58,59        |              |
| 9.- C. de Agricultura, Gandería e M. | 10.252            | 21.860        | 11.513         | 8.965         | 21.765               | 30.825         | 18.054        | 27.570         | 13.342        | 21.047        | 10.328           | 17.585        | 82,95             | 89,44        | 61,31                | 68,28        | 77,40        |              |
| 10.- C. de Cultura e comunicación    | 2.650             | 3.340         | 962            | 93            | 3.612                | 3.433          | 3.570         | 3.341          | 3.506         | 3.251         | 2.809            | 1.919         | 98,84             | 97,32        | 97,06                | 94,69        | 80,13        |              |
| 11.- C. de Sanidade e Serv. Soc.     | 1.866             | 878           | 70             | 87            | 1.936                | 965            | 1.914         | 936            | 1.826         | 711           | 289              | 389           | 98,87             | 96,99        | 94,35                | 73,68        | 15,84        |              |
| 12.- C. de Pesca, Marisque, e Acuic. | 9.390             | 10.464        | 5.122          | 4.645         | 14.512               | 15.109         | 13.255        | 13.131         | 10.525        | 11.240        | 5.749            | 6.279         | 91,33             | 86,91        | 72,52                | 74,40        | 54,62        |              |
| 13.- C. de Xustiza, Int., e RR. LL.  | 465               | 817           | 86             | 235           | 551                  | 1.052          | 551           | 1.050          | 540           | 960           | 343              | 641           | 100,00            | 99,81        | 98,00                | 91,32        | 63,51        |              |
| 14.- C. de Familia, Muller e Xov.    | 363               | 395           | 7              | 6             | 370                  | 401            | 370           | 375            | 370           | 375           | 178              | 206           | 100,00            | 93,51        | 100,00               | 93,51        | 48,17        |              |
| 23.- Gastos diversas Consellerías    | 170               |               | -170           |               | 0                    |                | 0             |                | 0             | 0             | 0                |               | #                 | #            | #                    | #            | #            |              |
| <b>TOTAL</b>                         | <b>64.242</b>     | <b>88.959</b> | <b>29.362</b>  | <b>22.967</b> | <b>93.604</b>        | <b>111.926</b> | <b>80.530</b> | <b>101.498</b> | <b>68.861</b> | <b>86.651</b> | <b>46.412</b>    | <b>55.917</b> | <b>86,03</b>      | <b>90,68</b> | <b>73,57</b>         | <b>77,42</b> | <b>67,40</b> | <b>64,53</b> |

## CAPÍTULO VII POR SECCIONES - % DE VARIACIÓN - EJERCICIOS 1996-97

U. M.: Millóns de Pesetas

| SECCIÓN                              | CRÉDITOS INICIAIS |               | MODIFICACIONES |               | CRÉDITOS DEFINITIVOS |               | FASE "D"       |              | FASE "O"      |                | PAGOS REALIZADOS |               |               |              |               |               |              |
|--------------------------------------|-------------------|---------------|----------------|---------------|----------------------|---------------|----------------|--------------|---------------|----------------|------------------|---------------|---------------|--------------|---------------|---------------|--------------|
|                                      | 1996              | 1997          | % Var          | 1996          | 1997                 | % Var         | 1996           | 1997         | % Var         | 1996           | 1997             | % Var         |               |              |               |               |              |
|                                      |                   |               |                |               |                      |               |                |              |               |                |                  |               |               |              |               |               |              |
| 1.- Parlamento                       | 13                | 12            | -4,00          | 0             | 0                    | 13            | 12             | -4,00        | 13            | 5              | -60,00           | 3             | 4             | 35,13        |               |               |              |
| 2.- Consello de Contas               | 5                 | 5             | 0,00           | 0             | 0                    | 5             | 5              | 0,00         | 5             | 5              | 0,00             | 3             | 4             | 50,00        |               |               |              |
| 4.- C. da Presidencia e Admón. P.    | 2.252             | 1.737         | -22,89         | -698          | 92                   | 1.554         | 1.829          | 17,70        | 1.473         | 1.752          | 18,94            | 1.382         | 1.584         | 14,68        |               |               |              |
| 5.- C. de Economía e Facenda         | 9.923             | 11.840        | 19,32          | 239           | -284                 | 10.162        | 11.556         | 13,73        | 10.142        | 11.516         | 13,56            | 9.903         | 11.254        | 13,65        |               |               |              |
| 6.- C. de Política Territorial       | 13.257            | 23.026        | 73,69          | 12.460        | 8.964                | 25.717        | 31.990         | 24,39        | 18.945        | 28.437         | 50,09            | 16.214        | 24.190        | 49,18        |               |               |              |
| 7.- C. de Educación de O. U.         | 3.183             | 3.237         | 1,67           | 135           | 387                  | 3.318         | 3.624          | 9,23         | 2.910         | 3.547          | 21,89            | 2.761         | 2.907         | 5,28         |               |               |              |
| 8.- C. de Industria e Comercio       | 10.453            | 11.348        | 8,56           | -364          | -223                 | 10.089        | 11.125         | 10,27        | 9.328         | 9.826          | 5,34             | 8.474         | 9.122         | 7,65         |               |               |              |
| 9.- C. de Agricultura, Gandería e M. | 10.252            | 21.860        | 113,23         | 11.513        | 8.965                | 21.765        | 30.825         | 41,63        | 18.054        | 27.570         | 52,71            | 13.342        | 21.047        | 57,74        |               |               |              |
| 10.- C. de Cultura e comunicación    | 2.650             | 3.340         | 26,05          | 962           | 93                   | 3.612         | 3.433          | -4,97        | 3.570         | 3.341          | -6,43            | 3.506         | 3.251         | -7,29        |               |               |              |
| 11.- C. de Sanidade e Serv. Soc.     | 1.866             | 878           | -52,91         | 70            | 87                   | 1.936         | 965            | -50,15       | 1.914         | 936            | -51,10           | 1.826         | 711           | -61,08       |               |               |              |
| 12.- C. de Pesca, Marisque, e Acuic. | 9.390             | 10.464        | 11,43          | 5.122         | 4.645                | 14.512        | 15.109         | 4,11         | 13.255        | 13.131         | -0,94            | 10.525        | 11.240        | 6,79         |               |               |              |
| 13.- C. de Xustiza, Int., e RR. LL.  | 465               | 817           | 75,70          | 86            | 235                  | 551           | 1.052          | 91,04        | 551           | 1.050          | 90,67            | 540           | 960           | 78,01        |               |               |              |
| 14.- C. de Familia, Muller e Xov.    | 363               | 395           | 8,95           | 7             | 6                    | 370           | 401            | 8,47         | 370           | 375            | 1,43             | 370           | 375           | 1,43         |               |               |              |
| 23.- Gastos diversas Consellerías    | 170               |               | -100,00        | -170          |                      | 0             |                | #            | 0             | 0              | #                | 0             | 0             | #            |               |               |              |
| <b>TOTAL</b>                         | <b>64.242</b>     | <b>88.959</b> | <b>38,47</b>   | <b>29.362</b> | <b>22.967</b>        | <b>93.604</b> | <b>111.926</b> | <b>19,57</b> | <b>80.530</b> | <b>101.498</b> | <b>26,04</b>     | <b>68.861</b> | <b>86,651</b> | <b>25,83</b> | <b>46.412</b> | <b>55,917</b> | <b>20,48</b> |



A maior participación nos créditos iniciais correspondeu á Sección 06 (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda) cun 25,9% sobre o total, cun incremento do 73,7% respecto a 1996 (9.769 millóns de pesetas máis de crédito inicial que no exercicio anterior), séguela a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes (Sección 09), cun 24,6% do total, que representa unha variación respecto a 1996 do 113,2% (11.608 millóns de pesetas de incremento en termos absolutos).

A estas mesmas seccións corresponde o maior importe das modificacións de crédito do capítulo (8.964 e 8.965 millóns de pesetas respectivamente), resultando así a súa participación nos créditos definitivos totais do capítulo dun 28,6% e 27,5% en cada caso ( 27,5% e 23,2% en 1996).

Ademais destas dúas seccións mencionadas, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (Sección 13) presenta unha variación nos créditos iniciais e definitivos, respecto ó ano anterior, de maior importancia cuantitativa, o 75,70% e 91,04% de incremento respectivamente, que afecta de similar maneira nas seguintes fases de execución, tal como mostra o cadro anterior.

En xeral, as seccións dotadas con maior crédito presentan os graos máis baixos na execución presupostaria, tal e como se pode observar no citado cadro. [O menor grao de execución (a excepción do Parlamento) corresponde á C. de Agricultura (Sección 09), situación que xa se producía en 1996].

## CAPÍTULO VII POR PROGRAMAS - GRAOS - EJERCICIOS 1996-97

## Importes superiores a mil millones

U.M.: Millóns de pesetas

| PROGRAMA  | CRÉDITOS INICIAIS |               | MODIFICACI<br>ONS |               | CRÉDITOS DEFINITIVOS |                | FASE "D"       |               | FASE "O"      |               | PAGOS REALIZADOS |              | GRAO DE DISPOSICIÓN |              | GRAO DE EXECUCIÓN |              | GRAO DE CUMPRIMENTO |              |
|---|-------------------|---------------|-------------------|---------------|----------------------|----------------|----------------|---------------|---------------|---------------|------------------|--------------|---------------------|--------------|-------------------|--------------|---------------------|--------------|
|   | 1996              | 1997          | 1996              | 1997          | 1996                 | 1997           | 1996           | 1997          | 1996          | 1997          | 1996             | 1997         | 1996                | 1997         | 1996              | 1997         | 1996                | 1997         |
| 614A Ordenación, Reestructuración, Fomento e Mellora da Producción        | 701               | 7.661         | 4.415             | 5.116         | 12.174               | 2.551          | 9.885          | 2.461         | 9.655         | 9.477         | 81,20            | 49,87        | 48,10               | 79,31        | 92,02             | 98,15        |                     |              |
| 614B Ordenación, Reestruct. Fomento e Mellora da Producción Pesca e Cult  | 6.620             | 6.974         | 4.291             | 3.521         | 10.495               | 9.766          | 8.797          | 7.298         | 7.141         | 3.658         | 4.329            | 89,51        | 83,82               | 66,89        | 68,04             | 50,12        | 60,63               |              |
| 342A Protección e Mellora do Medio Ambiente                               | 215               | 6.312         | 5.822             | 2.314         | 6.037                | 8.626          | 6.991          | 3.428         | 6.981         | 2.310         | 4.096            | 56,79        | 81,04               | 56,78        | 80,93             | 67,38        | 58,68               |              |
| 413B Construcción, Conservación e Explotación de Estradas                 | 3.216             | 3.524         | 3.085             | 5.100         | 6.301                | 8.624          | 3.251          | 8.624         | 757           | 4.561         | 327              | 3.109        | 51,59               | 100,00       | 12,02             | 52,89        | 43,13               | 68,16        |
| 711C Ordenación e Creación doutras Industrias                             | 7.220             | 8.403         | -308              | -425          | 7.978                | 6.781          | 7.627          | 6.738         | 7.556         | 3.740         | 2.078            | 98,11        | 95,60               | 97,48        | 94,72             | 55,52        | 27,50               |              |
| 731A Mellora da Competitividade en Grupos de Interese Galego              | 5.438             | 6.495         | 1.019             | 527           | 6.457                | 7.022          | 5.904          | 6.651         | 5.487         | 3.574         | 3.193            | 91,44        | 94,72               | 89,75        | 78,14             | 61,68        | 58,19               |              |
| 331A Promoción, Admón. e Axudas para a Rehabilitación e Acceso a vivenda  | 6.000             | 6.240         | 29                | 651           | 6.029                | 6.891          | 6.029          | 5.269         | 5.269         | 5.922         | 4.723            | 100,00       | 76,46               | 100,00       | 76,46             | 98,23        | 89,63               |              |
| 711A Ordenación e Creación doutras Industrias Agroalimentarias            | 2.581             | 2.864         | 3.608             | 3.907         | 6.189                | 6.771          | 5.898          | 6.273         | 1.983         | 2.060         | 1.276            | 1.445        | 95,29               | 92,64        | 32,04             | 30,42        | 64,37               | 70,16        |
| 412A Xestión e Infraestrutura de Recursos Hidráulicos                     | 180               | 3.863         | 3.139             | 1.118         | 4.981                | 2.202          | 4.651          | 2.202         | 4.651         | 1.043         | 3.016            | 66,33        | 93,39               | 66,33        | 93,39             | 47,39        | 64,84               |              |
| 811B Outras Transferencias a Corporacións Locais                          | 3.549             | 4.407         | 16                | 18            | 3.565                | 4.425          | 3.565          | 4.425         | 3.326         | 4.163         | 3.225            | 3.364        | 100,00              | 93,29        | 94,07             | 96,97        | 80,81               |              |
| 711B Ordenación e Creación de Industrias Pesqueiras                       | 2.721             | 3.168         | 840               | 1.048         | 3.561                | 4.216          | 3.489          | 4.014         | 3.226         | 3.823         | 2.091            | 1.831        | 97,99               | 95,20        | 90,60             | 90,67        | 64,81               | 47,91        |
| 631B Programas de Electrificación e Enerxías Alternativas                 | 3.823             | 4.775         | -257              | -1.011        | 3.566                | 3.764          | 3.566          | 3.132         | 3.496         | 3.089         | 2.159            | 1.860        | 99,98               | 83,23        | 98,02             | 82,06        | 61,76               | 60,22        |
| 614C Ordena., Reestructuración e Desenvolvemento Forestal (Plan Forestal) | 704               | 2.709         | 1.336             | 323           | 2.040                | 3.032          | 1.985          | 3.022         | 1.842         | 2.716         | 1.709            | 2.285        | 97,32               | 99,67        | 90,28             | 89,56        | 92,79               | 84,16        |
| 414A Construcción, Conservación e Explotación Portuaria                   | 3.385             | 2.808         | 207               | 0             | 3.592                | 2.808          | 3.592          | 2.808         | 3.592         | 2.808         | 3.240            | 1.838        | 100,00              | 100,00       | 100,00            | 90,20        | 65,46               |              |
| 431A Investigación Universitaria  | 1.851             | 1.851         | 135               | 118           | 1.986                | 1.969          | 1.983          | 1.969         | 1.834         | 1.791         | 136              | 173          | 99,88               | 100,00       | 92,38             | 90,98        | 7,42                | 9,65         |
| 121A Dirección e Servizos Xerais da Administración Xeral                  | 1.645             | 1.625         | -148              | 163           | 1.497                | 1.788          | 1.497          | 1.785         | 1.497         | 1.782         | 1.238            | 972          | 100,00              | 99,83        | 100,00            | 99,66        | 82,70               | 54,55        |
| 422C Prevención e Def. Contra Incendios Forestais (Plan Forestal)         | 314               | 1.493         | 1.156             | 96            | 1.470                | 1.589          | 1.468          | 1.589         | 1.361         | 1.479         | 1.326            | 1.282        | 99,87               | 100,00       | 92,61             | 93,06        | 97,39               | 86,64        |
| 731B Apoio o Investimento Estratégico                                     | 1.507             | 1.317         | 137               | 98            | 1.644                | 1.415          | 1.497          | 1.141         | 1.453         | 957           | 1.022            | 396          | 91,08               | 80,65        | 88,40             | 67,67        | 70,36               | 41,32        |
| 322C Ensino Universitario   | 946               | 1.041         | 55                | 340           | 1.001                | 1.381          | 676            | 1.381         | 676           | 918           | 676              | 550          | 67,55               | 100,00       | 67,55             | 66,49        | 100,00              | 59,91        |
| 521A Regulación do Comercio Interior e da Pólítica de Prezos              | 1.208             | 1.556         | -183              | -270          | 1.286                | 1.025          | 1.278          | 607           | 1.234         | 283           | 802              | 96,67        | 99,36               | 59,24        | 95,93             | 46,55        | 64,98               |              |
| 651A Ordenación, Promoción, Xestión e Fomento do Turismo                  | 1.009             | 1.366         | 32                | -88           | 1.041                | 1.278          | 970            | 1.212         | 883           | 1.047         | 604              | 764          | 93,17               | 94,82        | 84,85             | 81,91        | 68,34               | 72,98        |
| 123A Xustiza e Administración Local                                       | 465               | 817           | 75                | 223           | 540                  | 1.040          | 540            | 1.038         | 529           | 949           | 332              | 629          | 100,00              | 99,81        | 97,96             | 91,22        | 62,78               | 66,30        |
| <b>Suma</b>   | <b>55.298</b>     | <b>81.269</b> | <b>28.501</b>     | <b>22.284</b> | <b>83.799</b>        | <b>71.628</b>  | <b>93.562</b>  | <b>61.013</b> | <b>80.117</b> | <b>42.156</b> | <b>52.212</b>    | <b>85,48</b> | <b>72,81</b>        | <b>77,37</b> | <b>69,09</b>      | <b>65,17</b> |                     |              |
| <b>Resto Programas</b>  | <b>8.944</b>      | <b>7.690</b>  | <b>861</b>        | <b>683</b>    | <b>9.805</b>         | <b>8.373</b>   | <b>8.902</b>   | <b>7.936</b>  | <b>7.848</b>  | <b>6.534</b>  | <b>4.255</b>     | <b>3.705</b> | <b>90,77</b>        | <b>94,77</b> | <b>80,03</b>      | <b>78,04</b> | <b>54,23</b>        | <b>56,70</b> |
| <b>TOTAL</b>  | <b>64.242</b>     | <b>88.959</b> | <b>29.362</b>     | <b>22.967</b> | <b>93.604</b>        | <b>111.926</b> | <b>101.498</b> | <b>86.651</b> | <b>86.651</b> | <b>46.412</b> | <b>55.917</b>    | <b>86,03</b> | <b>90,68</b>        | <b>73,57</b> | <b>77,42</b>      | <b>67,40</b> | <b>64,53</b>        |              |

**CAPÍTULO VII POR PROGRAMAS - % DE VARIACIÓN - EJERCICIOS 1996-97**

Importes superiores a mil millones

U.M.: Millóns de pesetas

| PROGRAMA | CRÉDITOS INICIAIS |               |               | MODIFICACIONES |               |                | CRÉDITOS DEFINITIVOS |               |                | FASE "D"      |               |               | FASE "O"      |               |               | PAGOS REALIZADOS |        |       |
|----------|-------------------|---------------|---------------|----------------|---------------|----------------|----------------------|---------------|----------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|------------------|--------|-------|
|          | 1996              | 1997          | % Var         | 1996           | 1997          | % Var          | 1996                 | 1997          | % Var          | 1996          | 1997          | % Var         | 1996          | 1997          | % Var         | 1996             | 1997   | % Var |
|          | 614A              | 7.661         | 992,92        | 4.415          | 4.513         | 5.116          | 12.174               | 137,94        | 2.551          | 9.885         | 287,42        | 2.461         | 9.655         | 292,31        | 2.265         | 9.477            | 318,44 |       |
| 614B     | 6.620             | 6.974         | 5,36          | 3.521          | 10.911        | 10,495         | -3,81                | 9.766         | 8.797          | -9,92         | 7.298         | 7.141         | -2,16         | 3.658         | 4.329         | 18,35            |        |       |
| 342A     | 215               | 6.312         | 2.832,70      | 5.822          | 6.037         | 8.626          | 42,89                | 3.428         | 6.991          | 105,94        | 3.428         | 6.981         | 103,66        | 2.310         | 4.096         | 77,35            |        |       |
| 413B     | 3.216             | 3.524         | 9,58          | 3.085          | 6.301         | 8.624          | 36,87                | 3.251         | 8.624          | 165,29        | 757           | 4.561         | 502,39        | 327           | 3.109         | 851,90           |        |       |
| 711C     | 7.220             | 8.403         | 16,39         | -308           | 6.912         | 7.978          | 15,43                | 6.781         | 7.627          | 12,48         | 6.738         | 7.556         | 12,16         | 3.740         | 2.078         | -44,44           |        |       |
| 731A     | 5.438             | 6.495         | 19,42         | 1.019          | 6.457         | 7.022          | 8,75                 | 5.904         | 6.651          | 12,65         | 5.795         | 5.487         | -5,31         | 3.574         | 3.193         | -10,66           |        |       |
| 331A     | 6.000             | 6.240         | 4,00          | 29             | 6.029         | 6.891          | 14,31                | 6.029         | 5.269          | -12,59        | 6.029         | 5.269         | -12,59        | 5.922         | 4.723         | -20,25           |        |       |
| 711A     | 2.581             | 2.864         | 10,94         | 3.608          | 6.189         | 6.771          | 9,39                 | 5.898         | 6.273          | 6,35          | 1.983         | 2.060         | 3,87          | 1.276         | 1.445         | 13,22            |        |       |
| 412A     | 180               | 3.863         | 2.045,98      | 3.139          | 3.319         | 4.981          | 50,04                | 2.202         | 4.651          | 111,25        | 2.202         | 4.651         | 111,25        | 1.043         | 3.016         | 189,04           |        |       |
| 811B     | 3.549             | 4.407         | 24,17         | 16             | 3.565         | 4.425          | 24,12                | 3.565         | 4.425          | 24,12         | 3.326         | 4.163         | 25,15         | 3.225         | 3.364         | 4,29             |        |       |
| 711B     | 2.721             | 3.168         | 16,42         | 840            | 3.561         | 4.216          | 18,40                | 3.489         | 4.014          | 15,03         | 3.226         | 3.823         | 18,50         | 2.091         | 1.831         | -12,41           |        |       |
| 631B     | 3.823             | 4.775         | 24,89         | -257           | 3.566         | 3.764          | 5,53                 | 3.566         | 3.132          | -12,16        | 3.496         | 3.089         | -11,65        | 2.159         | 1.860         | -13,86           |        |       |
| 614C     | 704               | 2.709         | 284,66        | 1.336          | 2.040         | 3.032          | 48,63                | 1.985         | 3.022          | 52,22         | 1.842         | 2.716         | 47,45         | 1.709         | 2.285         | 33,73            |        |       |
| 414A     | 3.385             | 2.808         | -17,04        | 207            | 3.592         | 2.808          | -21,82               | 3.592         | 2.808          | -21,82        | 3.592         | 2.808         | -21,82        | 3.240         | 1.838         | -43,27           |        |       |
| 431A     | 1.851             | 1.851         | 0,00          | 135            | 1.986         | 1.969          | -0,87                | 1.983         | 1.969          | -0,75         | 1.834         | 1.791         | -2,37         | 136           | 173           | 26,86            |        |       |
| 121A     | 1.645             | 1.625         | -1,22         | -148           | 1.497         | 1.788          | 19,44                | 1.497         | 1.785          | 19,24         | 1.497         | 1.782         | 19,03         | 1.238         | 972           | -21,49           |        |       |
| 422C     | 314               | 1.493         | 376,12        | 1.156          | 1.470         | 1.589          | 8,12                 | 1.468         | 1.589          | 8,26          | 1.361         | 1.479         | 8,65          | 1.326         | 1.282         | -3,35            |        |       |
| 731B     | 1.507             | 1.317         | -12,57        | 137            | 1.644         | 1.415          | -13,92               | 1.497         | 1.141          | -23,77        | 1.453         | 957           | -34,10        | 1.022         | 396           | -61,30           |        |       |
| 322C     | 946               | 1.041         | 9,98          | 55             | 1.001         | 1.381          | 37,93                | 676           | 1.381          | 104,19        | 676           | 918           | 35,76         | 676           | 550           | -18,67           |        |       |
| 521A     | 1.208             | 1.556         | 28,81         | -183           | 1.025         | 1.286          | 25,55                | 990           | 1.278          | 29,04         | 607           | 1.234         | 103,30        | 283           | 802           | 183,78           |        |       |
| 651A     | 1.009             | 1.366         | 35,44         | 32             | 1.041         | 1.278          | 22,75                | 970           | 1.212          | 24,92         | 883           | 1.047         | 18,50         | 604           | 764           | 26,56            |        |       |
| 123A     | 465               | 817           | 75,70         | 75             | 540           | 1.040          | 92,59                | 540           | 1.038          | 92,22         | 529           | 949           | 79,34         | 332           | 629           | 89,38            |        |       |
|          | <b>55.298</b>     | <b>81.269</b> | <b>46,97</b>  | <b>28.501</b>  | <b>83.799</b> | <b>103.553</b> | <b>23,57</b>         | <b>71.628</b> | <b>93.562</b>  | <b>30,62</b>  | <b>61.013</b> | <b>80.117</b> | <b>31,31</b>  | <b>42.156</b> | <b>52.212</b> | <b>23,85</b>     |        |       |
|          | <b>8.944</b>      | <b>7.690</b>  | <b>-14,02</b> | <b>861</b>     | <b>9.805</b>  | <b>8.373</b>   | <b>-14,61</b>        | <b>8.902</b>  | <b>7.536</b>   | <b>-10,84</b> | <b>7.848</b>  | <b>6.534</b>  | <b>-16,74</b> | <b>4.255</b>  | <b>3.705</b>  | <b>-12,93</b>    |        |       |
|          | <b>64.242</b>     | <b>88.959</b> | <b>38,47</b>  | <b>29.362</b>  | <b>93.604</b> | <b>111.926</b> | <b>19,57</b>         | <b>80.530</b> | <b>101.498</b> | <b>26,04</b>  | <b>68.861</b> | <b>86.651</b> | <b>25,83</b>  | <b>46.412</b> | <b>55.917</b> | <b>20,48</b>     |        |       |
|          |                   |               |               |                |               |                |                      |               |                |               |               |               |               |               |               |                  |        |       |

Os cadros mostran a execución, variación e graos obtidos, dos 22 programas que presentan, en 1997, un crédito definitivo superior ós 1.000 millóns de pesetas, ordenados pola súa importancia cuantitativa, conxuntamente supoñen o 92,52% do crédito definitivo total do capítulo VII. Significan, á súa vez, o 91,36% dos créditos iniciais e o 97,03% das modificacións de crédito realizadas durante o exercicio (en 1996 representaban o 86% dos créditos iniciais, o 97% das modificacións de crédito e o 89,5% dos créditos definitivos).

Cuantitativamente, o programa de maior consignación presupostaria é o 614A “Ordenación, restructuración, fomento e mellora da produción” cun 8,61% dos créditos iniciais, o 19,65% das modificacións presupostarias e o 10,88% dos créditos definitivos, que presenta unha variación respecto a 1996, do 992,92% e do 137,94% dos créditos iniciais e definitivos respectivamente.

O citado programa e o 614B “Ordenación, restructuración, fomento e mellora da produción pesqueira” representan o 20% dos créditos definitivos do capítulo, algo máis que en 1996 (17,12%), experimentando este último unha variación negativa respecto ó ano anterior (-3,81%).

Outros programas que mostran variacións significativas respecto a 1996 son o 342A “Protección e me-

llora do medio ambiente” cun incremento do 2.832,70% nos créditos iniciais e do 42,89% nos definitivos, e o 412A “Xestión e infraestrutura dos recursos hidráulicos” cun aumento respecto a 1996 do 2.045,98% nas consignacións iniciais e do 50,04% nas definitivas.

O capítulo abarca outros 39 programas máis dos expostos nos cadros anteriores que supoñen o 7,48% restante dos créditos definitivos (8.373 millóns de pesetas).

#### B.- ANÁLISE DA REVISIÓN EFECTUADA:

O traballo realizouse sobre unha mostra de expedientes (números de referencia contable) elixidos ó azar de entre os que se inclúen nos proxectos de gasto previamente seleccionados mediante a aplicación de procedementos estatísticos que garanten un erro máximo do 3,6%, unha porcentaxe de erro esperado do 5%, cun nivel de confianza do 90% sobre unha poboación composta por aqueles que corresponden ós artigos 77 “A empresas privadas” e 78 “A familias e institucións sen finalidade de lucro” que se financiaron exclusivamente con fondos propios da C.A. (modalidade 101 de fonte de financiación) e iniciados en 1997.

A execución presupostaria dos proxectos seleccionados e os números de referencia contable que compoñen a mostra de expedientes revisados é:

U.M.: Millóns de pesetas

| SECCIÓN           | Nº PROXECTO | APLICACIÓN PRESUPUESTARIA | OBJECTO  | BENEFICIARIOS  | CTO.INICIAL | MODIF.CTO. | CTO. DEFIN. | FASE "D" | FASE "O" | FASE "P" | Nº REF.CONTABLE SELECCIONADO |
|-------------------|-------------|---------------------------|--|--|-------------|------------|-------------|----------|----------|----------|------------------------------|
| 04 C. Presidencia | 040097701   | 970403213A7800            | Dotar ás comunidades galegas asentadas fora de Galicia dos medios precisos para facer realmente efectiva a súa participación na vida social e cultural galega      | Comunidades galegas asentadas fora de Galicia e inseridas no rexistro. | 183         | 0          | 183         | 173      | 172      | 163      | 9704000624                   |
|                   | 080097704   | 970802711D7700            | Axudas á promoción e fomento da artesanía galega   | Artesáns   | 30          | 0          | 30          | 29       | 21       | 17       | 9708LU0026                   |
| 08 C. Industria   | 080097713   | 970803731A7800            | Accións de promoción e renovación do sector comercial levadas a cabo a través de asociacións e outras institucións sen fins de lucro                               | Familias e outras institucións sen fins de lucro                       | 808         | 196        | 1.004       | 1.004    | 971      | 499      | 9708000398                   |
|                   | 080097715   | 970803521A7810            | Convenio de colaboración entre a C. de Industria e FIOGA   | Fundación para os investimentos de orixe galega (FIOGA)                | 0           | 70         | 70          | 70       | 70       | 70       | 9708000393                   |
| 09 C. Agricultura | 090097702   | 970903615A7700            | Subvencións ós investimentos en actividades orientadas a mellora-la comercialización, tipificación, normalización e calidade dos produtos agroalimentarios galegos | Empresas privadas do sector agrario e agroalimentario galego           | 100         | 157        | 257         | 255      | 247      | 79       | 9709002324                   |
|                   | 090097703   | 970903615A7710            | Subvención á promoción da Fundación Semana Verde   | Fundación Semana Verde   | 568         | -69        | 499         | 499      | 457      | 206      | 9709001484                   |
|                   | 090097708   | 970903731B7700            | Apoio ás empresas e as súas agrupacións co obxecto de fomentar aqueles investimentos estratéxicos que faciliten a integración vertical e horizontal das mesmas     | Empresas e súas agrupacións  | 865         | -200       | 665         | 392      | 392      | 297      | 9709001449                   |
|                   | 100097705   | 971002353A7700            | Apoiar a edición, tradución e promove-lo libro en lingua galega  | Editoriais que editan en lingua galega                                 | 107         | 0          | 107         | 107      | 102      | 94       | 9710000102                   |
| 10 C. Cultura     | 100097717   | 971003356A7810            | Financiamento de traballos de conservación e protección do patrimonio eclesástico galego   | Patrimonio eclesástico   | 50          | 0          | 50          | 50       | 47       | 0        | 9710001723                   |
|                   | 100097722   | 971003357A7830            | Inventaria-lo patrimonio moble da igrexa galega para conseguir un mellor coñecemento con vistas á súa necesaria protección   | Deputación provincial de Pontevedra                                    | 50          | 0          | 50          | 50       | 50       | 25       | 9710001080                   |
|                   | 100097723   | 971004353C7700            | Fomena-la produción videográfica e cinematográfica en lingua galega  | Entidades e persoas físicas que se dedican en Galicia esta actividade  | 126         | -27        | 99          | 99       | 93       | 22       | 9710001498                   |
| 12 C. Pesca       | 120097714   | 971203711B7700            | Contrato Programa Xunta-Pescanova s.a.   | Pescanova s.a.   | 0           | 400        | 400         | 400      | 400      | 200      | 9712000756                   |

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

### - Proxecto número 040097701:

Tal e como se describe no Anexo de transferencias de capital da Lei de presupostos para 1997, este proxecto contempla subvencións para a rehabilitación de edificios, locais o instalacións, a adquisición de equipamentos que contribúan a mellora-las condicións asistenciais, culturais, de comunicación, etc, das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia, así como axudas para a dotación de medios modernos de comunicación ás Comunidades Galegas no exterior co fin de dotalas dos medios precisos para facer realmente efectiva a súa participación na vida social e cultural galega.

Como normativa específica de aplicación a esta materia invócase a Lei 4/83, do 15 de xuño de “recoñecemento de galeguidade”.

As axudas regúlanse mediante a Orde do 5 de decembro de 1996 (DOG nº 20-12-96) sobre os plans e programas de actuacións, axudas e subvencións a favor de galegos residentes no exterior para o exercicio 1997.

Os informes previos da Asesoría Xurídica, Intervención Delegada e Dirección Xeral de Planificación Económica e Relacións coa Unión Europea, favorables ó contido da orde, son posteriores á sinatura da mesma (11/XII/96, 17/XII/96 e 10/XII/96, respectivamente).

O expediente revisado no servizo xestor (nº. referencia 970400624) refírese a axudas contempladas nos Programas 19 a 22 da Orde, que van dirixidos á rehabilitación de locais e instalacións dos centros, a mellora-las dotacións e equipamentos dos centros, incluídos equipos de informática e comunicación, e o equipamento dos grupos folklóricos dos centros.

O gasto autorizado para esta finalidade ascendeu a 173 millóns de pesetas (Documento contable “A” do 11/03/97), os 10 millóns restantes con que se dotara o proxecto foron destinados a financiar unha ampliación de crédito na aplicación presupostaria 1004361A640.0.

A revisión realizouse sobre a documentación facilitada polo Servizo Xestor correspondente a varios centros galegos no exterior beneficiarios de axudas do programa 19 (seleccionados ó azar).

En ningún dos casos revisados queda constancia documental da aplicación obxectiva dos criterios que se establecen no artigo 141 da Orde, para a concesión das axudas e reparto dos créditos disponibles entre os beneficiarios, non consta xustificación documental da aplicación de baremos previamente establecidos, resultando as axudas concedidas sobre as cantidades solicitadas ou presupostadas, de importes e porcentaxes diversos entre si.

En tódolos casos revisados, a axuda pagada é a concedida no seu día, pero as xustificacións do gasto realizado, en dous deles, son inferiores ó investimento previsto na solicitude (Centro Galego Buenos Aires e Centro Galego en Barcelona); en termos porcentuais, a axuda pagada sobre o investimento xustificado resulta superior á axuda concedida sobre o investimento previsto ou cantidade solicitada.

## CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO:

### - Proxecto 080097704:

Ten por obxecto axudas á promoción e fomento da artesanía galega cunha dotación presupostaria de 30 millóns de pesetas, redistribuído por provincias da seguinte forma:

U.M.: Millóns de pesetas

| DELEGACIÓN PROVINCIAL | CRÉDITO DESCONCENTRADO | FASE "D"    | FASE "O"    | PAGOS REALIZADOS EN 1997 |
|-----------------------|------------------------|-------------|-------------|--------------------------|
| A Coruña              | 14,5                   | 14,5        | 7,9         | 2,3                      |
| Lugo                  | 5,0                    | 5,0         | 5,0         | 5,0                      |
| Ourense               | 5,0                    | 5,0         | 3,7         | 3,7                      |
| Pontevedra            | 5,5                    | 5,5         | 4,4         | 2,4                      |
| <b>TOTAL</b>          | <b>30,0</b>            | <b>30,0</b> | <b>21,0</b> | <b>13,4</b>              |

Regúlanse estas axudas mediante a Orde do 13/01/97, pola que se convoca e regula o réxime de concesión de axudas para a creación, ampliación e mellora de talleres artesanais e de apoio á investigación de actividades tradicionais (DOG 22/01/97).

O traballo realizado centrouse nas axudas xestionadas pola Delegación Provincial de Lugo, realizándose a revisión da documentación aportada ó respecto polo servizo xestor sobre o expediente nº de referencia 9708LU0026 para unha axuda de 4 millóns de pesetas outorgada para a construción dunha nave destinada a un taller artesán de cerámica, sen que na revisión efectuada se puxeran de manifesto incidencias significativas.

#### - Proxecto 080097713:

Inclúese no Anexo da Lei de presupostos para 1997 cunha financiación inicial de 808 millóns de pesetas e coa seguinte finalidade: accións de promoción e renovación do sector comercial galego levadas a cabo a través de asociacións e outras institucións sen fins de lucro. A regulación legal que nel se cita é a Lei 11/92 de réxime financeiro e presupostario de Galicia e a Lei 11/96 de presupostos da C.A. para 1997.

A revisión realizouse sobre a documentación facilitada polo servizo xestor sobre o expediente nº de referencia 9708000398, que se refire a un convenio de colaboración entre a Xunta e a Federación Galega de Comercio para a realización dun programa de potenciación do comercio no ámbito territorial da C.A. de Galicia, autorizado previamente polo Consello da Xunta o 14 de maio de 1997.

O convenio fundaméntase pola Consellería de Industria na súa conformidade coa Resolución do 28/07/95 que desenvolve as normas do Plan Intersectorial de Competitividade para 1995, que foi prorrogada por Resolución do 21 de febreiro de 1997,

1997, que contempla, entre outras, a realización de accións de promoción comercial en colaboración con entes públicos, asociacións, etc., mediante convenios de colaboración para diversos sectores de interese.

O convenio, asinado o 15/05/97, ten por obxecto "establece-las bases de colaboración entre a C. de Industria e Comercio e a Federación Galega de Comercio, para a realización dun programa de potenciación do comercio no ámbito territorial da C.A. de Galicia, coa finalidade de adecuar especial e sectorialmente a oferta comercial, así como conseguir que a competitividade sexa o concepto clave para que as pequenas e medianas empresas e os establecementos comerciais galegos poidan manter un desenvolvemento pleno da súa actividade en sintonía coas demandas dos consumidores e usuarios, adaptado ás novas necesidades do mercado".

O programa de potenciación do comercio galego desenvolverase con accións da Federación Galega de Comercio a través de accións de promoción en distintas modalidades, formación, seminarios, conferencias e outras, cun presuposto total de 260 millóns de pesetas dos que a Xunta de Galicia aporta a través da C. de Industria 200 millóns de pesetas.

O amparo legal do convenio encóntrase no artigo 40 da Lei 11/96 de presupostos da C.A. para 1997.

Do seguimento da documentación facilitada polo servizo xestor obsérvase que non consta no expediente a remisión do convenio a Relacións Institucionais. Non queda constancia da creación da Comisión paritaria de seguimento que coordinará o seu desenvolvemento, prevista na cláusula 8ª do convenio.

En canto á xustificación do cumprimento do obxecto do convenio mediante a presentación das correspondentes facturas de gastos e memoria das

actividades desenvolvidas a presentar pola Federación para o libramento da aportación da Xunta, acompañanse os documentos contables de obrigas recoñecidas e propostas de pago de facturas que ascenden en total a 266 millóns de pesetas, pero entre a documentación aportada non consta a memoria das actividades desenvolvidas, establecida na cláusula 5ª do Convenio.

#### **- Proxecto 080097715:**

Este proxecto, non previsto no anexo da Lei de presupostos de 1997, xurde do convenio asinado entre a Consellería de Industria e Comercio e a Fundación para os Investimentos de Orixe Galega (FIOGA), o 6 de maio de 1997, co obxecto de establecer as bases de colaboración entre ámbalas dúas como “instrumento de coordinación, divulgación e apoio ás empresas e asociacións de empresarios galegos no exterior que facilite e oriente acertadamente o potencial investidor para que poida alcanzar uns niveis óptimos de rendibilidade”, previa autorización do Consello da Xunta do 2 de maio.

Finánciase este convenio cunha aportación pola Xunta de 50 millóns de pesetas, que sufragará os gastos orixinados a FIOGA na realización de diversas actividades de información, formación e promoción dirixidas á captación de investimentos de empresarios galegos no exterior, a potenciación da internacionalización das pequenas e medianas empresas galegas e dinamiza-lo movemento asociativo empresarial galego, intercambio de información entre o empresariado galego interior e exterior, así como potencia-las exportacións e a rendibilidade e mellora dos investimentos en Galicia.

O amparo legal do mesmo encóntrase no artigo 40 a) da Lei 11/96, de presupostos xerais da C.A. de Galicia para 1997, que permite a concesión directa de axudas en determinados casos.

O 12/03/97 aprobouse unha transferencia de crédito negativa na aplicación 0803521A783.6 “Recinto feiral de Pontevedra”, por 50 millóns de pesetas, para dotar de crédito suficiente á aplicación 0803521A781.0 “Plan de fomento de exportacións galegas”, xustificando a transferencia negativa que “se propón porque non será preciso utiliza-la dotación inicialmente prevista xa que as accións a executar, de acordo coa memoria remitida pola Conse-

llería de Industria, se levarán a cabo a través doutra Consellería”.

Do seguimento da documentación facilitada polo servizo xestor sobre este expediente (nº de referencia 970800393), obsérvase que segundo a cláusula 4ª do convenio, “crearase unha Comisión paritaria de seguimento que coordinará o seu desenvolvemento” sen que no expediente conste a creación de tal Comisión. Ademais, non queda constancia entre a documentación aportada da remisión do convenio a Relacións Institucionais.

Ademais o proxecto 080097715 inclúe outro expediente (nº de referencia 9708000701) que se financiou mediante unha transferencia de crédito (TR08-37-97) por 20.000.000 pesetas con fondos procedentes da aplicación 0803521A760.0 (“Mercado de Ferrol-convenio co Concello de Ferrol) e que se xustifica na memoria que inclúe o expediente de modificación presupostaria pola necesidade de atender a subscripción dun convenio con FIOGA para cofinanciar actuacións no Programa Bolívar e outras accións de carácter internacional.

#### **CONSELLERÍA DE AGRICULTURA GANDE- RÍA E MONTES:**

#### **- Proxecto 090097702:**

O seu obxecto é subvencionar actividades destinadas a mellora-la comercialización, tipificación, normalización e calidade dos produtos agroalimentarios galegos, e está dirixido a empresas privadas do sector.

O Decreto 113/97, e as súas modificacións posteriores establecen as axudas a industrias agrarias e a comercialización de produtos agrarios galegos.

O proxecto, dotado inicialmente con 100 millóns de pesetas, presenta uns créditos definitivos de 256,7 millóns de pesetas, dos que se comprometeron 254,7 millóns, alcanzando a fase de obriga 246,6, aínda que o pago proposto en 1997 foi de 101,2 millóns de pesetas.

O expediente revisado refírese a unha subvención concedida ó Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro, por 50 millóns de pesetas, ó amparo da Orde do 16 de decembro de 1996, sobre



axudas á promoción e comercialización de produtos agrarios e agroalimentarios galegos, e da Orde do 8 de xuño de 1997, pola que modifican aspectos da anterior.

Non se observaron incidencias significativas sobre os xustificantes aportados polo beneficiario previos ó pago da axuda. Sen embargo na memoria que acompaña a solicitude non figura a avaliación económica das súas vantaxes, a data de aceptación da axuda concedida, que non consta rexistrada de entrada, é do 28/08/97, excedendo do prazo establecido. Non queda constancia dos criterios seguidos na concesión da subvención.

Respecto á tramitación da orde reguladora, non se recolle a comunicación á Comisión da Unión Europea do proxecto de establecemento, concesión e modificación de subvencións (artigo 93.3 do tratado da CEE) a través da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea, a pesar de que segundo os informes da Dirección Xeral de Planificación Económica e Relacións coa UE do 27/11/96 e da Asesoría Xurídica do 28/11/96, sería necesario realizar este trámite. O servizo xestor facilitou ó respecto copia da publicación do DOCE sobre a autorización o 07/06/96, sobre axudas nº 987/95, de medidas a favor da promoción e comercialización de produtos agrarios, na que se indica como condición o compromiso das autoridades españolas de respectar as liñas directrices en materia de publicidade dos produtos agrícolas (D.C. nº C302 do 12/11/87).

#### **- Proxecto 090097703:**

Contempla unha subvención á Fundación Semana Verde de Galicia, establecida por Acordo do Consello da Xunta do 27/10/94.

Está dotado cun crédito inicial de 568 millóns de pesetas e corresponde á suma das anualidades previstas no citado Acordo para 1996 e 1997 como aportacións da Consellería de Agricultura a actividades de promoción, sen que neste se especificase ou concretase o tipo de gastos que se consideran subvencionables e o modo no que se xustificará a aplicación dos fondos recibidos por parte da Fundación.

O expediente revisado (nº de referencia 9709001484) corresponde a un ADOK imputado a

1997 por importe de 205.876.464 pesetas, que se propón para asumilo pago non realizado en 1996 da aportación de 274.600.000 pesetas, que o Acordo do 27/10/94 prevía para ese exercicio.

Por Resolución do Conselleiro do 9 de maio de 1997, ó amparo do Decreto 63/87, do 17 de xaneiro, impútase ó presuposto do exercicio 1997 a subvención á Fundación Semana Verde por importe de 205.876.464 pesetas, posto que, ó non alcanza-la fase de obriga, non foi posible incorporar ó presente exercicio o crédito acordado polo Consello da Xunta para 1996.

O gasto de 205.876.464 pesetas recollido no ADOK rexistrado está xustificado con facturas de 1996, presentadas pola Fundación, por un importe total de 402 millóns de pesetas. A natureza económica dos mesmos é variada e diversa: gastos de viaxe, estancias, publicidade, gastos xerais, material de oficina, reposición de consumibles, honorarios diversos (asesoría fiscal, asistencias técnicas para congresos, etc). Coa documentación facilitada non se puido deslindar dentro do conxunto xeral qué gasto corresponde realmente a actividades de promoción, para os cales se arbitra a subvención dentro dos presupostos do Capítulo VII (Transferencias de Capital) e cáles dos gastos son os que corresponden a gastos normais de funcionamento ordinario da Fundación que se poderían estar financiando inadecuadamente co Capítulo VII.

Recoméndase a concreción e clasificación das actividades a realizar e gastos admisibles como subvencionables con cargo ó Capítulo VII do presuposto de gastos.

#### **- Proxecto 090097708:**

A súa finalidade é o apoio a empresas e as súas agrupacións co obxecto de fomentar aqueles investimentos estratéxicos que faciliten a integración vertical e horizontal das mesmas, xestionada pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias.

A súa dotación inicial ascendeu a 865,2 millóns de pesetas, recoñecéndose obrigas por 392 millóns de pesetas, dos que 290 corresponden á anualidade de 1997 dunha axuda plurianual outorgada anterior-

mente a Coren, repartíndose os 102 millóns de pesetas restantes entre 5 beneficiarios máis.

No expediente revisado nº de referencia 9709001449, que corresponde a unha axuda de 3,2 millóns de pesetas, concedida o 08/06/95 ó amparo do Decreto 113/87 e a Orde do 4 de agosto de 1994 (DOG 18/08/94) pola que se desenvolve o citado Decreto, no que se establecen axudas para as industrias agroalimentarias e de comercialización de produtos agrarios galegos, obsérvase que en decembro de 1995 se certificou que o investimento subvencionado estaba suficientemente xustificado de acordo coa orde reguladora e que se comprobou materialmente a realización do investimento, pero non se pagou ata xuño de 1997 con cargo ó presuposto deste ano.

Do seguimento da documentación que integra o expediente tramitado en 1995, obsérvase o seguinte:

- O balance económico, que debe acompañala solicitude, non consta avalado por auditor legalmente autorizado, como esixe o artigo 4 punto 6 da orde reguladora.
- A Resolución de concesión da axuda do 08/06/95 distánciase 7 meses da proposta formulada pola Delegación Provincial (17/10/94). A axuda concedida resultou do 35% do investimento subvencionado, dentro dos límites que a orde establecía.
- Respecto á xustificación do investimento subvencionable realizado, apórtase unicamente copia do certificado do servizo competente da Delegación Provincial de Lugo, do 12/12/95, no que se indica que se solicitou o pago xunto coa aportación dos xustificantes, que se adecuan á orde reguladora, pero estes non se poideron revisar por non constar no expediente facilitado na nosa visita.

Respecto á orde reguladora solicitouse información sobre a tramitación da mesma (Decreto 21/92, do 29 de xaneiro), non constan os antecedentes ata a súa publicación no DOG.

## CONSELLERÍA DE CULTURA:

### - Proxecto 100097705:

Ten por obxecto apoiar a edición, tradución e promoción do libro en lingua galega. Dotouse con 107 millóns de pesetas que segundo mostra a súa execución presupostaria comprometéronse na súa totalidade. Os destinatarios das axudas previstas son as editoriais que editan en lingua galega.

É de aplicación a estas axudas a Orde do 12 de decembro de 1996, pola que se convocan subvencións a empresas editoriais para apoiar a edición en galego, tradución ó galego e a edición noutras linguas de obras publicadas orixinalmente en galego.

O expediente revisado con nº de referencia 9710000102, corresponde a axudas outorgadas ó amparo do apartado A) "Subvencións a obras xa editadas en lingua galega", observándose o seguinte:

- O artigo 7º. 3 da orde esixe que se faga constar en cada obra que ésta recibiu subvención da Consellería, utilizando a imaxe corporativa da Xunta, situación que non se puido constatar para os libros revisados, posto que no caso das axudas do apartado A) é difícil na práctica o cumprimento de tal requisito por tratarse de libros xa editados, por dito motivo en futuras ordes a Consellería esixirá este requisito de forma explícita unicamente para obras subvencionadas baixo a modalidade do apartado B).
- Sobre os exemplares subvencionados esíxese ós beneficiarios a súa entrega á Consellería como requisito para o pago da axuda, o que implica a existencia dunha contraprestación directa a favor da Administración, situación que desvirtúa o contido da definición de subvención pública. Eses exemplares entregados son posteriormente distribuídos pola Consellería para campañas de fomento da lectura e destínanse tamén á promoción e difusión en feiras do libro, pero no expediente revisado non queda constancia do destino dado ós exemplares dos que se certificou a recepción.
- Obsérvase algún caso no que a subvención se concede e paga por un nº total de exemplares

(600 unidades), que superan o límite establecido pola orde no seu punto A.2) (“... máximo de 20% de exemplares editados, ata un límite de 500”); situación que se comunicou á Consellería, a cal procedeu o 28/09/99 a notifica-lo erro cometido ó beneficiario, solicitándolle a devolución do importe de subvención recibido en exceso.

#### **- Proxecto 100097717**

Contempla a financiación de traballos de conservación e protección do patrimonio eclesiástico galego no marco dun convenio asinado en 1985 entre a Xunta e a igrexa católica sendo a aportación prevista para esta finalidade de 50.000.000 pesetas.

Materialízase o proxecto na concesión directa dunha subvención ó amparo do artigo 40 da Lei 11/96, de presupostos da C.A. de Galicia para 1997, por importe de 50.000.000 pesetas, que se instrumenta na sinatura o 08/07/97, dun Convenio de colaboración entre a Xunta e os bispos das Dióceses que abarcan o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento do artigo VI do Convenio marco citado do 17/04/85, e previamente aprobado por Acordo do Consello da Xunta (29/05/97).

As actuacións que se subvencionan consisten na realización de obras de rehabilitación de varias igrexas que se relacionan no Anexo I do Convenio, correspondendo ós Servizos Técnicos da Consellería a supervisión das intervencións e correspondentes certificacións de obra, así como o control e seguimento dos proxectos presentados e autorizados. A vixencia do Convenio mantense ata o 15 de novembro de 1997.

A execución presupostaria do proxecto mostra que no exercicio fiscalizado se propuxo o pago de 46 millóns de pesetas.

#### **- Proxecto 100097722:**

Trátase dunha subvención nominativa contemplada nos Presupostos para 1997, que ten por obxectivo dar continuidade á realización do inventario do patrimonio moble da igrexa en Galicia, para conseguir un mellor coñecemento con vistas á súa necesaria protección, sendo o beneficiario a Deputación Provincial de Pontevedra e a contía da axuda prevista de 50.000.000 pesetas a aportar pola

de 50.000.000 pesetas a aportar pola Consellería de Cultura con cargo ó programa 357A “Museos”.

A subvención instrumentouse mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta e a Deputación Provincial, o 21 de xullo de 1997, previamente aprobado polo Consello da Xunta (10/04/97). No citado convenio establécese que os traballos serán realizados polo museo de Pontevedra e se materializarán en fichas individuais acompañadas de fotografías para posibilita-lo estudio e a consulta de cada un dos elementos inventariados. Os fondos previstos libraranse a favor do Museo de Pontevedra realizándose os pagos, o primeiro (anticipo do 50%) no momento da sinatura do documento e o segundo (50% restante) unha vez finalizados os traballos, previa presentación de certificación do Director do Museo de que os traballos están rematados. Corresponde á Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Museo, a coordinación xeral, supervisión e dirección das actividades.

A execución presupostaria do proxecto fiscalizado mostra que o primeiro pago (25.000.000 pesetas), correspondente ó anticipo do 50% ó asina-lo convenio, se realiza a favor da Deputación Provincial de Pontevedra, mentres que o segundo (50% restante) se realiza a favor do Museo de Pontevedra directamente.

Con data do 27/10/97, polos Servizos Técnicos de Museos da Consellería infórmase favorablemente a execución do proxecto.

#### **- Proxecto 100097723:**

Ten por obxecto fomenta-la produción cinematográfica e videográfica en lingua galega, podendo ser beneficiarios das axudas as entidades e persoas físicas que se dediquen en Galicia a esta actividade.

Regúlanse mediante Orde do 6 de maio de 1997, pola que se convocan subvencións a empresas e persoas físicas vinculadas ó sector audiovisual para apoia-lo desenvolvemento de proxectos de produción en lingua galega, a produción audiovisual en lingua galega e as iniciativas de promoción do audiovisual galego.

Na revisión efectuada pónense de manifesto as seguintes incidencias:

- Concedeuse a “Diseños e servicios gráficos s.l.” unha subvención de 6.000.000 pesetas para un proxecto multimedia cun custo estimado segundo a solicitude de 10.720.000 pesetas, resultando a subvención outorgada do 56% do custo previsto subvencionable, e superior en 500.000 pesetas á proposta que realizou a Comisión avaliadora o 28/07/97 (5.500.000 pesetas), sen que quede constancia no expediente da aplicación obxectiva dos criterios establecidos na orde reguladora (non consta a baremación previa), nin sobre a proposta da Comisión avaliadora nin na posterior resolución adoptada.
- O gasto total xustificado para este proxecto pola empresa beneficiaria ascendeu segundo a documentación aportada a 6.558.955 pesetas, cantidade inferior ó presuposto presentado coa solicitude en 4.161.045 pesetas, sen que a axuda pagada se reducira proporcionalmente polo importe non xustificado, resultando así unha subvención pagada de 6.000.000 pesetas sobre un investimento de 6.558.955 pesetas, é dicir, do 91,48% dos gastos efectivamente xustificadas, sendo ó límite de subvención establecido pola orde do 60% do custo total, o que implica un exceso de subvención segundo as disposicións aplicables.
- Situación similar prodúcese noutra axuda outorgada a este mesmo beneficiario, por importe de 6.900.000 pesetas, para financiar unha produción consistente na realización dunha serie de televisión de debuxos animados que tiña, segundo a solicitude, un custo previsto de 13.867.350 pesetas. A subvención concedida (igual á proposta pola Comisión de avaliación) ascende ó 50% do investimento previsto, dentro do límite establecido pola orde reguladora.

O gasto total xustificado pola empresa beneficiaria segundo a documentación aportada ascendeu a 7.455.778 pesetas, cifra inferior á prevista, sen que previamente ó pago da subvención se procedese á súa minoración na proporción correspondente polo investimento previsto non xustificado, resultando a axuda pagada do 92,55% do custo total xustificado,

superando o límite establecido pola orde reguladora destas axudas.

#### CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA:

##### - Proxecto 120097714:

O citado proxecto refírese ó pago pola Consellería de Pesca das aportacións que en 1997, lle transfiriron as Consellerías de Industria e de Agricultura (de 200 millóns de pesetas cada unha), pola súa participación nas subvencións que se contemplan no contrato-programa asinado o 07/XII/95 entre a Xunta de Galicia e Pescanova, S.A., de carácter plurianual e que prevé, entre outras, subvencións desa Administración ás medidas de carácter estrutural a acometer no período 1995-1999 por empresas do grupo Pescanova, que estima alcanzarán os 7.000 millóns de pesetas e terán por obxecto:

- a) A promoción da nova construción de buques pesqueiros así como a modernización o reconversión da flota pesqueira do grupo Pescanova.
- b) A promoción de investimentos que renoven, modernicen ou innoven tecnoloxicamente as instalacións industriais do citado grupo, así como o establecemento de novos centros productivos de manipulación, transformación, conversión e tratamento de produtos da pesca ou a acuicultura.
- c) A promoción de investimentos destinados á implantación de novos establecementos de cultivos mariños, á innovación tecnolóxica en materia de acuicultura e á modernización ou adquisición de instalacións.
- d) A revalorización dos produtos da pesca e a acuicultura, así como a mellora de abastecementos dos mesmos.
- e) Aqueles outros investimentos de carácter estrutural compatibles coa normativa comunitaria dentro dos límites e condicións que ésta estableza.

A normativa de aplicación que se invoca no citado contrato-programa é:

- Directrices para o exame de axudas do Estado no sector da Pesca e da Acuicultura (94/C 260/03).
- O Regulamento (CE) nº 3699/93 do Consello do 21/XII/93, polo que se definen os criterios e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector da pesca, a acuicultura e a transformación e comercialización de produtos.
- O Decreto 178/1994, do 8 de setembro, polo que se establece un programa de axudas con finalidade estrutural no sector da pesca, a acuicultura e a transformación dos seus produtos.
- O Decreto 309/1995, do 23 de novembro, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da C.A. de Galicia, “compatibilizado pola Unión Europea o 31/07/95”.
- “Aquela normativa que na actualidade ou no futuro estableza incentivos ó investimento compatibles co Mercado Común”.

As subvencións ás medidas de carácter estrutural terán como límite 2.400 millóns de pesetas, resultantes do calendario establecido no contrato-programa que determina:

450 millóns de pesetas para 1995  
 600 millóns de pesetas para 1996  
 600 millóns de pesetas para 1997  
 600 millóns de pesetas para 1998  
 150 millóns de pesetas para 1999

Non obstante, as porcentaxes de subvención a aplicar sobre os investimentos elegibles, así como a porcentaxe máxima de axudas, non poderá superar para cada investimento os límites previstos na lexislación vixente, computándose a ditos efectos, calquera outra subvención, que cada investimento en concreto recibira con anterioridade, de tal modo que se respeten sempre os topes máximos de Subvención Neta Equivalente asignadas a Galicia como rexión obxectivo nº 1.

Para percibi-las subvencións Pescanova, S.A., deberá xustifica-los importes dos investimentos e emi-

tir certificación expedida por persoa con poder suficiente acompañada de informe dunha sinatura de auditores independentes, pola que se acredite:

- A. Que os investimentos realizados en inmovilizacións materiais e inmateriais teñen soporte suficiente e adecuado en canto á súa acreditación documental.
- B. Que os pagos en inmovilizados materiais e inmateriais, polos importes correspondentes a cada anualidade foron realizados por sociedades do Grupo Pescanova, contra contas bancarias abertas a nome de ditas sociedades.
- C. O importe total e a porcentaxe de subvencións percibidas por tódolos conceptos, referentes ós investimentos, que servan de base para a xustificación de subvencións do presente contrato-programa”.

A xestión, seguimento e control do contrato-programa adscribirase en canto ás subvencións a investimentos elegibles ás:

Consellerías de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Consellería de Industria e Comercio.

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Ademais, no contrato-programa contéplanse subvencións a medidas de carácter financeiro (subvencións a tipos de interese de préstamos e empréstitos e recursos financeiros para obrigas) que serán obxecto de xestión, seguimento e control pola Consellería de Economía e Facenda a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe).

Na práctica, as subvencións a medidas de carácter estrutural son xestionadas pola C. de Pesca, limitándose as C. de Industria e Agricultura a transferir-las fondos a aquela, pola súa participación no contrato-programa, aplicándose o Decreto 278/94 para determina-los investimentos elegibles.

No cadro seguinte resumímo-las subvencións pagadas no período correspondente a 1995-1997, que en lugar de ser un único proxecto plurianual, inclúe varios proxectos.

U.M.: Pesetas

| APLICACIÓN PRESUPUESTARIA 12.03.711B.770.0 |   |                 |                       |                 |                          |                    |                           |   |                      |                        |  |
|--|---|-----------------|-----------------------|-----------------|--------------------------|--------------------|---------------------------|---|----------------------|------------------------|--|
| ANUALIDADE                                 | CUANTIA LIMITE.SUB.   | CODIGO PROXECTO | OBRIGA.REC. EJERCICIO | DATA ORDEN PAGO | PROCEDENCIA FONDOS       | IMPORTE SUBVENCION | CONCEPTO (*)              | EXPLICACION INVERSIÓN REALIZADO                   | INVERSIÓN PAGADA     | % SUBV.SOBRE INVERSIÓN |  |
| 1.995                                      | 450.000.000   |                 | 1.995                 | 01/02/96        | PE/IN/AG                 | 450.000.000        | Total Anualidad/95        | Adquisición edificio y terrenos por Frigodis s.a. | 1.200.000.000        | 37,5                   |  |
|  |   |                 |                       |                 | <b>TOTAL SUBV.PAGADA</b> | <b>450.000.000</b> |                           | <b>TOTAL INV.PAGADA/95</b>                        | <b>1.200.000.000</b> | <b>37,5</b>            |  |
| 1.996                                      | 600.000.000   |                 | 1.996                 | 07/03/96        | PE                       | 150.000.000        | 1º Trim.Anual/96          | Adquisición edificio y terrenos por Frigodis s.a. | 550.000.000          |                        |  |
|  |   | 1296090         | 1.996                 | 01/10/96        | IN                       | 150.000.000        | 2º Trim.Anual/96          |   |                      |                        |  |
|  |   | 1295049 1296066 | 1.996                 | 13/12/96        | PE                       | 50.000.000         | Parcial 3º Trim Anual./96 | Diversas inversiones por empresas del GRUPO       | 389.000.000          |                        |  |
|  |   | 1296064         | 1.996                 | 04/03/97        | IN                       | 50.000.000         | "                         | "   |                      |                        |  |
|  |   | 1297714         | 1.997                 | 22/05/97        | AG                       | 200.000.000        | Liq.3º y 4ºTrim.Anual/96  | "   | 296.000.000          |                        |  |
|  |   |                 |                       |                 | <b>TOTAL SUBV.PAGADA</b> | <b>600.000.000</b> |                           | <b>TOTAL INV.PAGADA/96</b>                        | <b>1.235.000.000</b> | <b>48,6</b>            |  |
| 1.997                                      | 600.000.000   | 1297706         | 1.997                 | 14/07/97        | PE                       | 200.000.000        | Parcial Anual./97         | Diversas inversiones por empresas del GRUPO       | 290.000.000          |                        |  |
|  |   | 1297714         | 1.997                 | 09/03/98        | IN                       | 200.000.000        | Parcial Anual./97         | Buque en construcción para Boanova s.a.           | 350.000.000          |                        |  |
|  |   |                 |                       |                 | <b>TOTAL SUBV.PAGADA</b> | <b>400.000.000</b> |                           | <b>TOTAL INV.PAGADA/97</b>                        | <b>640.000.000</b>   | <b>62,5</b>            |  |
| Nota (*):                                  | De acuerdo con el contrato-programa, con anterioridad a 1997 los pagos parciales tendrían como límite 150 mill. de ptas.por trimestre natural. El Acuerdo de la Comisión de Seguimiento del contrato-programa de fecha 14/6/97 permite la realización de pagos parciales sin limitación temporal. |                 |                       |                 |                          |                    |                           |   |                      |                        |  |

O traballo realizado abarca non só ó proxecto seleccionado na mostra, senon que inclúe a documentación das subvencións pagadas con cargo ás anualidades previstas para o período 1995-1997, expostas no cadro anterior, posto que as anualidades seguintes serán obxecto de estudo en posteriores informes.

Como resultado do traballo realizado sobre a documentación revisada na C. de Pesca, temos que realiza-las seguintes observacións:

1. Non se nos puido facilita-la documentación previa orixinada na tramitación do contrato-programa: Plan estratéxico formulado polo Grupo Pescanova, informes da Asesoría Xurídica e da Intervención.
2. Aínda cando se trata dun contrato-programa que contempla compromisos adquiridos polas C. de Pesca, Industria e Agricultura para o período plurianual 1995-1999, non constan rexistrados contablemente tales compromisos para facer fronte ás axudas previstas para cada anualidade futura, por un total de 1.950 millóns de pesetas.
3. Non consta emisión de informes ou certificacións de comprobación material do investimento subvencionado por parte do servizo xestor, nin respecto á posible concurrencia doutras axudas.
4. A documentación aportada por Pescanova como xustificación do investimento realizado, nalgúns casos inclúe unicamente certificación expedida por persoa con poder suficiente acompañada de certificación dunha sinatura de auditores independentes que recolle os apartados A e B que se requiren no contrato-programa, sen que se faga referencia algunha ó punto C (“o importe total e a porcentaxe de subvencións percibidas por tódolos conceptos referentes ós investimentos que serven de base á xustificación de subvencións do contrato-programa”). Ademais, non sempre se acompañan facturas e xustificantes de pago dos investimentos que se citan senon, unicamente se fai referencia a listados que se adxuntan coas certificacións mencionadas. Ó respecto o contrato-programa establece que “para percibi-las subvencións, Pescanova, S.A. deberá xustifica-los importes dos investimentos realizados e emitir certificación ...” sen que

quede definido o modo no que se considera suficientemente xustificado o importe dos investimentos realizados.

5. Un dos investimentos xustificados en 1997 refírese a un buque en construción sobre o que se acompaña factura do 02/06/97 por 350 millóns de pesetas (sen IVE) a nome de Boanova, S.A., sen que se aporte documentación algunha á que fai referencia o Decreto 278/94, para axudas á promoción de nova construción de buques pesqueiros.
6. En canto á adquisición dun Edificio e Terreos por Frigodí, S.A. a escritura de compra-venda que se acompaña indica unicamente o prezo global da operación, 1.750 millóns de pesetas, non sendo subvencionables a adquisición de terreos en aplicación do Regulamento CE nº 3699/93.
7. Noutros casos, é difícil determinar se os gastos xustificados son realmente inmovilizacións materiais ou inmateriais, polo concepto que se describe no listado que acompaña ás certificacións, única xustificación que se aporta.
8. Respecto ó contido do contrato-programa, indicar que no mesmo obsérvase a ausencia de mención a aspectos que deberan constar nel, en aplicación do artigo 86 da Lei 11/92, do 7 de outubro.

### **V.3.6. Endebemento e gastos financeiros**

A normativa aplicable encóntrase recollida fundamentalmente en:

- A Lei Orgánica 8/80, do 22 de setembro de financiación das comunidades autónomas, (artigo 14).
- A Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario da C.A. de Galicia, (artigos 28 a 39).
- A Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais da C.A. de Galicia para 1997, (artigos 27 e 28).

- Decreto 27/97, do 6 de febreiro, da Consellería de Economía e Facenda, polo que se regula a débeda da C.A. de Galicia correspondente ó exercicio de 1997.

A Lei 11/92, no seu artigo 29 distingue entre a “Débeda da Comunidade Autónoma de Galicia” e a “Débeda dos organismos autónomos”, sendo obxecto da análise deste informe a primeira delas.

Para 1997, a Lei 11/96 no seu artigo 27 establece que a variación da posición neta debedora da C.A. ó final do exercicio non poderá exceder de 27.600 millóns de pesetas.

O Decreto 27/97, polo que se regula a débeda da C.A. de Galicia para este ano, no seu artigo 1º indica que se entende como variación da posición neta debedora o resultado de deducir das operacións de endebedamento que se formalicen en 1997, as amortizacións de débeda que se efectúen no mesmo exercicio.

Respecto á débeda de Tesourería, o artigo 28 da Lei 11/96, establece que o Consello da Xunta, a propos-

ta do Conselleiro de Economía e Facenda, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de Tesourería ata un importe que non supere o 15% da consignación que figura nos presupostos como ingresos correntes incondicionados.

Polo Decreto 27/97, autorízase ó Conselleiro de Economía e Facenda a emitir débeda pública en calquera das súas modalidades, por un prazo de reembolso inferior a un ano, para atender necesidades transitorias de tesourería, co límite acumulativo máximo para as operacións en vigor, o establecido no artigo 28 da Lei 11/96.

#### A.- ENDEBEDAMENTO A LONGO PRAZO

##### A1.- Aspectos Xerais:

As principais magnitudes que se desprenden da liquidación do presuposto do exercicio 1997, capítulo IX.- Pasivos Financeiros, mostran na vertente de ingresos o endebedamento a longo prazo do exercicio, e na de gastos as amortizacións realizadas, sendo a variación neta de pasivos financeiros a diferenza entre ámbalas dúas:

U.M.: Millóns de pesetas

| EXECUCIÓN C. IX                         | PRESUPUESTO |        |            | DEREITOS/OBRIGAS | INGRESOS/PAGOS |
|---|-------------|--------|------------|------------------|----------------|
|   | INICIAL     | MODIF. | DEFINITIVO |                  |                |
| PPTO. INGRESOS (I)                      | 48.005      | Ø      | 48.005     | 48.004           | 48.004         |
| PPTO. GASTOS (II)                       | 20.405      | Ø      | 20.405     | 20.405           | 20.405         |
| VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS (I-II) |             |        |            | 27.599           | 27.599         |

Do que se desprende o cumprimento do límite cuantitativo establecido no artigo 27 da Lei 11/96, para o endebedamento a longo prazo, na forma que determina o Decreto 27/97.

A evolución da débeda viva ata o 31-XII-97 móstrase na Conta Xeral de Endebedamento, que, como xa se menciona en anteriores informes do Consello de Contas, arrastra un menor importe de 16,4 millóns de pesetas, nos seus saldos a inicio e fin de exercicios desde 1993, como consecuencia do rexistro contable erróneo no concepto 950 “Amortiza-

cións de préstamos e débeda pública interior” e no concepto 100522 “Diferencias de cambio” do presuposto de ingresos, ó considera-lo valor teórico do tipo de cambio de divisas en pesetas, na operación do Banco Europeo de Investimentos polo equivalente a 8.000 millóns de pesetas, para amortiza-lo préstamo ICO do ano 1992, en lugar do valor realizado.

A evolución da débeda viva en 1997 e a súa variación respecto ó ano inmediato anterior móstrase nos cadros seguintes, elaborados a partir da información facilitada pola Administración.



U.M.: Millóns de pesetas

| SALDO A 01-01-97 | OPERAC. FORMALIZ./97 | AMORTIZAC. DE 1997 | SALDO A 31-12-97 |
|------------------|----------------------|--------------------|------------------|
| 375.288          | 48.004               | 20.405             | 402.887          |

U.M.: Millóns de pesetas

| DÉBEDA VIVA A 31-12-97 (I) | DÉBEDA VIVA A 31-12-96 (II) | VARIACIÓN (I-II) |     |
|----------------------------|-----------------------------|------------------|-----|
|                            |                             | IMPORTE          | %   |
| 402.887                    | 375.288                     | 27.599           | 7,3 |

A variación porcentual da débeda viva a fin de exercicio respecto ó ano anterior, tal e como se mostra no cadro, é do 7,3%, porcentaxe sensiblemente inferior á que resultou en 1996 respecto a 1995, que foi do 10,3%.

O capítulo IX.- Pasivos Financeiros, nas súas vertentes de ingresos e gastos presenta as seguintes variacións en 1997 respecto ó exercicio anterior segundo os datos que recolle a liquidación do presuposto de cada ano:

U.M.: Millóns de pesetas

| TOTAL C. IX.- PASIVOS FINANCIEROS                        | 1997 (I) | 1996 (II) | VARIACIÓN (I-II) |       |
|--|----------|-----------|------------------|-------|
|  |          |           | IMPORTE          | %     |
| PPTO. INGRESOS: Dereitos Recoñecidos/Ingresos realizados | 48.004   | 54.584    | -6.580           | -12,0 |
| PPTO. GASTOS: Obrigas Recoñecidas/Pagos realizados       | 20.405   | 19.585    | 820              | 4,2   |

En 1997, o recurso ó endebedamento a longo prazo descendeu respecto a 1996, mentres que as amortizacións realizadas superaron nun 4,2% ás do ano anterior.

respetan o límite cuantitativo establecido no artigo 27 da Lei 11/96, ó resulta-la variación neta de pasivos financeiros inferior a 27.600 millóns de pesetas.

A2.- Análise da revisión efectuada:

O desglose da débeda viva correspondente a 1997, diferenciando entre préstamos e emisións de débeda pública, desglosase no cadro seguinte:

Dos cadros expostos despréndese que as formalizacións e emisións a longo prazo realizadas en 1997,

U.M.: Millóns de pesetas

| ENDEBEDAMENTO 1997                |                |                    |                       |                |                               |                  |
|-----------------------------------|----------------|--------------------|-----------------------|----------------|-------------------------------|------------------|
| TIPO OPERACIÓN                    | SALDO A 1-1-97 | FORM./EMISION 1997 | AMORTIZACIONES/97 (I) | INTERESES (II) | TOTAL (I+II) CARGA FINANCIERA | SALDO A 31-12-97 |
| PRÉSTAMOS L.P., anteriores ó 1997 | 237.109        |                    | 20.405                |                |                               | 216.704          |
| PRÉSTAMOS L.P. en 1997            |                | 15.831             | 0                     |                |                               | 15.831           |
| <b>TOTAL PRESTAMOS L.P.</b>       | <b>237.109</b> | <b>15.831</b>      | <b>20.405</b>         | <b>17.335</b>  | <b>37.740</b>                 | <b>232.535</b>   |
| DÉBEDA PÚBLICA, anterior a 1997   | 138.179        |                    | 0                     |                |                               | 138.179          |
| DÉBEDA PÚBLICA en 1997            |                | 32.173             | 0                     |                |                               | 32.173           |
| <b>TOTAL DÉBEDA PÚBLICA</b>       | <b>138.179</b> | <b>32.173</b>      | <b>0</b>              | <b>14.193</b>  | <b>14.193</b>                 | <b>170.352</b>   |
| DÉBEDA DE TESOURERÍA(*)           | 0              |                    |                       | 880            | 880                           | 0                |
| SWAPS                             |                |                    |                       | 65             | 65                            |                  |
| <b>TOTAL ENDEBEDAMENTO</b>        | <b>375.288</b> | <b>48.004</b>      | <b>20.405</b>         | <b>32.473</b>  | <b>52.878</b>                 | <b>402.887</b>   |

Nota(\*): Dispúxose en 1997 de 42.000 millóns de ptas. por operacións de crédito a curto prazo que se reembolsaron na súa totalidade antes do 31/12/97 segundo os datos do Maior de Operacións do Tesouro e o Estado de Acredores non Presupostarios.

O saldo a inicio e fin de exercicio, así como as formalizacións e amortizacións de capital realizadas en 1997, reflicten os que mostra a conta Xeral de

Endebedamento, salvo os 16,4 millóns de pesetas que se veñen arrastrando desde 1993.

As principais conclusións do traballo realizado son as seguintes:

1. Os datos que reflicte a Conta Xeral de Endebementamento correspóndese cos que resultan das operacións rexistradas nos capítulos IX e III dos respectivos presupostos de ingresos e gastos, segundo a liquidación, maiores e diarios de operacións do exercicio 1997.
2. A Conta Xeral de Endebementamento non recolle información sobre as operacións formalizadas en divisas, cando deba informar do tipo ou modalidade de operación (créditos, préstamos, emisións de débeda pública, etc), e o efecto que sobre as operacións en divisas resultan do tipo de cambio aplicable a 31 de decembro.
3. Na conta reflíctese a anualidade do exercicio por amortización de capital ou intereses, pero non se informa dos gastos orixinados polas diferenzas de cambio do exercicio, que resultan das amortizacións de operacións en divisas.
4. O apartado que se describe como intereses devengados, responde realmente a intereses vencidos no exercicio.
5. A Conta Xeral de Endebementamento de 1997, ó igual que en exercicios anteriores, non ofrece información sobre as operacións formalizadas no exercicio que modifican outras anteriores vixentes, que terán efectos sobre as anualidades por amortización futuras, os tipos de interese aplicables, a duración da operación, etc, como tampouco se ofrece na Memoria que acompaña á Conta Xeral do exercicio. O mesmo sucede con outra información que se comenta nos puntos anteriores e que entendemos sería recomendable detallar, polo menos, en dita Memoria, dado o carácter informativo dese documento que debe completa-la información do realizado cada exercicio e as súas repercusións sobre exercicios futuros.
6. Respétase o límite cuantitativo que a LOFCA establece para o endebedamento a longo prazo das Comunidades Autónomas no seu artigo 14.2b), é dicir, que o importe das anualidades por amortización de capital e intereses non poderá exceder do 25% dos ingresos correntes da

C.A., recollido en termos similares no artigo 30.2 da Lei 11/92, do 7 de outubro.

Dita limitación cúmprese igualmente se no cálculo non consideramos como ingreso presupostario, dentro do capítulo IV, os ingresos das transferencias ás CC.LL. pola súa participación nos ingresos do Estado, por ser máis acorde coa súa natureza o tratamento non presupostario dos mesmos.

7. Debido a que as fontes de financiación inclúen unicamente como modalidade a correspondente ó BEI, non foi posible realizar un seguimento completo do destino que do endebedamento a longo prazo realiza a Administración, que conforme á LOFCA, deben ser gastos de investimento e segundo a Lei 11/92, gastos de capital. Se ben da comparación das diversas operacións: correntes, de capital e financeiras, obsérvase a necesidade de financiamento das de capital.
8. Sería recomendable que a clasificación económica que se establece sexa o máis detallada posible distinguindo entre as diferentes modalidades de operacións que se realizan tanto respecto ós conceptos presupostarios de gastos como de ingresos, tendo o seu correspondente reflexo na liquidación do presuposto.
9. No Estado de compromisos de gastos adquiridos con cargo a exercicios futuros non se rexistran gastos correspondentes ós capítulos III o IX, contemplados no artigo 58 pto. 1.e) da Lei 11/92.
10. Durante o exercicio 1997 realizáronse varias operacións de reestructuración que afectan a 11 préstamos en vigor, modificándose en tódolos casos o período de duración que se prolonga. As condicións que se modifican coa formalización dos novos contratos afectan principalmente á duración dos mesmos, a súa forma de amortización, o tipo de interese aplicable e as comisións.

Resumidamente as novas condicións que se pactan son:

- Vencemento: ano 2005 ó 2006 segundo cada caso.

- Período de carencia: de 1998 ó 2001 en todos eles.
  - Tipo de interese: VARIABLE (MIBOR + Marxe). A marxe anual aplicable será do 0,14% ou do 0,12% segundo os casos.
  - Período de interese: 1, 2, 3, 6 ó 12 meses, en todos eles.
  - Amortizacións: en cotas iguais e consecutivas, dende a finalización do período de carencia ata o vencemento do préstamo, sendo nuns casos semestrais e noutros anual.
  - Comisións: en dous préstamos establécese unha comisión de renegociación sobre o importe total reestructurado (do 0,114% un e do 0,112% outro). En tres casos mantense a comisión de axencia pero modifícase o seu importe ou forma de pago (de anual a única). Nos demais, non se contemplan comisións.
11. As operacións de endebedamento a longo prazo realizadas no exercicio 1997, que totalizan 48.004 millóns de pesetas, resúmense no cadro que expomos a continuación diferenciando entre préstamos e emisións de débeda pública (empréstitos):

| PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO FORMALIZADOS EN 1997 |             |        |                |               |   |   |  |  |                                    |                                      |
|--|-------------|--------|----------------|---------------|---|---|--|--|------------------------------------|--------------------------------------|
| ENTIDADE                                     | D. FORMILZ. | DIVISA | IMPORTE        | D. DESEMBOLSO | DURACIÓN                                  | TIPO INTERESES  | REEMBOLSO  | Notas  |                                    |                                      |
| B.E.I.                                       | 30/05/97    | PTAS.  | 7.400.000.000  | 16/06/97      | aprox. 15 anos                            | Ata o 15/3/2001, variable (LIBOR+0,18% anual +red.)<br>Desde o 15/3/2001, excl., fixo ou fixo revisable | 11 anualidades consecutivas, iguais en capital, a 1ª con vencemento o 15/3/2002 e a última o 15/3/2012 | (*) a cantidade equivalente en ptas. pola que figura contabilizada esta operación é de 8.431mill. de ptas. Segundo a Resolución do Sr. Conselleiro de E.e F., inclúese no contrato unha comisión do 0,10% do principal que se contabilizou no cap. III (ADOK nº op. 188) por 8.431.000 ptas. |                                    |                                      |
| C.GALICIA e DEUTSCHE BANK AG (*)             | 30/07/97    | DM     | 100.000.000    | 31/07/97      | 15 anos                                   | DM LIBOR a seis meses + redondeos   | Polo seu valor nominal, o 31/7/2012  |  |                                    |                                      |
| DÉBIDA PÚBLICA EMITIDA EN 1997               |             |        |                |               |   |   |  |  |                                    |                                      |
| TITULO                                       | D. EMISIÓN  | DIVISA | IMPORTE        | D. DESEMBOLSO | PREZO EM.                                 | NOMINAL/TITULO  | CUPÓN  | TIPO INTERESE  | AMORTIZACIÓN                       | LIQUIDEZ                             |
| OBRIGAS a 10 anos                            | 24/06/97    | PTAS.  | 17.000.000.000 | 24/06/97      | Á PAR, libre de gastos para o subscriptor | 100.000 ptas.   | ANUAL, con vto. o 24 de xuño de cada ano   | 6,65%  | Dunha soa vez, á par, o 24/6/2007  | garantida por entidades aseguradoras |
| OBRIGAS a 20 anos                            | 15/12/97    | PTAS.  | 15.173.000.000 | 15/12/97      | Á PAR, libre de gastos para o subscriptor | 1.000.000 ptas.   | ANUAL, con vto. o 15 de Decembro de cada ano   | 6,28%  | Dunha soa vez, á par, o 15/12/2017 | garantida por entidades aseguradoras |

(\*) As condicións destas emisións establécense mediante Orde do 26/5/97 e Orde do 7/11/97, respectivamente. Ademais, en ámbolos casos formalizouse previamente á emisión un contrato de aseguramento e colocación entre a Xunta e varias entidades financeiras co fin de asegura-la colocación.

## B.- OPERACIÓNS DE TESOURERÍA

### B1.- Aspectos Xerais:

As limitacións establecidas pola Lei 11/92 para este tipo de operacións son, por un lado, que o seu prazo de reembolso será inferior a un ano e, por outro, que o límite máximo para cada exercicio se autorizará na Lei de presupostos de cada ano.

Para 1997, a Lei de presupostos no seu artigo 28 establece que o límite cuantitativo das operacións de tesourería que se emitan ou concerten no exercicio será como máximo o que resulte de aplica-lo 15% sobre a consignación que figura nos presupostos como ingresos correntes incondicionados.

O límite determinado pola Administración autonómica cifrouse en 54.418 millóns de pesetas, resultado de considerar como incondicionados os seguintes ingresos correntes polas súas previsións presupostarias.

U.M.: Millóns de pesetas

| CAPÍTULO/CONCEPTO-DESCRIPCIÓN<br>- PPTO INGRESOS -  | IMPORTE<br>PREVISIONS |
|---|-----------------------|
| C.I.- Impostos directos                             | 14.956,4              |
| C.II.- Impostos indirectos                          | 30.201,0              |
| C.III.- Taxas e outros ....                         | 21.500,0              |
| C.IV.- Transferencias correntes                     |                       |
| Concepto 400.- Participación en ingresos do Estado. | 283.944,3             |
| Concepto 420.- Transferencias da Seguridade S.      | 10.653,5              |
| C.V.- Ingresos patrimoniais                         | 1.530,0               |
| <b>TOTAL (I)</b>                                    | <b>362.785,2</b>      |
| <b>15% Sobre (I)</b>                                | <b>54.417,8</b>       |

O límite así determinado, supón unha cantidade superior en 15.715 millóns de pesetas sobre o establecido na Lei de Presupostos para 1996.

### B2.- Análise da revisión efectuada:

O traballo realizado orientouse a determina-lo cumprimento dos aspectos descritos no apartado anterior mediante o seguimento da documentación facilitada pola Administración (expedientes relativos a operacións de tesourería do exercicio 1997) e outra información como: Estado de operacións non presupostarias de tesourería, Maior de operacións do tesouro, etc.

Da información facilitada pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesourería, despréndese que en 1997 se formalizan 13 operacións con outras tan-

tas entidades financeiras, na modalidade de créditos en conta corrente. Formalizadas o 18/02/97, ascendendo o límite de crédito total a 54.400 millóns de pesetas, o seu vencemento é o 17/02/98.

O tipo de interese é igual para todas elas, ata o 31/03/97 o 6% anual e para o resto dos períodos o MIBOR + 0,10%. Ademais estableceuse unha comisión de apertura do 0,05% sobre o límite do crédito, pagadeiras nos 30 días seguintes á sinatura do contrato.

Dos datos expostos obsérvase o cumprimento do prazo de vixencia dos créditos formalizados que en todos eles non supera o ano.

O conxunto das operacións formalizadas en 1997 non superan o importe máximo determinado pola Administración, tal e como se reflicte no cadro anterior.

Realizouse o seguimento das operacións contabilizadas no “Maior de operacións do tesouro”, concepto 320.401 “préstamos a curto prazo. Operacións de tesourería”, que reflicte un total no debe e o haber de 42.000 millóns de pesetas, cifra que recolle o total de “ingresos realizados” e “pagos” que para este mesmo concepto presenta o “Estado da situación dos movementos das operacións non presupostarias de tesourería” no apartado de acredores, da conta Xeral.

As disposicións realizadas no exercicio foron inferiores ó límite dos créditos formalizados e en vigor, quedando todas elas canceladas por reembolso a 31 de decembro, tal e como mostra a columna “saldo pendente de pago a 31-XII” para o concepto 320.401, de 0 pesetas do cadro endebedamento 1997.

O resumo das disposicións e cancelacións realizadas durante o exercicio, segundo os datos que contén o Maior de operacións do tesouro para este concepto, sería o seguinte:

U.M.: Pesetas

| DATA         | DEBE                  | HABER                 |
|--------------|-----------------------|-----------------------|
| 22/01/97     |                       | (*)8.000.000.000      |
| 18/02/97     | (*)8.000.000.000      |                       |
| 21/02/97     |                       | 8.000.000.000         |
| 24/02/97     |                       | 8.000.000.000         |
| 21/04/97     |                       | 6.000.000.000         |
| 22/07/97     |                       | 5.000.000.000         |
| 01/08/97     | 12.000.000.000        |                       |
| 03/10/97     | 8.000.000.000         |                       |
| 27/10/97     |                       | 7.000.000.000         |
| 15/12/97     | 14.000.000.000        |                       |
| <b>TOTAL</b> | <b>42.000.000.000</b> | <b>42.000.000.000</b> |

(\*) Esta disposición-cancelación realízase utilizando operacións formalizadas en 1996 que están en vigor ata o 19/02/97.

Os gastos orixinados por estas operacións, que se contabilizaron nos correspondentes conceptos do capítulo III.- Gastos Financeiros, ascenderon a:

U.M.: Pesetas

| CONCEPTO-CAP. III                           | IMPORTE            | EXPLICACIÓN       |
|---|--------------------|-------------------|
| Concepto 300.- Intereses D.P. e Préstamos   | 880.153.470        | Intereses         |
| Concepto 310.- Gastos formalizados, emisión | 27.200.000         | Comisión apertura |
| <b>TOTAL</b>                                | <b>907.353.470</b> |                   |

Os intereses pagados en 1997, por operacións de tesourería, que se mostran no cadro anterior, resultan de aplicar ás disposicións realizadas o tipo do 5,3%, 5,45%, 5,95%, 6% ó 6,44%, segundo corresponde a cada período, de acordo co estipulado nos contratos asinados. En total supoñen un importe inferior en 1.354 millóns de pesetas ós pagados por este mesmo concepto en 1996 (2.234 millóns de pe-

setas), porcentualmente supoñen un descenso do 60,6%.

As comisións de apertura pagadas resultan de aplicalo tipo do 0,05%, igual ó de 1996, sobre o límite do crédito formalizado, resultando o gasto total superior en 7.850.000 pesetas ó de 1996, por ser a contía dos créditos formalizados en 1997 superior en 15.700 millóns de pesetas ós dese ano (38.700 millóns de pesetas), aínda que as disposicións acumulativamente ascenderon a 42.000 millóns de pesetas, importe sensiblemente inferior ó contratado.

## C.- GASTOS FINANCIEROS

### C1.- Aspectos Xerais:

Estes gastos contabilízanse no capítulo III do Presupuesto de gastos, que en 1997 presenta os mesmos conceptos dentro da súa clasificación económica que no ano anterior, distinguíndose o concepto 300 “Débeda Pública e préstamos”, no que se inclúen os gastos por intereses destas operacións, o concepto 310 “Gastos de formalización, modificación, cancelación, etc”, que recolle os gastos desa mesma natureza que se orixinan polo endebedamento e o concepto 320 “Débeda pública exterior”, no que se contabilizan os gastos derivados do efecto da variación dos tipos de cambio ó proceder á amortización de capital de operacións en divisas.

A execución presupostaria deste capítulo en 1997 e as variacións respecto a 1996 móstranse no cadro seguinte, elaborado a partir dos datos que reflicten as respectivas liquidacións do presuposto de gastos de cada ano.

U.M.: Millóns de pesetas

| CONCEPTO            | CRÉDITOS DEFINITIVOS |               |              | OBRIGAS RECOÑECIDAS |               |              | PAGOS REALIZADOS |               |              |
|---------------------|----------------------|---------------|--------------|---------------------|---------------|--------------|------------------|---------------|--------------|
|                     | 1997                 | 1996          | VARIAC.      | 1997                | 1996          | VARIAC.      | 1997             | 1996          | VARIAC.      |
| 300                 | 35.728               | 35.838        | -0,3%        | 32.473              | 35.828        | -9,3%        | 32.473           | 35.828        | -9,3%        |
| 310                 | 114                  | 302           | -62,2%       | 111                 | 105           | 5,7%         | 111              | 96            | 15,6%        |
| 320                 | 280                  | 246           | 13,8%        | 272                 | 224           | 21,4%        | 272              | 224           | 21,4%        |
| <b>TOTAL C. III</b> | <b>36.122</b>        | <b>36.386</b> | <b>-0,7%</b> | <b>32.856</b>       | <b>36.157</b> | <b>-9,1%</b> | <b>32.856</b>    | <b>36.148</b> | <b>-9,1%</b> |

Os créditos iniciais do capítulo III foron para 1997, de 36.083 millóns de pesetas, que se incrementaron en 39 millóns por modificacións que corresponden na súa totalidade ó concepto 320, resultando uns créditos definitivos de 36.122 millóns de pesetas, que tal e como reflicte o cadro anterior supoñen unha variación do -0,7% respecto a 1996, é dicir, 264 millóns de pesetas menos en termos absolutos.

As obrigas recoñecidas en 1997 representan un descenso respecto ó exercicio anterior de 3.301 millóns de pesetas (o 9,1%), que se corresponde fundamentalmente cun descenso no concepto 300 (“intereses”) nunha proporción similar, situación que se reflicte na mesma forma que nos pagos realizados por este concepto en 1997.

Os graos de execución e cumprimento obtidos neste exercicio e a súa variación respecto ó anterior foron:

| GRAOS CAP. III | 1997  | 1996  | VARIACIÓN |
|----------------|-------|-------|-----------|
| Execución      | 90,9% | 99,4% | -8,4%     |
| Cumprimento    | 99,9% | 99,9% | 0         |

C2.- Análise da revisión efectuada:

Do seguimento das operacións contabilizadas en cada un dos conceptos presupostarios deste capítulo, segundo a información que contén o diario de operacións da Sección 22, elaborouse o cadro seguinte que resume o total das obrigas recoñecidas en 1997 no capítulo III, por tipo de operación:

U.M.: Millóns de pesetas

| CONCEPTO                                       | TIPO OPERACIÓN   | IMPORTE | TOTAIS        |
|--|--|---------|---------------|
| 300  | Cupóns de D.P.   | 14.193  |               |
|  | Intereses préstamos a longo prazo                                  | 17.335  |               |
|  | Operacións de tesourería   | 880     |               |
|  | Swaps  | 65      |               |
| <b>TOTAL</b>                                   | <b>CONCEPTO 300</b>  |         | <b>32.473</b> |
| 310  | Comisións aseguramento e colocación D.P.                           | 33      |               |
|  | Comisión reestruct. e outros gastos, op. reestruct.                | 22      |               |
|  | Comisións axencia  | 16      |               |
|  | Comisións apertura   | 36      |               |
|  | Gastos de publicidade  | 3       |               |
|  | Outros gastos formalización, etc                                   | 1       |               |
| <b>TOTAL</b>                                   | <b>CONCEPTO 310</b>  |         | <b>111</b>    |
| 320  | Por diferenza de cambio nas amortizacións de operacións en divisas | 272     |               |
| <b>TOTAL</b>                                   | <b>CONCEPTO 320</b>  |         | <b>272</b>    |
| <b>TOTAL CAPÍTULO III – Gastos financeiros</b> |  |         | <b>32.856</b> |

Como xa se comentou no apartado A2 deste informe, a conta Xeral de endebedamento unicamente ofrece información do importe total contabilizado no concepto 300, que responde a intereses vencidos en 1997, sen que se complete esta información na Memoria que acompaña á conta Xeral da Administración, indicando os intereses devengados e non vencidos, o seu desglose por tipo de operación, o efecto dos tipos de cambio sobre as amortizacións de operacións en divisas, etc.

No estado de compromiso de gasto con cargo a exercicios futuros non se contabilizou ningún gasto para o capítulo III do Presuposto.

#### V.4. TESOURERÍA

A.- Aspectos xerais:

A tesourería da Comunidade Autónoma está constituída por tódolos recursos financeiros xerados por operacións presupostarias e extrapresupostarias xa sexan diñeiro, valores, créditos ou produtos de operacións de endebedamento.

A regulación sobre esta materia réxese, principalmente, polas seguintes normas:

- Lei 13/91, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia (artigos 87-92).
- Lei 11/96, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1997.
- Lei 32/97, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado e fixación do alcance e condicións de dita cesión.
- Decreto Lexislativo 1/92, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo III do título II da Lei 13/91, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma.
- Decreto 51/85, do 21 de marzo, sobre situación e disponibilidad de cantidades libradas “en firme” e “a xustificar”.
- Decreto 172/92, do 26 de xuño, polo que se dictan normas para a xestión, liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia (Título II).
- Decreto 90/97, do 10 de abril, de organización recadatoria da Xunta e Estatuto de recadadores de zona.
- Orde do 5 de febreiro de 1997, que desenvolve o regulamento xeral da Inspección de Tributos no ámbito da competencia da Dirección Xeral de Tributos.
- Orde do 5 de febreiro de 1997, pola que se determinan as competencias en materia de aprazamento e fraccionamento do pago de débedas tributarias.
- Orde do 8 de outubro de 1997, pola que desenvolve o Decreto do 10 de abril de 1997, da organización recadatoria da Xunta e Estatuto de recadadores de zona.
- Circular 2/94, do 24 de xuño, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma pola que se establecen instrucións para a formación da conta de Tesourería.

B.- Fiscalización efectuada:

A conta de tesourería consolidada, é dicir, do conxunto dos sete centros, responde ás seguintes magnitudes:

U. M.: Millóns de pesetas

| <b>INGRESOS</b>                      |                |
|--------------------------------------|----------------|
| <b>INGRESOS PRESUPOSTOS</b>          |                |
| Correntes                            | 445.200        |
| Capital                              | 48.604         |
| Financeiras                          | 51.039         |
| <b>SUBTOTAL INGRESOS PRESUPOSTOS</b> | <b>544.843</b> |
| <b>OUTROS INGRESOS</b>               |                |
| Residuos                             | 35.977         |
| Acredores Extrapresupostarios        | -2.373         |
| Ingresos pendentes de aplicación     | -14.780        |
| Saldo outras partidas                | 21.406         |
| Valores                              | 29.927         |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>                | <b>615.000</b> |
| <b>EXISTENCIAS INICIAIS A 01-01</b>  |                |
| Banco de España                      | 0              |
| Outros bancos                        | 3.296          |
| Valores                              | 59.980         |
| <b>TOTAL XERAL</b>                   | <b>678.276</b> |

Dende a vertente de pagos, a conta de tesourería presenta as seguintes cifras:

U. M.: Millóns de pesetas

| <b>PAGOS</b>                      |                |
|-----------------------------------|----------------|
| <b>PAGOS PRESUPOSTOS</b>          |                |
| Correntes                         | 388.216        |
| Capital                           | 108.457        |
| Financeiras                       | 27.913         |
| <b>SUBTOTAL PAGOS PRESUPOSTOS</b> | <b>524.586</b> |
| <b>OUTROS PAGOS</b>               |                |
| Anticipos de tesourería           | 0              |
| Residuos                          | 55.713         |
| Debedores Extrapresupostarios     | 691            |
| Pagos pendentes de aplicación     | 2              |
| Movementsos internos tesourería   | 2.462          |
| Saldo outras partidas             | 0              |
| Valores                           | 19.262         |
| <b>TOTAL PAGOS</b>                | <b>602.716</b> |
| <b>EXISTENCIAS FINAIS A 31-12</b> |                |
| Banco de España                   | 72             |
| Outros bancos                     | 4.842          |
| Valores                           | 70.646         |
| <b>TOTAL XERAL</b>                | <b>678.276</b> |

Realizada a revisión das contas de tesourería das sete caixas incluídas na liquidación (Servicios Cen-



trais, a Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Sergas) e as cifras de cobros e pagos resultantes da liquidación presupostaria e as actas de arqueo correspondentes, obsérvase as seguintes incidencias, segundo a clasificación de existencias:

1. Na Caixa 1 correspondente a Servicios Centrais, non se adxunta á acta de arqueo o certificado bancario de saldo a 31-12-97, das seguintes entidades:

- Banco Atlántico (saldo 0).
- Banco Etcheverría (saldo 50 millóns de pesetas).
- Banco Santander (saldo 0). Non debería figurar ó estar cancelada a conta segundo certificado aportado.
- Banco de Biscaia (dúas contas, ámbalas saldo 0).
- Caixa Rural Provincial de Lugo (saldo 100 millóns de pesetas).
- Banco Consolidado non se achega a acta de arqueo.

2. Na Caixa 4, pertencente a Ourense, preséntase unha conciliación única de Caixa Ourense, entidade na cal hai abertas dúas contas, polo tanto, deberá presentarse unha conciliación para cada conta.

3. Na Caixa 5, de Pontevedra, presentase unha conciliación única de Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, entidade con dúas contas abertas, polo que precisa unha conciliación para cada unha delas.

4. Na Caixa 7, correspondente ó Sergas non consta conciliación do saldo contable a 31-12-97 da entidade Caixa de Aforros Provincial de Ourense .

Na contabilidade financeira as existencias de tesourería rexístranse na conta (571) “Bancos e institucións de crédito, contas operativas” do Balance de situación a 31-12-97 polo importe reflectido na conta de tesourería, como efectivo en “Banco de España” e en “outros bancos”.

Segundo balance de Comprobación desglósase nas seguintes contas:

U. M.: Millóns de pesetas

| <b>DESGLOSE SALDO EFECTIVO SEGUNDO BALANCE DE COMPROBACIÓN</b> |   |                      |
|--|---|----------------------|
| <b>CÓDIGO</b>  | <b>NOME DA CONTA</b>                                  | <b>IMPORTE</b>       |
| 5710   | De Delegacións de Facenda                             | 712.996.330          |
| 5711   | Da Delegación Xeral de Tributos e Política Financeira | 4.129.394.162        |
| 5712   | Banco de España                                       | 71.975.105           |
| <b>TOTAL</b>   |   | <b>4.914.365.597</b> |

As existencias finais en valores rexístranse, segundo balance a 31-12-97, nas contas seguintes:

U. M.: Millóns de pesetas

| <b>ACTIVO</b>                      | <b>IMPORTE</b> | <b>PASIVO</b>                      | <b>IMPORTE</b> |
|------------------------------------|----------------|------------------------------------|----------------|
| (060,062) Valores en depósito      | 59.435         | (065,067) Valores en depósito      | 59.435         |
| (071) Certificacións de descuberto | 12.073         | (076) Certificacións de descuberto | 12.073         |
| <b>TOTAL</b>                       | <b>71.508</b>  | <b>TOTAL</b>                       | <b>71.508</b>  |

Este importe total de 71.508 millóns de pesetas, difire do rexistrado ó final do exercicio na conta de tesourería: 70.646 millóns de pesetas, en 862 mi-

llóns, que se corresponden cos conceptos (072 tesourería certificados de descuberto) e (077 estado certificacións en trámite).

## V.5. OPERACIÓNS EXTRAPRESUPOSTARIAS

A liquidación de presupostos recolle dentro do “estado de operacións extrapresupostarias” aquelas derivadas da actividade da Administración Autonómica que non teñen, en principio, reflexo presupostario.

A regulación xeral aplicable encóntrase contida na Lei 11/92, do 7 de outubro, de réxime financeiro e

presupostario de Galicia, na Orde do 1-12-89, pola que se implanta o novo sistema de información contable da Administración da Xunta de Galicia, e na Circular nº 2/1994, do 24 de xuño, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Os datos ofrecidos pola liquidación de presupostos correspondente ó exercicio 1997, son os seguintes:

U. M.: Millóns de pesetas

|                                   | SALDO INICIAL | INGRESOS  | PAGOS     | SALDO 31-12-97 |
|-----------------------------------|---------------|-----------|-----------|----------------|
| Debedores                         | 177,1         | 24.179,1  | 24.870,1  | 868,1          |
| Acredores                         | 27.986,4      | 94.958,5  | 97.331,5  | 25.613,4       |
| Partidas pendentes de aplicación  | 37.488,5      | 981.163,5 | 995.946,5 | 22.705,5       |
| Movimentos internos de Tesourería | 34,3          | 710.461,8 | 712.923,9 | 2.427,8        |
| Outras contas de relación         | 7.596,9       | 297.516,3 | 276.110,2 | 13.809,2       |

Análise dos saldos:

A análise das partidas que compoñen os saldos finais a 31-12-97, efectuouse, en canto se refire ó resultado das operacións realizadas pola Central Contable, coa información contida na relación de acredores e debedores extrapresupostarios da mesma a 31-12-97. A información relativa ás Delegacións Provinciais e as comprobacións efectuadas sobre as operacións realizadas por éstas, limitáronse á mera comparación, concepto a concepto, entre os importes recollidos na Liquidación de presupostos e os reflectivos no Maior de Operacións do Tesouro, observándose, nalgúns casos, discrepancia entre uns e outros.

Resultado das comprobacións efectuadas, por agrupacións:

**Debedores:** o saldo pendente de cobro a 31-12-97, por 868 millóns de pesetas, desglósase en tres conceptos, da análise do primeiro concepto “pagos duplicados ou excesivos”, cun importe de 12,3 millóns de pesetas, que se compón do inicial (8,5 millóns) que practicamente non experimenta variación no exercicio e rexistra pagos efectuados entre 1985 e 1993, incluíndo algunhas partidas de signo contrario ó da natureza da conta, e o incremento do exercicio por 3,7 millóns, figurando na columna de “ingresos” da liquidación de presupostos con signo negativo.

En relación cos outros dous conceptos, é de significar, o 310004 “Entidade de depósito que presta servizo de Tesourería”, cun saldo de 853 millóns, e o concepto 310003 “anticipos para taxacións periciais contradictorias” que figura cun saldo de 2,9 millóns na liquidación e de 3,7 millóns en “relación de acredores e debedores extrapresupostarios de tesourería”.

En contabilidade financeira ten o seu reflexo nas seguintes contas:

U. M.: Millóns de pesetas

|   |            |
|---|------------|
| 560 Depósitos constituídos              | 3          |
| 569 Outros debedores non presupostarios | 865        |
| <b>TOTAL</b>                            | <b>868</b> |

**Acredores:** Recolle un total de 61 conceptos, dos cales 59 presentan saldo a final de exercicio, dos que 40 corresponden, en exclusiva, a operacións da Central Contable, ademais da información relativa a outros 6 conceptos na parte de saldo que figura na Central; os 13 restantes responden a conceptos das Delegacións Provinciais.

A efectos de análise agrupáronse nos seguintes apartados, atendendo ó acredor e/ou á natureza dos conceptos.

- (a) Facenda Pública IRPF profesionais e nóminas: Inclúe cinco conceptos cun saldo final de 7.105 millóns de pesetas.

Na Facenda Pública IRPF profesionis, as seguintes anotacións:

“s/saldo anterior anos 85/86.... 24 millóns”

“nómina medid. sociais 89.... 179 millóns”

En IRPF nóminas, varios rexistros con signo negativo de “liquidacións do terceiro trimestre 1991 Sergas” por un total de 692 millóns de pesetas correspondentes a nóminas da Coruña, Lugo e Ourense.

En contabilidade financeira ten o seu reflexo na conta 4750 “Facenda Pública acreedor por IRPF”.

- (b) Facenda Pública acreedor outros conceptos: Inclúe os 3 seguintes, cun saldo final de 4.194 millóns de pesetas.

“Facenda Pública rendemento de capital mobiliario”, cun saldo inicial de 1.896 millóns de pesetas, con cobros durante o exercicio por importe de 3.410 millóns e pagos por 3.156 millóns de pesetas, que da lugar a un saldo final de 2.150 millóns de pesetas.

“Facenda Pública I.X.T.E” figura un saldo de 235 millóns de pesetas, anterior a 31-12-88.

“Facenda Pública dereitos pasivos” arrastra saldos anteriores a 1983/84, por 276 millóns de pesetas, e rexistra retencións efectuadas en 1990, por 354 millóns de pesetas.

En contabilidade financeira, consta na conta 4759 “Facenda Pública acreedor por outros conceptos”.

- (c) Seguridade Social acreedora: Inclúe dous conceptos cun saldo final de 421 millóns de pesetas.

Observacións:

Recóllense anotacións globais por operacións anteriores a 31-12-90, polos conceptos e importes seguintes:

“S.S. cota obreira ..... 52 millóns

“S.S. asist. sanitaria concertada” .. 15 millóns

ademais de numerosos rexistros entre os anos 1991 e 1996.

En contabilidade financeira, recóllese na conta 477 “Seguridade Social acreedora”.

- (d) Muface: Inclúe dous conceptos cun saldo final de 556 millóns de pesetas.

Observacións:

O concepto “Muface” arrastra un saldo anterior a 31-12-88, “expedientes varios” por importe de 311 millóns de pesetas.

En contabilidade financeira rexístrase na conta 5123 “Muface”.

- (e) Obsérvase que permanecen sen variación varios conceptos correspondentes a Isfas, Mupal, Mutualidades especiais, retencións 0,5%, préstamos vivenda e retencións xudiciais, que suman en total 43 millóns de pesetas, dos que os saldos proceden de exercicios anteriores.

Teñen o seu reflexo na conta correspondente de contabilidade financeira; os conceptos “préstamos vivenda” e “retencións xudiciais” inclúense na conta 510 “depósitos recibidos”.

- (f) Fianzas en metálico: Integra os conceptos “fianzas provisionais” e “fianzas definitivas”, cun saldo total de 288 millóns de pesetas a fin de exercicio, dos cales 130 millóns corresponden á Central Contable; neste importe inclúense saldos anteriores a 31-12-88, por 3,5 millóns en fianzas provisionais e 23 millóns de pesetas en fianzas definitivas, ademais de numerosos apuntes efectuados en 1989 e seguintes.

- (g) Fondo avais: Cun saldo final de 3.431 millóns de pesetas, a Central Contable rexistra nun úni-

co asento de data 31-12-97, figurando como explicación “Xunta de Galicia”, na liquidación de presupostos figura un saldo inicial de 2.852 millóns de pesetas, uns movementos de 3.431 millóns en ingresos, e de 2.852 millóns en pagos, resultando un saldo final polo importe sinalado anteriormente.

En contabilidade financeira recóllese na conta 490 “provisión insolvencias”.

- (h) Préstamos a curto prazo, operacións de Tesorería: Con saldo cero ó final do exercicio, reflicte un movemento de 42.000 millóns de pesetas en ingresos e pagos, respectivamente.

En contabilidade financeira rexístrase na conta 502 “préstamos recibidos e outras operacións a curto prazo”.

- (i) Outros conceptos:

- 1) Taxas e prezos: Figuran 11 conceptos dos diversos organismos autónomos e entes públicos da Comunidade, a evolución do saldo foi a seguinte: saldo inicial, 49,2 millóns; cobros ou ingresos 66,3 millóns; pagos 77,9 millóns, resultando un saldo a 31-12-97 de 37,6 millóns de pesetas.

- 2) Subvencións Administración Central para servizos non integrados no custo efectivo de diversas consellerías: Figuran 6 conceptos cun saldo a 31-12-97, de 1.208,6 millóns de pesetas, que corresponde na súa totalidade a Central Contable. Recolle operacións efectuadas entre os exercicios 1984 e 1995, e os seus importes en cinco dos seis conceptos permaneceron invariables ó longo do exercicio.

Destaca o concepto 324012 correspondente á Consellería de Pesca, cun importe de 1.011,5 millóns de pesetas, por operacións realizadas entre os exercicios 1986 e 1995.

- 3) Fondos aportados por concellos para cofinanciación non incorporados ó presuposto: Inclúe catro conceptos referidos a outras tantas consellerías, que presentan un saldo a 31-12-97, de 247 millóns de pesetas, recollido na Central

Contable, que rexistra, en tódolos conceptos, partidas de exercicios anteriores.

- 4) Subvencións doutros entes públicos para servizos non integrantes no custo efectivo de diversas consellerías: Engloba tres conceptos cun saldo inicial e final de 45 millóns de pesetas.

Recolle apuntes efectuados entre os anos 1988 e 1991.

- 5) Subvencións dos concellos e da Administración Central para investimentos non integrantes no custo efectivo das consellerías: Engloba catro conceptos cun saldo a fin de exercicio de 264 millóns de pesetas, que responde en máis do 50% a rexistros efectuados en 1994 e 1995.

- 6) Restantes conceptos: Comprenden 10, cun saldo a fin de exercicio de 7.769 millóns de pesetas, dos que catro pertencen á Central Contable.

Observacións:

- O concepto 320206 “ingresos a favor do Sergas” cun saldo a 31-12-97, de 6.145 millóns de pesetas, rexistra operacións de 1996, por 1.024 millóns de pesetas e outras dende marzo de 1997.
- O concepto 320303 “depósitos de varios” por importe de 1.220 millóns de pesetas.

A suma de ámbolos dous conceptos alcanza un total de 7.365 millóns de pesetas, o 28,7% do saldo de “acreedores non presupostarios”.

- O concepto 320105 “consignación xusto prezo tranvías”, que presenta saldo 0 a final de exercicio, co seguinte movemento: saldo inicial 3.539 millóns, ingresos 359 millóns, e pagos 3.898 millóns.
- O concepto 320301 “transferencias devoltas de pagos”, cun saldo de 82 millóns, arrastra apuntes dende 1987 ata o exercicio actual.

A suma dos importes rexistrados nestas agrupacións alcanza un total de 9.571,5 millóns de pesetas, que ten o seu reflexo na contabilidade financeira na con-

ta 510 “depósitos recibidos”, conxuntamente co importe dos conceptos “préstamos vivenda” e “retenções xudiciais” (3,5 millóns de pesetas). O total da conta financeira ascende a 9.575 millóns de pesetas.

**Partidas pendentes de aplicación:**

- Ingresos:

Presenta un saldo a fin de exercicio de 22.556 millóns de pesetas co seguinte movemento: saldo inicial 37.352 millóns, ingresos 976.423 millóns, aplicacións 991.219 millóns.

En canto á análise das partidas que compoñen o saldo, realizouse para aqueles conceptos que corresponden á Central Contable, nos demais casos comprobouse a adecuación en canto a importes co “Maior de operacións do Tesouro”, observándose diferencias nos movementos experimentados no exercicio, polos catro conceptos seguintes:

|        |  |
|--------|--|
| 321006 | “Ingresos a través de entidades colaboradoras”         |
| 321301 | “Varios a investigar”                                  |
| 321600 | “Ingresos recadación executiva pendentes de aplicar” e |
| 331004 | “Compensación de oficinas liquidadoras”                |

Se ben os saldos pendentes de aplicar a fin de exercicio son coincidentes.

Do resultado das comprobacións efectuadas, fanse as observacións seguintes:

- No concepto 321004 “Ingresos en Banco de España pendentes de aplicación”, que reflicte un saldo de 7.049 millóns de pesetas, inclúense 10 partidas coa explicación “pensións asistenciais” rexistradas entre marzo e decembro de 1996, por importe de 3.092 millóns de pesetas, e outras dende xaneiro de 1997 por este mesmo concepto.
- Os conceptos 321101 “ingresos con orixe Administración Central” e 321302 “outros ingresos pendentes de aplicar”, recollen dentro de Central Contable uns saldos de 220 millóns e 195 millóns, respectivamente, que corresponden na súa maioría a operacións realizadas entre os exercicios 1980 e 1990.

- Os conceptos 321502 “anticipos Feoga”, 321503 “anticipos F.s.e.”, 321504 “anticipos subvencións finalistas” rexistran partidas dos exercicios 1994, 1995 e 1996, e numerosos rexistros negativos por rectificacións contables.

- Pagos:

Presenta saldo negativo por importe de 149,8 millóns de pesetas, que se desglosa nos seguintes conceptos:

- O concepto 311005 “compensación debédas con Administración Central” presenta un saldo inicial e final negativo, por 0,5 millóns de pesetas.

Este importe inclúese en contabilidade financeira, como ingreso, na conta 556 “contas correntes non bancarias”.

- O concepto 331001 “operacións feitas por conta doutras oficinas” rexistra na liquidación o movemento seguinte: saldo inicial – 155 millóns de pesetas, pagos efectuados 4.727,5 millóns, aplicacións 4.740,7 millóns, e saldo final –168,4 millóns de pesetas.

No maior de operacións do Tesouro este concepto reflicte uns pagos de 24.057 millóns e uns ingresos de 24.225 millóns de pesetas, dando como resultado un saldo igual polos –168,4 millóns de pesetas.

Na “relación acredores e debedores” figuran 23.912 millóns de pesetas, nun único asiento coa explicación: “saldo a 31-12-97”.

O saldo de –168,4 millóns de pesetas, ten o seu reflexo en contabilidade financeira na conta 5549 “outros ingresos pendentes de aplicación”

Inclúense nesta conta outros dous conceptos:

- 311001 “anticipos de pagos de retribucións ó personal” cun saldo inicial e final por 16,6 millóns de pesetas, que recolle anticipos efectuados en 1985, 1989 e 1990.
- E o 311002 “anticipos concedidos para servizos das Consellerías” cun saldo inicial e final por 2,4 millóns de pesetas, que corresponde a unha operación efectuada en 1991.

O importe resultante da suma de ámbolos dous conceptos, por 19 millóns, ten o seu reflexo en contabilidade financeira na conta 550 “entregas en execución de operacións”.

**Movimentos internos de Tesourería:** Esta conta rexistra o movemento de fondos e remesas de efectivo efectuado no exercicio, e debería quedar saldada ó peche do mesmo.

Presenta un saldo de 2.428 millóns de pesetas recollido no concepto 332001 “remesas de efectivo recibidas entre Delegacións de Facenda e Dirección Xeral do Tesouro” cos movementos seguintes, en millóns de pesetas:

|                                    | S/Liquidación | S/Maior Op. Tesouro |
|------------------------------------|---------------|---------------------|
| Saldo inicial acredor              | -34           | ---                 |
| Cargos do exercicio                | 49.608        | 239.714             |
| Abonos do exercicio                | -47.146       | -237.286            |
| <b>Saldo fin exercicio debedor</b> | <b>2.428</b>  | <b>2.428</b>        |

Na “relación de acredores e debedores da Central Contable” figuran 237.286 millóns de pesetas, dos cales 190.140 millóns responden a operacións de anos anteriores (saldo a 31-12-92 e ingresos de 1993, 1994, 1995 e 1996) e o resto, 47.146 millóns de pesetas, a operacións realizadas no exercicio; estes importes correspóndense cos abonos do exercicio reflectidos no maior de operacións do Tesouro do cadro anterior.

No estado da liquidación de presupostos, pártese dun saldo acredor, por importe de 34,3 millóns de pesetas procedente de exercicios anteriores, incluído no saldo final.

Figuran outros dous conceptos:

- O 322002 “movemento de fondos entre entidades financeiras” que presenta cargos e

abonos por importe de 663.315 millóns de pesetas.

- E o 322003 “remesas de efectivo entre Caixas 01 a 07” que, segundo o estado da liquidación de presupostos non presenta movemento algún no exercicio, reflicte no “maior de operacións do Tesouro cargos e abonos por 737 millóns de pesetas respectivamente.

O saldo desta agrupación, por 2428 millóns de pesetas, ten o seu reflexo, en contabilidade financeira, na conta 588 “movimentos internos de Tesourería”.

**Outras contas de relación:** Agrupación creada pola Orde de 30 de maio de 1994, da Consellería de Economía e Facenda, que alberga todas aquelas contas que se encontren totalmente interrelacionadas, por rexistrar ingresos nunha conta e pagos noutra distinta, sempre que se deriven de operacións de idéntica natureza, e que non deban figurar como pendentes de aplicación, nin como movementos internos de Tesourería.

Recolle 14 conceptos, dos cales:

Dez están relacionados con operacións efectuadas polas Tesourerías Xeral e Territorial da Seguridade Social. Os seus saldos permanecen invariables ó longo do exercicio, observándose idéntica situación na liquidación de 1996.

Dous conceptos corresponden á Tesourería da Comunidade Autónoma, un relativo a “pagos” e outro a “ingresos”. Unicamente estes, experimentan movemento no exercicio, rexistrándose ingresos por 297.516 millóns de pesetas e pagos por 276.110 millóns, o saldo resultante por 21.406 millóns de pesetas recóllese na Conta de Tesourería agregada de tódolos Centros “outros ingresos” no epígrafe “saldo outras partidas de relación”.

Estas operacións constan, en contabilidade financeira, na conta 556 “contas correntes non bancarias” que presenta un saldo de 13.384,2 millóns de pesetas, mediante a suma dos saldos dos conceptos mencionados anteriormente por importe de 13.383,6 millóns de pesetas e

0,5 millóns do concepto 311005 “compensación débedas Administración Central”, recollido en “Partidas pendentes de aplicación pagos” con signo negativo.

Outras observacións:

Inclúense tamén nesta conta os dous conceptos seguintes:

350002 “IVE repercutido”, cun saldo inicial e final por 366,6 millóns de pesetas.

350006 “H.P. acredor por IVE, cun saldo inicial e final por 58,8 millóns de pesetas.

Ámbolos dous conceptos, cos mesmos importes, xa constaban na liquidación de 1996.

Figuran na “relación de acredores e debedores extrapresupostarios da Central Contable; o primeiro rexistra partidas dos anos 1987, 1988 e 1989, e o segundo presenta como única explicación: “moción 13-12-86”.

Ámbolos dous, teñen o seu reflexo en contabilidade financeira, nas seguintes contas:

478 “Facenda Pública IVE repercutido”.

479 “Facenda Pública acredor por IVE”.

## V.6. PRESUPOSTOS PECHADOS

Neste apartado recóllese a execución e xestión dos dereitos de cobro e obrigas recoñecidas pendentes ó remata-lo exercicio anterior. Inclúe polo tanto os correspondentes a 1996 máis os de anos anteriores.

Componse de dúas partes diferenciadas, por un lado a xestión de ingresos e por outro a das obrigas.

### a) DEREITOS:

O importe total de ingresos recoñecidos pendentes de cobro a 01/01/1997 ascendía a 90.239 millóns de pesetas, dos que 46.957 proceden de 1996 e 43.282 de exercicios anteriores (saldo a 31/12/96).

A execución durante o exercicio auditado dos dereitos recoñecidos compéndiase en: rectificacións por importe de 0,23 millóns de pesetas, anulacións, por 1.346 e cancelacións por 36.133 millóns de pesetas, das que 35.977 corresponden a recadación efectiva e os 156 restantes a insolvencias.

En termos relativos en relación co exercicio anterior, obsérvase que os dereitos anulados incrementáronse nun 24% mentres que as insolvencias descendieron nun 57%. Recadouse un 9,8% máis que en 1996, non obstante tan só alcanza o 40,5% dos dereitos pendentes de cobro netos posibles no exercicio, o que significa un incremento do saldo de dereitos pendentes de cobro ó remata-lo ano, con respecto ó mesmo momento de 1996 do 21,9%, tendencia que se ven pondo de manifesto en informes anteriores. Así no seguinte cadro reflíctese a evolución dos saldos dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados nos últimos cinco anos:

U. M.: Millóns de pesetas

|         | 1993   | 1994   | 1995   | 1996   | 1997   |
|---------|--------|--------|--------|--------|--------|
| Importe | 33.984 | 34.000 | 41.994 | 43.282 | 52.759 |

No exercicio 1997, a evolución dos dereitos pendentes de cobro desglosada por capítulos, é a que seguidamente se reflicte:

U. M.: Millóns de pesetas

| EVOLUCIÓN DOS DEREITOS PENDENTES DE COBRO |               |               |               |              |               |               |            |                  |  |
|---|---------------|---------------|---------------|--------------|---------------|---------------|------------|------------------|--|
| CAPÍTULO                                  | DEREITOS      |               |               |              |               | CANCELACIONES |            | SALDO A 31/12/97 |  |
|   | A 31/12/96    | PROC. 1996    | EN 01/01/97   | ANULAC.      | NETOS         | RECAD.        | INSOLV.    |                  |  |
| 0.- Residuos                              | 880           | ---           | 880           | 3            | 877           | 23            | 6          | 848              |  |
| 1.- Impuestos directos                    | 1.881         | 1.332         | 3.213         | 931          | 2.282         | 393           | 16         | 1.873            |  |
| 2.- Impuestos indirectos                  | 2.111         | 901           | 3.012         | 308          | 2.703         | 426           | 62         | 2.216            |  |
| 3.- Taxas, prezos, outros                 | 3.181         | 1.940         | 5.121         | 104          | 5.017         | 768           | 72         | 4.177            |  |
| 4.- Transferencias correntes              | 15.211        | 8.344         | 23.555        | ---          | 23.555        | 2.950         | ---        | 20.605           |  |
| 7.- Transferencias de capital             | 20.017        | 34.440        | 54.458        | ---          | 54.458        | 31.418        | ---        | 23.040           |  |
| <b>TOTALES</b>                            | <b>43.282</b> | <b>46.957</b> | <b>90.239</b> | <b>1.346</b> | <b>88.892</b> | <b>35.977</b> | <b>156</b> | <b>52.759</b>    |  |

Do cadro anterior cabe destacar:

O capítulo 0.- Residuos, recolle os dereitos pendentes procedentes de exercicios anteriores a 1989, dos que as cancelacións alcanzan unicamente un 3%, mantendo a tendencia manifestada en anteriores informes.

Nos capítulos 1, 2 e 3, que corresponden a ingresos xestionados directamente pola Xunta, os dereitos anulados representan o 12% dos recoñecidos, mentres que as cancelacións tan só alcanzan o 17,4% do total pendente susceptible de xestionar.

Nos capítulos 4 e 7 contabilízanse os ingresos recoñecidos pendentes de recadar procedentes da Administración Central, de fondos europeos e doutras Administracións por transferencias correntes e de capital, respectivamente.

Conforme se desprende da liquidación presupostaria, do saldo pendente de cobro seguen formando parte 9.210 millóns de pesetas relativos a transferencias de competencias en materia de seguridade social e do Insalud realizadas nos anos 1991 e 1992,

sen que neste exercicio se recadara importe algún por dito concepto.

#### b) OBRIGAS:

O saldo de obrigas pendentes de propoñe-lo seu pago a 1 de xaneiro de 1997, ascende a 25.717 millóns de pesetas, dos cales 22.729 corresponden a obrigas recoñecidas en 1996 e os 2.988 restantes en anos anteriores.

Ó longo de 1997 realizáronse rectificacións que representaron unha minoración do saldo por importe de 722 millóns de pesetas, e propúxose o pago por un importe total de 21.907, co que resulta un saldo a fin de exercicio de 3.088 millóns de pesetas.

Con obxecto de visualizar de modo global a xestión levada a cabo no exercicio auditado confeccionáronse os seguintes cadros ilustrativos dende perspectivas distintas:

1. Evolución segundo o ano en que foron recoñecidas:

U. M.: Millóns de pesetas

| ANO  | OBRIGAS        |                |               | PROPOSTAS EXPEDIDAS | SALDO A 31/12/97 OBRIGAS |
|------|----------------|----------------|---------------|---------------------|--------------------------|
|      | SALDO 01/01/97 | RECTIFICACIÓNS | NETAS         |                     |                          |
| 1982 | 279            | ---            | 279           | ---                 | 279                      |
| 1983 | 2              | ---            | 2             | ---                 | 2                        |
| 1984 | 77             | ---            | 77            | ---                 | 77                       |
| 1985 | 4              | ---            | 4             | ---                 | 4                        |
| 1986 | 28             | ---            | 28            | ---                 | 28                       |
| 1987 | 33             | ---            | 33            | ---                 | 33                       |
| 1988 | 257            | ---            | 257           | ---                 | 257                      |
| 1989 | 111            | ---            | 111           | ---                 | 111                      |
| 1990 | 137            | ---            | 137           | ---                 | 137                      |
| 1991 | 249            | ---            | 249           | ---                 | 249                      |
| 1992 | 269            | ---            | 269           | 2                   | 266                      |
| 1993 | 348            | ---            | 348           | 10                  | 338                      |
| 1994 | 536            | -86            | 450           | 13                  | 437                      |
| 1995 | 657            | -106           | 551           | 288                 | 263                      |
| 1996 | 22.729         | -530           | 22.199        | 21.593              | 606                      |
|      | <b>25.717</b>  | <b>-722</b>    | <b>24.994</b> | <b>21.907</b>       | <b>3.088</b>             |

Obsérvase que se mantén a tendencia apuntada en informes anteriores en canto a que se xestionan as obrigas recoñecidas en exercicios inmediatamente anteriores ó auditado sen que se reflicte a existencia

de actividade tendente á cancelación de obrigas recoñecidas con anterioridade practicamente ó ano 1995.

2. Evolución en función da súa natureza:



U. M.: Millóns de pesetas

| CAPÍTULOS                         | SALDO DE OBRIGAS RECOÑECIDAS |                     |               | RECTIFIC.   | PROPOSTAS EXPEDIDAS | SALDO A 31/12/97 |
|-----------------------------------|------------------------------|---------------------|---------------|-------------|---------------------|------------------|
|                                   | A 31/12/96                   | PROCEDENTES DE 1996 | A 01/01/97    |             |                     |                  |
| 0.- Residuos                      | 341                          | ---                 | 341           | ---         | ---                 | 341              |
| 1.- Gastos de persoal             | 95                           | 1.714               | 1.809         | ---         | 1.714               | 95               |
| 2.- G. bens correntes e servicios | 84                           | 2.073               | 2.157         | -19         | 2.042               | 96               |
| 3.- Gastos financeiros            | 0                            | 9                   | 9             | ---         | 9                   | ---              |
| 4.- Transferencias correntes      | 1.371                        | 7.922               | 9.293         | -696        | 7.222               | 1.375            |
| 6.- Investimentos reais           | 487                          | 4.578               | 5.065         | -2          | 4.651               | 412              |
| 7.- Transferencias de capital     | 609                          | 6.384               | 6.993         | -5          | 6.219               | 769              |
| 8.- Activos financeiros           | 0                            | 50                  | 50            | ---         | 50                  | ---              |
| 9.- Pasivos financeiros           | ---                          | ---                 | ---           | ---         | ---                 | ---              |
|                                   | <b>2.988</b>                 | <b>22.729</b>       | <b>25.717</b> | <b>-722</b> | <b>21.907</b>       | <b>3.088</b>     |

O saldo de obrigas recoñecidas ó finalizar 1997, incrementábase en 100 millóns de pesetas respecto ó existente ó remata-lo exercicio anterior e a súa distribución é similar, non obstante é de destaca-lo incremento en transferencias de capital e a diminución

en investimentos reais, mentres que nos restantes capítulos apenas teñen repercusión as expedicións de propostas de pago no saldo a 31/12/96.

3. Evolución segundo o órgano de procedencia:

#### EVOLUCIÓN DE OBRIGAS RECOÑECIDAS POR CONSELLERÍAS EN 1997

U. M.: Millóns de pesetas

| SECCIÓNS          | SALDO        |               |               | RECTIFICACIÓNS | PROP. PAGO    | SALDO A 31/12/97 |
|-------------------|--------------|---------------|---------------|----------------|---------------|------------------|
|                   | A 31/12/96   | PROC. DE 1996 | A 01/01/97    |                |               |                  |
| C. Traballo       | 549          |               | 549           | -              | -             | 549              |
| C. Familia        | 439          | 4.585         | 5.024         | 683            | 3.896         | 445              |
| C. Educación      | 335          | 2.920         | 3.255         | -              | 2.903         | 352              |
| C. Pesca          | 201          | 1.973         | 2.174         | 4              | 1.840         | 330              |
| C. Industria      | 309          | 1.423         | 1.732         | 12             | 1.411         | 309              |
| C. Presidencia    | 240          | 1.736         | 1.976         | -              | 1.725         | 251              |
| C. Sanidade       | 291          | 2.570         | 2.861         | 23             | 2.591         | 247              |
| C. Agricultura    | 232          | 2.087         | 2.319         | -              | 2.108         | 211              |
| C. Cultura        | 192          | 1.586         | 1.778         | -              | 1.590         | 188              |
| C. Economía       | 112          | 456           | 568           | -              | 450           | 118              |
| C. P. T. O. P. V. | 76           | 2.495         | 2.571         | -              | 2.494         | 77               |
| C. Xustiza        | 7            | 548           | 555           | -              | 548           | 7                |
| Gts. Div. Cons.   | 2            | 28            | 30            | -              | 28            | 2                |
| C. Cultura Galega | 1            | 1             | 2             | -              | 1             | 1                |
| Prog. Invest.     | 1            | -             | 1             | -              | -             | 1                |
| Parlamento        | -            | 313           | 313           | -              | 313           | -                |
| Débeda Pública    | -            | 9             | 9             | -              | 9             | -                |
| <b>TOTAL</b>      | <b>2.987</b> | <b>22.730</b> | <b>25.717</b> | <b>722</b>     | <b>21.907</b> | <b>3.088</b>     |

Como se observa a práctica totalidade das seccións contribúen a conforma-lo saldo total de obrigas recoñecidas en exercicios anteriores e que continúan pendentes de propoñer un pago a 31/12/97, se ben deberán realizarse as seguintes precisións:

Os 549 millóns que figuran como C. Traballo, corresponden á extinta Consellería con tal denominación e refírense a obrigas recoñecidas con anterioridade a 1994, sen que nos últimos exercicios se procedera á proposta de pago por

parte daquelas consellerías nas que se integraron as súas competencias.

A pesares de que o 46% do saldo total está concentrado nas consellerías de Familia, Educación, Pesca e Industria, obsérvase que na práctica totalidade das enumeradas nos seus saldos intégranse unha alta porcentaxe de obrigas que superan os cinco anos dende que foron recoñecidas sen que se procedera a propoñe-lo seu pago, polo que debера efectuarse unha revisión das mesmas en aras a determinar aquelas que poideran estar incursas en prescripción.

#### Propostas de pago e pagos ordenados:

Recóllese neste apartado a execución material do pago de obrigas de exercicios pechados. O saldo das propostas pendentes de ordenar ó día 01/01/97, ascendía a 34.636 millóns de pesetas, incrementándose con motivo da xestión realizada ó longo do ano en 21.907 millóns, tal como se indica neste informe.

No seguinte cadro resúmese a evolución das propostas de pago e dos pagos ordenados con referencia ós anos de procedencia:

U. M.: Millóns de pesetas

| ANO          | PROPOSTAS DE PAGO |               |              |               |               | PAGOS ORDEADOS   |               |              |                   |               | PDTES. DE PAGO |
|--------------|-------------------|---------------|--------------|---------------|---------------|------------------|---------------|--------------|-------------------|---------------|----------------|
|              | SALDO A 01/01/97  | EX. 1997      | RECTIF. 1997 | TOTAL         | PDTES. ORDEAR | SALDO A 01/01/97 | EX. 1997      | RECTIF. 1995 | TOTAL             | PAGOS REALIZ. |                |
| 1986         | 2                 | 0             | 0            | 2             | 2             | ---              | ---           | ---          | ---               | ---           | ---            |
| 1987         | 1                 | 0             | 0            | 1             | 1             | ---              | ---           | ---          | ---               | ---           | ---            |
| 1988         | 1                 | 0             | 0            | 1             | 1             | ---              | ---           | ---          | ---               | ---           | ---            |
| 1989         | 33                | 0             | 0            | 33            | 33            | ---              | ---           | ---          | ---               | ---           | ---            |
| 1991         | 2                 | 0             | 0            | 2             | 2             | 13               | 0             | 0            | 13                | 0             | 13             |
| 1992         | 511               | 2             | 0            | 513           | 504           | 0                | 9             | 0            | 9                 | 9             | 0              |
| IV                         |                              |   |               |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 07.- C. Educación            | 15.185  | 10.984        | 10.386        | 6.771        |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| <b>Total Capítulo IV</b>   |                              | <b>15.185</b>   | <b>10.984</b> | <b>10.386</b> | <b>6.771</b> |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| VI                         |                              |   |               |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 04.- C. Presidencia          | 1.055   | 386           | 375           |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 05.- C. Economía e F.        | 206   |               |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 06.- C. Política Territorial | 11.071  | 4.483         | 1.277         |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 07.- C. Educación            | 3.660   | 1.342         |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 08.- C. Industria            | 529   | 78            |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 09.- C. Agricultura          | 5.391   | 1.686         | 87            |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 10.- C. Cultura              | 436   | 11            | 0             |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 11.- C. Sanidade             | 230   | 5             | 3             |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 12.- C. Pesca                | 394   | 96            | 0             |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 13.- C. Xustiza              | 1.541   | 382           |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 14.- C. Familia              | 21  |               |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| <b>Total Capítulo VI</b>   |                              | <b>24.536</b>   | <b>8.468</b>  | <b>1.743</b>  |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| VII                        |                              |   |               |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 04.- C. Presidencia          | 482   | 369           | 40            |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 05.- C. Economía e F.        | 2.452   | 170           |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 06.- C. Política Territorial | 3.286   | 306           |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 07.- C. Educación            | 3.470   | 2.945         |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 08.- C. Industria            | 3.524   | 1.917         | 132           | 0            | 0            | 0          | 0          | 0          | 0         | 0          | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
|                            | 09.- C. Agricultura          | 6.662   | 3.610         | 2.097         | 1.276        | 556          | 294        | 178        | 100        | 19        | 153        |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 10.- C. Cultura              | 336   | 214           | 22            |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 11.- C. Sanidade             | 341   | 204           | 100           |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 12.- C. Pesca                | 6.368   | 5.471         | 1.595         | 40           | 35           | 30         | 7          |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 13.- C. Xustiza              | 590   | 420           | 347           |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 14.- C. Familia              | 222   | 186           | 79            |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| <b>Total Capítulo VII</b>  |                              | <b>27.732</b>   | <b>15.811</b> | <b>4.411</b>  | <b>1.316</b> | <b>590</b>   | <b>324</b> | <b>185</b> | <b>100</b> | <b>19</b> | <b>153</b> |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| VIII                       |                              |   |               |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|                            | 08.- C. Industria            | 237   |               |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| <b>Total Capítulo VIII</b> |                              | <b>237</b>  |               |               |              |              |            |            |            |           |            |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
| <b>TOTAL FUTUROS</b>       |                              | <b>77.015</b>   | <b>35.900</b> | <b>17.176</b> | <b>8.706</b> | <b>1.114</b> | <b>324</b> | <b>185</b> | <b>100</b> | <b>19</b> | <b>153</b> |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |

En termos porcentuais, o capítulo de maior peso sobre o total é o C. VII.- Transferencias de Capital, que representa o 36% dos compromisos de gasto contabilizados con cargo a exercicios futuros. Ségueno en contía, o capítulo IV.- Transferencias Correntes, cunha participación do 30,8%, que xurden en 1997 como consecuencia dos concertos educativos xa citados, e o capítulo VI.- Investimentos reais, co 24,7%. O capítulo II.- Gastos correntes en bens e servicios, supón o 8,3% do total. Ademais, obsérvase o rexistro de compromisos de gasto con cargo ó presuposto de 1998 nos capítulos I e VIII, por 3 e 237 millóns de pesetas respectivamente, que teñen difícil encadre no artigo 58 da Lei 11/92.

Como se pode observar no cadro anterior, non figuran rexistrados compromisos de gastos plurianuais polas cargas financeiras derivadas das operacións de endebedamento da Comunidade, que se contemplan na letra d) do artigo 58.1 da Lei 11/92.

Por Seccións, a maior participación corresponde á Consellería de Educación (07) que representa o

45% do total, xustificado fundamentalmente polo rexistro dos compromisos derivados dos concertos educativos, que son obxecto de estudio no apartado V.3.3. Transferencias correntes deste informe. Séguena a Consellería de Agricultura cun 16% e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (Ctopv) cun 14,5%, resultando o capítulo de maior peso en cada unha delas o VII e o VI, respectivamente.

O 25% restante dos compromisos futuros repártense entre nove seccións máis, correspondendo á Consellería de Pesca o 10% do total, basicamente orixinalos por transferencias de capital (Capítulo VII).

Do seguimento dos compromisos plurianuais por programas, observamos que se reparten entre 66, dos que 20 que superan os 1.000 millóns de pesetas, se detallan no cadro seguinte, representando conxuntamente o 93,4% dos compromisos rexistrados en 1997.

U.M.: Millóns de pesetas

| PROGRAMA/ DESCRIPCIÓN  | ANUALIDADES FUTURAS - COMPROMISOS |               |               |              |              |                |
|--|-----------------------------------|---------------|---------------|--------------|--------------|----------------|
|  | 1998                              | 1999          | 2000          | 2001         | Seguintes    | TOTAL          |
| 121A Dirección e Servicios Xerais da Administración Xeral        | 847                               | 386           | 375           | ---          | ---          | <b>1.608</b>   |
| 123A Xustiza e Administración Local                              | 1.749                             | 802           | 347           | ---          | ---          | <b>2.898</b>   |
| 212B Centros para Servicios Sociais                              | 722                               | 616           | 616           | 616          | 524          | <b>3.094</b>   |
| 221A Servicios e Axudas complementarias da ensinanza             | 8.291                             | ---           | ---           | ---          | ---          | <b>8.291</b>   |
| 322A Educación Infantil, Primaria e E.X.B.                       | 13.525                            | 9.408         | 9.394         | 6.068        | ---          | <b>38.395</b>  |
| 322C Ensinanza Universitaria                                     | 3.808                             | 2.930         | ---           | ---          | ---          | <b>6.738</b>   |
| 322D Educación Especial  | 915                               | 915           | 915           | 591          | ---          | <b>3.336</b>   |
| 322T Ensinanza Secundaria  | 2.746                             | 1.133         | 77            | 112          | ---          | <b>4.068</b>   |
| 332A Ordenación e fomento da Edificación e do Urbanismo          | 1.959                             | 486           | ---           | ---          | ---          | <b>2.445</b>   |
| 413B Construcción, conservación e explotación de estradas        | 12.287                            | 4.302         | 1.277         | ---          | ---          | <b>17.866</b>  |
| 421A Infraestrutura para a reforma e desenvolvemento agrario     | 2.371                             | 833           | 71            | ---          | ---          | <b>3.275</b>   |
| 422D Desenvolvemento rural                                       | 2.349                             | 1.595         | 672           | 177          | ---          | <b>4.793</b>   |
| 521A Regulación do comercio interior                             | 1.577                             | 504           | 104           | ---          | ---          | <b>2.185</b>   |
| 614A Ordenación, Restructuración, ... da produción agraria       | 799                               | 600           | 443           | 264          | 129          | <b>2.235</b>   |
| 614B Ordenación, Restructuración, ... da produción pesqueira     | 4.235                             | 3.609         | 45            | 40           | 71           | <b>8.000</b>   |
| 614C Ordenación, Restructuración e desenvolv. do sector forestal | 2.557                             | 1.375         | 847           | 707          | 1.117        | <b>6.603</b>   |
| 631B Programa de electrificación e enerxías alternativas         | 1.448                             | 1.305         | ---           | ---          | ---          | <b>2.753</b>   |
| 711B Ordenación e creación das industrias pesqueiras             | 2.270                             | 1.943         | 1550          | ---          | ---          | <b>5.763</b>   |
| 731A Mellora da competitividade en grupos de interese            | 3.261                             | 809           | 163           | 127          | 53           | <b>4.413</b>   |
| 811B Outras transferencias a CC.LL.                              | 2.452                             | 170           | ---           | ---          | ---          | <b>2.622</b>   |
| <b>TOTAL</b>   | <b>70.168</b>                     | <b>33.721</b> | <b>16.896</b> | <b>8.702</b> | <b>1.894</b> | <b>131.381</b> |
| Resto Programas  | 6.847                             | 2.179         | 280           | 4            | 0            | 9.310          |
| <b>TOTAL COMPROMISOS FUTUROS</b>                                 | <b>77.015</b>                     | <b>35.900</b> | <b>17.176</b> | <b>8.706</b> | <b>1.894</b> | <b>140.691</b> |

O programa 322A (Educación Infantil, primaria e E.X.B.), ó que se imputan os gastos derivados dos concertos educativos destes niveis de ensinanza, su-

pón o 27,3% do total comprometido sobre presupostos de exercicios posteriores a 1997. Ségueno, pola súa importancia cuantitativa, o 413B (Cons-

trucción, conservación e explotación de estradas) co 12,7%, o 221A (Servicios e axudas complementarias da ensinanza) co 5,9% e o 614B (Ordenación, restructuración, fomento e mellora da produción pesqueira) co 5,7%, (conxuntamente as catro supoñen algo máis do 51% dos compromisos futuros).

**B.- Análise da revisión efectuada:**

Partindo dos datos que contén o maior de exercicios futuros de 1997, realizouse un seguimento dos

compromisos contabilizados que corresponden a investimentos ou transferencias de capital, que presentan un número de anualidades futuras superior a catro (límite establecido no parágrafo primeiro do artigo 58.3 da Lei 11/92 para este tipo de gastos), verificándose a súa autorización por Acordo do Consello da Xunta, ó amparo do punto 6 do citado artigo, que establece que o Consello poderá modifica-lo número de anualidades en casos especialmente xustificadas. O seu resumo recóllese no cadro seguinte:

U.M.: Millóns de pesetas

| APLICACIÓN PRESUPOSTARIA | Nº. PROXECTO | ANUALIDADES FUTURAS | OBXCTO DO GASTO/DESCRIPCIÓN  | DATA ACORDO | IMPORTE COMPROMISOS |
|--------------------------|--------------|---------------------|--|-------------|---------------------|
| 970903614A773            | 996088       | 1998-2006           | Cese anticipado da actividade agraria  | 01/X97      | 1.815               |
| 970903731A770            | 996045       | 1998-2002           | Abandono voluntario e definitivo da produción leiteira   | 29/III/96   | 263                 |
| 970904614C770            | 996116       | 1998-2017(*)        | Medidas de forestación   | 03/VII/97   | 5.715               |
| 971203614B740            | 1297703      | 1998-2004           | Convenio de colaboración entre a C. De Pesca e o Igape para subsidiación de intereses para renovación da flota pesqueira | 12/VII/96   | 254                 |

(\*) NOTA: No período 2002-2017 os compromisos futuros contabilizados superan ós autorizados polo Acordo do 03/VII/97 para cada anualidade sen que entre os remitidos ó Consello se inclúa ningunha modificación posterior.

Do seguimento dos diferentes capítulos sobre os que figuran contabilizados compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros, observamos que con cargo a 1998, se rexistran compromisos nos capítu-

los I (Gastos de Persoal) e VIII (Activos Financieros) que se corresponden ó detalle que se describe no cadro seguinte. Estes capítulos non se mencionan expresamente no artigo 58 da Lei 11/92.

U.M.: Millóns de pesetas

| APLICACIÓN PRESUPOSTARIA | ANUALID. FUTURA | IMPORTE COMPROMISOS | Nº. EXPEDIENTE | DESCRIPCIÓN DO GASTO S/DIARIO OPERACIÓNS   |
|--------------------------|-----------------|---------------------|----------------|--|
| 970803521A870            | 1998            | 237                 | 970800000117   | “Aportación de capital á Fundación Semana Verde de Galicia”.                       |
| 970902432B162            | 1998            | 3                   | No consta      | “Transporte do persoal funcionario e laboral do laboratorio agrario de Mabegondo”. |

Respecto ó expediente número 970800000117, o Acordo do Consello da Xunta de 08/02/96, establece variacións ás aportacións fundacionais das Consellerías de Industria e Agricultura á Fundación Semana Verde de Silleda, que cifra para 1998 en 237 e 456 millóns de pesetas, respectivamente, resultando a aportación da C. de Agricultura modificada posteriormente mediante Acordo do Consello do 13/09/96, que a establece en 566,93 millóns de pesetas, rexistrándose como compromisos futuros

unicamente pola Consellería de Industria tal e como se mostra no cadro anterior.

No Capítulo II (Gastos correntes en bens e servizos), na aplicación presupostaria 1301121A227, figuran compromisos de gastos futuros que se describen como “codirección de obra ...” (Expedientes números 9713198 e 971371 por 1,5 millóns de pesetas) que consideramos deberan imputarse ó Capítulo VI do presuposto de gastos por ser máis acorde co seu obxecto.

No Capítulo VII, tal e como se indica no apartado V.3.5. Transferencias de capital deste informe, non se rexistraron os compromisos futuros adquiridos, pola sinatura do contrato-programa entre a Xunta e Pescanova en 1995, que contempla subvencións para o período 1995-1999, resultando o total dos compromisos sobre os presupostos de 1998 e 1999, de 600 millóns e 150 millóns de pesetas respectivamente, e que non se refllicten no Maior de Futuros deste ano, nin de anos anteriores (desde 1995).

Da mostra efectuada sobre os compromisos futuros rexistrados nas Seccións 04 (C. Presidencia e Administración Pública), 05 (C. Economía e Facenda), 06 (C. Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda) e 07 (C. Educación e Ordenación Universitaria), obsérvase que a determinación dos límites máximos previamente ó rexistro dos compromisos

futuros, non sempre resulta da aplicación das porcentaxes previstas no artigo 58.3. da Lei 11/92, sobre o crédito inicial a nivel de vinculación, cando este existe. A interpretación que deberá facerse para o cálculo ó que nos referimos non ofrecerá dúbidas coa nova redacción dada pola Lei 2/98, do 8 de abril, ó citado artigo.

## V.10. RESULTADO DO EXERCICIO

Resultado da execución do exercicio corrente:

Segundo os datos da liquidación da Conta Xeral do exercicio 1997, as obrigas recoñecidas superan en 1.479 millóns de pesetas os dereitos recoñecidos, procedentes dos seguintes capítulos de ingresos e gastos, agrupados por operacións correntes, de capital e financeiras:

| U.M.: Pesetas          |                        |                   |                        |                        |                        |
|------------------------|------------------------|-------------------|------------------------|------------------------|------------------------|
| EXERCICIO CORRENTE     |                        |                   |                        |                        |                        |
| CAPÍTULO               | PRESUPOSTO DE INGRESOS |                   |                        | PRESUPOSTO DE GASTOS   | DIFERENCIA             |
|                        | DTOS. RECOÑEC.         | BAIXAS            | DTOS. REC. NETOS       | OBRIGAS RECOÑECIDAS    |                        |
| 1                      | 13.629.034.812         | 2.132.171         | 13.626.902.641         | 171.490.584.527        | -157.863.681.886       |
| 2                      | 27.892.880.157         | 9.696.530         | 27.883.183.627         | 34.672.221.085         | -6.789.037.458         |
| 3                      | 19.102.701.313         | 804.274           | 19.101.897.039         | 32.855.839.778         | -13.753.942.739        |
| 4                      | 394.449.077.326        | 0                 | 394.449.077.326        | 172.365.760.056        | 222.083.317.270        |
| 5                      | 1.699.136.237          | 0                 | 1.699.136.237          | 0                      | 1.699.136.237          |
| <b>Op. Correntes</b>   | <b>456.772.829.845</b> | <b>12.632.975</b> | <b>456.760.196.870</b> | <b>411.384.405.446</b> | <b>45.375.791.424</b>  |
| 6                      | 94.446.183             | 0                 | 94.446.183             | 69.477.292.325         | -69.382.846.142        |
| 7                      | 86.278.274.115         | 0                 | 86.278.274.115         | 86.651.356.104         | -373.081.989           |
| <b>Op. de Capital</b>  | <b>86.372.720.298</b>  | <b>0</b>          | <b>86.372.720.298</b>  | <b>156.128.648.429</b> | <b>-69.755.928.131</b> |
| 8                      | 3.035.440.880          | 0                 | 3.035.440.880          | 7.733.299.288          | -4.697.858.408         |
| 9                      | 48.004.000.000         | 0                 | 48.004.000.000         | 20.404.808.330         | 27.599.191.670         |
| <b>Op. Financeiras</b> | <b>51.039.440.880</b>  | <b>0</b>          | <b>51.039.440.880</b>  | <b>28.138.107.618</b>  | <b>22.901.333.262</b>  |
| <b>TOTAL</b>           | <b>594.184.991.023</b> | <b>12.632.975</b> | <b>594.172.358.048</b> | <b>595.651.161.493</b> | <b>-1.478.803.445</b>  |

Fonte: Liquidación da Conta Xeral da Administración da Xunta de Galicia de 1997.

| CONCEPTO               | U.M.: PESETAS         | INGRESOS   | GASTOS   |
|------------------------|-----------------------|--|--|
| Correntes: Superávit   | 45.375.791.424        | <b>Capítulos:</b><br>1.- Impostos directos.<br>2.- Impostos indirectos.<br>3.- Taxas, prezos e o. ingresos.<br>4.- Transferencias correntes.<br>5.- Ingresos patrimoniais. | <b>Capítulos:</b><br>1.- Gastos de persoal.<br>2.- Gastos en bens correntes e servicios.<br>3.- Gastos financeiros.<br>4.- Transferencias correntes. |
| De capital: Déficit    | -69.755.928.131       | <b>Capítulos:</b><br>6.- Alleamento de investimentos reais.<br>7.- Transferencias de capital.  | <b>Capítulos:</b><br>6.- investimentos reais.<br>7.- Transferencias de capital.  |
| Financeiras: Superávit | 22.901.333.262        | <b>Capítulos:</b><br>8.- Activos financeiros.<br>9.- Pasivos financeiros.  | <b>Capítulos:</b><br>8.- Activos financeiros.<br>9.- Pasivos financeiros.  |
| <b>Total: Déficit</b>  | <b>-1.478.803.445</b> |  |  |

Resultados da execución de presupostos pechados:

Do saldo destas operacións, correspondentes ós distintos capítulos do presuposto de ingresos das obri-

gas recoñecidas, propostas de pago e pagos ordenados do presuposto de gastos, resulta un superávit de 28.360 millóns de pesetas, tal e como se desglosa no cadro seguinte:

U.M.: Pesetas

| PRESUPOSTOS PECHADOS |   |                              |                       |
|----------------------|---|------------------------------|-----------------------|
| INGRESOS             |   |                              |                       |
| CAPÍTULO             | DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO | INSOLVENCIAS E OUTRAS CAUSAS | DTOS. PDTES.          |
| 0                    | 877.462.001                             | 6.655.716                    | 870.806.285           |
| 1                    | 2.282.100.194                           | 15.660.396                   | 2.266.439.798         |
| 2                    | 2.703.306.193                           | 61.538.230                   | 2.641.767.963         |
| 3                    | 5.016.600.670                           | 72.221.615                   | 4.944.379.055         |
| 4                    | 23.555.207.033                          | 0                            | 23.555.207.033        |
| 7                    | 54.457.354.376                          | 0                            | 54.457.354.376        |
| <b>TOTAL</b>         | <b>88.892.030.467</b>                   | <b>156.075.957</b>           | <b>88.735.954.510</b> |
| GASTOS               |   |                              |                       |
|                      | A 1-1-97                                | RECTIFICACIÓNS               | TOTAL                 |
| Obrigas recoñecidas  | 25.716.784.137                          | -722.170.297                 | 24.994.613.840        |
| Propostas de pago    | 34.635.786.962                          | 0                            | 34.635.786.962        |
| Pagos ordenados      | 745.256.727                             | 0                            | 745.256.727           |
| <b>TOTAL</b>         | <b>61.097.827.826</b>                   | <b>-722.170.297</b>          | <b>60.375.657.529</b> |
| <b>DIFERENCIA</b>    |   |                              | <b>28.360.296.981</b> |

Fonte: Liquidación da Conta Xeral da Administración da Xunta de Galicia de 1997.

Resultado da execución extrapresupostaria:

O saldo destas operacións resulta deficitario en 57.735 millóns de pesetas, tal e como mostra o seguinte cadro:

U.M.: Pesetas

| EXTRAPRESUPOSTARIOS    |                          |                       |                          |                          |                            |                          |
|------------------------|--------------------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|----------------------------|--------------------------|
| AGRUPACIÓN             | INGRESOS                 | PDTE. INGRESO A 31-12 | TOTAL                    | PAGOS                    | PDTE. PAGO A 31-12 / SALDO | TOTAL                    |
| DEBEDORES              | 24.179.131.012           | 868.079.649           | 25.047.210.661           | 24.870.088.581           |                            | 24.870.088.581           |
| ACREDORES              | 94.958.520.898           |                       | 94.958.520.898           | 97.331.524.334           | 25.613.440.108             | 122.944.964.442          |
| P. PDTES. APLIC. INGR. | 976.422.797.622          |                       | 976.422.797.622          | 991.218.988.747          | 22.555.567.680             | 1.013.774.556.427        |
| P. PDTES. APLIC. PAGOS | 4.740.743.088            |                       | 4.740.743.088            | 4.727.510.796            | 149.896.582                | 4.877.407.378            |
| MOV. INT. TESOURERÍA   | 710.461.744.612          |                       | 710.461.744.612          | 712.923.900.971          | -2.427.807.716             | 710.496.093.255          |
| O. CONTAS DE RELAC.    | 297.516.301.936          |                       | 297.516.301.936          | 276.110.214.236          | 13.809.176.193             | 289.919.390.429          |
| <b>TOTAL</b>           | <b>2.108.279.239.168</b> | <b>868.079.649</b>    | <b>2.109.147.318.817</b> | <b>2.107.182.227.665</b> | <b>59.700.272.847</b>      | <b>2.166.882.500.512</b> |
| <b>DIFERENCIA</b>      |                          |                       |                          |                          |                            | <b>-57.735.181.695</b>   |

Fonte: Liquidación da Conta Xeral da Administración da Xunta de Galicia de 1997.



## **VI Conclusiones**



## VI. CONCLUSIÓNS

### 1. Consideracións xerais:

1.1. O sistema de rexistro contable, no ano 1997, non informa sobre a cuantificación, en unidades físicas e monetarias dos programas que desenvolven os obxectivos, para poder establece-las diferencias entre o previsto e o real. Circunstancia que imposibilita unha opinión en termos de eficiencia e economía.

1.2. A adaptación de créditos realizada polo Acordo do Consello da Xunta, para dar cumprimento ó establecido polo artigo 8 da Lei 11/96, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1997, comprende os compromisos de gastos e o importe máximo das obrigas a recoñecer no exercicio. A cuantificación global do recoñecemento das obrigas, pode producir desviacións entre o rexistro contable e a realidade económico-financiera, ou presupostaria.

1.3. No rexistro de determinados feitos utilízase o principio de caixa e non o de devengo, establecido pola Orde do 1 de decembro de 1989.

### 2. Modificacións presupostarias:

2.1. As modificacións presupostarias presentan defectos de carácter formal, nas memorias, informes de intervención e motivación da modificación, que non impiden a súa tramitación.

2.2. Non se efectúan modificacións nos presupostos de ingresos, nos casos que proceden.

2.3. As incorporacións de crédito procedentes dos remanentes do exercicio 1996, do capítulo I "Gastos de persoal", se aplican ó capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos", cunha interpretación non acertada, de acordo coa xustificación aportada e as normas establecidas.

3. Observacións ós ingresos e gastos nos que a Administración realiza a función de intermediación:

3.1. A interpretación para rexistra-los ingresos e gastos pola participación das corporacións locais nos ingresos do Estado, difire do establecido pola Comisión de principios e normas contables públicas, como consecuencia da súa inclusión na lei que regula os presupostos do exercicio.

### 4. Transferencias correntes:

4.1. Nalgúns expedientes non queda constancia da aplicación obxectiva dos criterios establecidos para determina-las concesións que se propoñen, nin da aplicación de baremos.

4.2. No caso de subvencións instrumentadas en convenios, non queda constancia, nalgún expediente, da súa remisión á Dirección Xeral de Relacións Institucionais, como establece a Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 08/04/91.

4.3. Nas subvencións á gratuidade de centros de preescolar, apréciase unha tendencia xeralizada dos diversos órganos que interveñen na tramitación destas subvencións na equiparación, en certos aspectos, co réxime de concertos escolares establecido mediante o Real Decreto 2377/85, observándose que estamos ante unha actividade con regulación propia, no artigo 78 da Lei 11/92, e na norma da convocatoria.

4.4. Nos casos de subscripción de concertos educativos con entidades de titularidade colectiva, non consta no expediente a documentación xustificativa da identificación da personalidade xurídica, nin poder bastantado da persoa física que actúa na súa representación.

4.5. Impútanse ó expediente de gastos de concertos de formación profesional, obrigas derivadas do curso precedente, non previsto no momento de autorizar e comprometerlo gasto.

- 4.6. Obsérvase o recoñecemento a fin de exercicio de obrigas de pago ó amparo do artigo 6º do Decreto 21/92, da Consellería de Economía e Facenda, sen aportarse xustificación documental da finalización da actividade subvencionada.
- 4.7. A documentación xustificativa do gasto realizado non sempre garda relación coa realización das actividades subvencionables nos termos que se indican no convenio.
- 4.8. Na compensación económica contemplada pola Lei 1/96, de asistencia xurídica gratuita, desenvolvida polo Decreto 146/97, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuita na Comunidade Autónoma de Galicia, obsérvase a falta de xustificación ante a Administración, por parte dos colexios de avogados, da aplicación dos fondos recibidos, nos termos que establece o Decreto, e da remisión da memoria sobre o funcionamento dos servizos que afectan á asistencia xurídica gratuita.
- 4.9. Ponse de manifesto a insuficiencia de crédito presupostado para atender as obrigas que se derivan da realización das actividades contempladas pola Lei 1/96.
- 4.10. En materia de subvencións pódese concluí-la necesidade dunha regulación das mesmas, de maneira que a concesión, xestión e control se realice dunha forma análoga para os diversos departamentos da Administración. No momento de redactar este informe, a Lei 8/99, do 30 de decembro, de medidas fiscais, presupostarias e de función pública e actuación administrativa, modifica os artigos 78 e 79 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e presupostario aprobada polo Decreto Lexislativo 1/99, regulando dun modo máis completo as axudas e subvencións públicas.
5. Investimentos reais:
- 5.1. A Xunta de Galicia aplica criterios establecidos na contratación pública, que producen duplicidade nos de valoración nas fases de admisión e adxudicación que son independentes e que non proceden.
- 5.2. A tramitación polo procedemento de urxencia, en xeral, encóntrase insuficientemente motivada, limitándose a transcribirlo contido dos preceptos legais que permiten a utilización deste recurso.
6. Transferencias de capital:
- 6.1. A Administración concede subvencións co requisito da entrega de libros (para campañas de fomento da lectura e promoción e difusión), para efectuar-lo pago da mesma. Este procedemento non é adecuado para a figura da subvención, que non require contraprestación, procedendo en dito caso a modalidade de subministración contemplada na Lei de contratos das Administracións Públicas.
- 6.2. En xeral, obsérvase a necesidade de concretar e clasificar as actividades a realizar e os gastos admisibles como subvencionables con cargo ó presuposto de gastos.
7. Enbedamento e gastos financeiros:
- 7.1. A Administración cumpre co límite cuantitativo establecido pola Lei Orgánica de financiación das Comunidades Autónomas no seu artigo 14.2.b), para o endebedamento a longo prazo.
- 7.2. A conta xeral de endebedamento non desglosa a información sobre as operacións formalizadas en divisas.
- 7.3. Non se rexistra a carga financeira con imputación a exercicios futuros ó amparo do artigo 58.1. da Lei 11/92.
- 7.4. O valor das operacións en divisas, recollido no balance de situación a 31/12, non ten en conta o tipo de cambio aplicable a esa data.
- 7.5. Os gastos financeiros rexistrados en 1997, presentan unha diminución do 9,1% respecto ó exercicio anterior.

## 8. Tesourería:

- 8.1. As operacións de tesourería, con prazo de vixencia inferior a un ano respetan o límite sinalado pola Lei de presupostos de 1997.
- 8.2. A conta de tesourería preséntase de acordo coas agrupacións previstas na Circular 2/94.
- 8.3. O importe das existencias finais en valores, que figuran na conta de tesourería ó 31/12/97, non coinciden cos rexistrados nos balances de comprobación e de situación en dita data, ó non incorpora-las contas (072) Tesourería: certificacións descuberto e (077) Estado certificacións trámite, para establece-la igualdade cuantitativa na información facilitada.
- 8.4. O remanente de Tesourería non distingue o afectado do non afectado.
- 8.5. O remanente bruto de Tesourería a 31/12/97, foi dun valor negativo de -27.558,3 millóns de pesetas, e observamos que non se corresponde co establecido polo artigo 81.4. da Lei 11/92, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

## 9. Presupostos pechados e operacións extrapresupostarias.

- 9.1. Rexístranse na agrupación de presupostos pechados, obrigas e dereitos, e na de extrapresupostarios operacións que poideran estar en causa de prescripción.

## 10. Exercicios futuros:

- 10.1. Ponse de manifesto a falta de rexistro dos compromisos con cargo a exercicios futuros derivados de convenios plurianuais nos que se prevén subvencións que abarcan varios exercicios.

- 10.2. Rexístranse compromisos plurianuais con cargo ós capítulos I.- “Gastos de persoal” e VIII.- “Activos financeiros”, que teñen difícil acomodo no artigo 58 da Lei 11/92, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

## 11. Patrimonio:

- 11.1. Non se puido dispoñer do inventario dos bens mobles da Administración.

## 12. Garantías: Avais:

- 12.1. Continúa vixente o aval concedido o día 03/06/85, o saldo reflectido pola Administración a 31/12 é de 39.316.260 pesetas, dos que 37.500.000 pesetas, corresponden ó principal e 1.816.260 pesetas, a intereses reclamados polas entidades financeiras a decembro de 1987.
- 12.2. Como xa se indicou nos informes de fiscalización precedentes, deberán terse en consideración os intereses de demora que poidesen reclamar no seu caso as entidades financeiras ata a data, salvo situación de prescripción.

## 13. Resultados:

- 13.1. Os resultados do exercicio corrente, mostran un déficit de -1.479 millóns de pesetas. Os de exercicios pechados, un superávit de 28.360 millóns de pesetas. O resultado presupostario, acumulado, reflicte un superávit de 26.881 millóns de pesetas (28.360 - 1.479).

Os de operacións extrapresupostarias, rexistran un déficit de -57.735 millóns de pesetas.



## **VII Consideración final**





## VII. CONSIDERACIÓN FINAL

A Conta Xeral da Administración da Xunta de Galicia do exercicio 1997, informa das operacións rexistradas que xeraron os fluxos de ingresos e gastos realizados polas Consellerías que integran a Administración, dos que a formulación é responsabilidade da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

O traballo de fiscalización da actividade realizada polas Consellerías, efectuouse de acordo coas normas legais, as mostras estatísticas selectivas determinadas para iso, e a aplicación dos principios de contabilidade xeralmente aceptados para o sector público, que permite informar da opinión razoable da interpretación e rexistro dos feitos que compren-

den a execución dos programas aprobados no presuposto.

As observacións que se poñen de manifesto, no conxunto das operacións realizadas, permiten opinar que a Conta Xeral da Administración da Xunta de Galicia representa razoablemente a actividade económico-financeira realizada no exercicio 1997. Non obstante, consideramos necesario formula-las recomendacións que se detallan no apartado VIII do informe.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2000.



## **VIII Recomendaciones**



## VIII. RECOMENDACIÓNS

Establece-los indicadores que permitan cuantificar, en unidades físicas e monetarias, os programas que desenvolven os obxectivos, para poder establece-las desviacións entre o previsto e o real para informar sobre os resultados obtidos.

Adapta-la contabilidade da Administración da Xunta de Galicia, co fin de homologa-lo rexistro contable co plan marco do sector Público.

Subsana-los defectos de carácter formal que presentan as memorias, os informes de intervención, e a motivación da modificación, que anque non impiden a súa tramitación, non se adecúan á normativa que as regula.

Realiza-las modificacións de ingresos que procedan co fin de mante-lo principio de equilibrio presupostario.

Interpretar extrapresupostariamente o rexistro dos fondos das Corporacións Locais pola participación dos Concellos e as Deputacións nos ingresos do Estado, por ser máis acorde coa natureza de intermediación que realiza a Comunidade Autónoma entre o Estado e as distintas corporacións.

Aplicar, non só na documentación contable, o establecido pola Circular 6/86, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, para todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos e obrigas de contido económico.

Presuposta-lo crédito suficiente para atende-las obrigas derivadas das actividades contempladas pola Lei 1/96, de asistencia xurídica gratuita.

Considera-la aplicación do principio de devengo no rexistro contable dos ingresos e os gastos, conforme ó establecido pola Orde do 1 de decembro de 1989.

Distingui-lo remanente de tesourería afectado a 31 de decembro.

Regulariza-lo remanente de tesourería negativo mediante as baixas de créditos oportunas.

Detallar e valorar, de acordo cos principios contables públicos, a débeda en divisas.

Rexistra-los compromisos con cargo a exercicios futuros derivados de convenios plurianuais.

Aporta-lo inventario valorado de bens mobles da Administración.

Depurar e regulariza-las obrigas e dereitos que debido ó transcurso do tempo poideran estar prescritas.

Adecua-los saldos a fin de exercicio das contas extrapresupostarias co establecido na Orde do 1 de decembro de 1989.

Regulariza-la situación do único aval vixente na Administración, concedido polo Decreto 89/85.



## **IX Seguimento das recomendacións efectuadas polo Consello de Contas**





## **IX. SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS**

As observacións postas de manifesto nos informes de fiscalización precedentes, son obxecto de seguimento por parte do Consello de Contas, para comprobar, en que medida, as recomendacións recollidas nos mesmos, son atendidas pola Administración.

Durante a confección do informe do exercicio de 1997, poidemos observa-lo seguinte:

Pola Lei 8/99, do 30 de decembro, de medidas fiscais, presupostarias e de función pública e actuación administrativa, modifícanse os artigos 78 e 79 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e presupostario, aprobada polo Decreto Lexislativo 1/99, polo que se regulan dun modo máis completo as axudas e subvencións públicas.

A conta de tesourería preséntase conforme coas agrupacións previstas pola Circular 2/94.



## **X Glosario**



## X. GLOSARIO

A = Autorización.

AD = Autorización e disposición.

ADOK = Autorización, disposición, obriga e proposta de pago.

Admón. = Administración.

Art. = Artigo

Arts. = Artigos.

B.E.I. = Banco Europeo de Investimentos.

C.A. = Comunidade Autónoma.

Cap. = Capítulo.

C.D. = Crédito definitivo.

C.G.A.C. = Centro galego de arte contemporánea.

CC.LL. = Corporacións Locais.

C.I. = Crédito Inicial.

C/P = Curto prazo.

CPTOPV = Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

D = Disposición.

D.N.I. = Documento nacional de identidade.

D.O.C.E. = Diario oficial da Comunidade Europea.

D.O.G. = Diario Oficial de Galicia.

D.P. = Débeda Pública.

D.R. = Dereitos recoñecidos

FCI = Fondo de Compensación Interterritorial.

FIOGA = Fundación para os investimentos de orixe galega.

F.I.P. = Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional.

Xral. = Xeral.

I = Crédito Inicial.

ICO = Instituto de Crédito Oficial.

IGAPE = Instituto Galego de Promoción Económica.

Inst. = Instituto.

IRPF = Imposto sobre a renda das persoas físicas.

I.X.T.E. = Imposto xeral sobre tráfico de empresas.

IVE = Imposto sobre o valor engadido.

K = Proposta de pago.

LCAP = Lei de contratos das administracións públicas.

L.O. = Lei Orgánica.

LOFCA = Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiación das comunidades autónomas.

L/P = Longo Prazo.

M.C. = Modificación de crédito.

MEGA = Mellora eléctrica de Galicia.

Nº. = Número.

O = Obriga.

OK = Obriga e proposta de pago.

OO.AA. = Organismos Autónomos.

P = Pago.

P.P.A. = Partidas pendentes de aplicación.

PIE = Participación Ingresos do Estado.

PTOPV = Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

RC = Retención de crédito.

R.D. = Real Decreto.

S.A. = Sociedade anónima.

S.S. = Seguridade Social.

Sergas = Servicio Galego de Saúde.

Sogama = Sociedade galega de medio ambiente.

T = Créditos definitivos.

TVG = Televisión de Galicia.

U.E. = Unión Europea.

U.M. = Unidade Monetaria.

XUMCO = Sistema contable da Xunta.